

ORACIONAL
GALEGO



SEPT

ORACIONAL GALEGO



AS EDICIÓNS DO ADRO

SEPT

Primeira edición, abril 1991
Segunda edición, nidal 2003

ORACIONAL GALEGO

Miguel Anxo Araújo Iglesias
Ramiro González Cougil

Edita:

SOCIEDADE DE ESTUDOS, PUBLICACIÓNS
E TRABALLOS (SEPT)
Santiago de Compostela
Departamento Comercial:

Imprime:

Obradoiro Gráfico, S. L.
Polígono do Rebullón, 52-D, 36416 Mos (Pontevedra)
I.S.B.N.: 84-7337-037-6
Dep. Legal: VG-994-2003

LIMIAR

O pobo de Deus ó Tongo dos séculos viviu sempre a súa principal experiencia de fe en comunión eclesial. O libro dos Feitos dos Apóstolos amósano-la imaxe ideal da igrexa, precisamente rezando todos xuntos con María, a Nai de Xesús (Feit. r,14). A oración asidua e en Igrexa define o grupo aínda xerminar dos discípulos de Xesús (Feit 2,42).

Pasando o tempo, a Igrexa concretou o mandado do seu Mestre de "orar sen interrupción" (Lc r8,1; Ef 6,18)

A reforma do Vaticano II propúxose como obxectivo fundamental facer da oración de toda a comunidade cristiá "a voz da mesma Esposa que lle fala ó Esposo; máis aínda (...) a oración de Cristo co seu Colpo ó Pai" (SC 82; OGLH 9). Deste xeito a Eucaristía e maila Liturxia das Horas estenden cada día a loanza de Cristo ó seu Pai, aquí na tema (SC 3883j; OGLH 12).

Pero aínda que a Eucaristía e a Liturxia das Horas son "o cumio e a Ponte" (SC 10) de toda oración cristiá, non por iso esgotan "toda a vida espiritual" (SC 12).

Por iso a oración litúrxica e comunitaria non se opón senón que se completa coa oración "no segredo" (Mt 6,6; SC 12) . Deste xeito, orando en comunidade e "no segregado" ponse na práctica a oración sen interrupción (1 Tes 5,17) .

Nos anos de posconcilio non sempre se tivo isto claro, e, ás veces, ó presenta-lo obxectivo da oración en común como esencial á comunidade cristiá (SC 12), esqueceuse que a oración de tipo devocional enriquece e completa a oración litúrxica (eclesial).

A partir da década dos 70, co redescubrimiento da piedade popular, comezouse a valora-las formas e xeitos de expresión orante piadoso devocionais. A relectura máis pausada e equilibrada do Concilio verteu luz sobre o terreo dos actos piadoso devocionais.

A participación litúrxica, coa asimilación da palabra de Deus, é a fonte primeira do vivir cristián (SC 12, 14; 24), pero os actos devocionais preparan e desenvolven o celebrado na Liturxia. Unha e os outros constitúen o alimento completo da vida espiritual.

O Concilio pediu unha harmonía equilibrada entre a Liturxia e os actos devocionais, de xeito que os exercicios piadosos se fagan de acordo cos tempos

li-

túrxicos (SC 13) . Isto esixe ter un sentido claro do espírito de cada tempo para seleccionar aqueles actos que complementan as celebracións litúrxicas.

Debe se-la Liturxia a que xerarquice os actos piadosos. Isto quere dicir que son os actos devocionais os que teñen que beber do contido rico da Liturxia: palabra comunitario, presenza real do Cristo polo Espírito, etc. Deste xeito será verdade a súa derivación da Liturxia (SC 13).

O oracional que agora presentamos é o primeiro que ve a luz na nosa lingua galega. Contén fórmulas de oración moi variadas. A nosa vontade é que os fieis encontren nel unha resposta axeitada para as distintas necesidades e esixencias de oración.

En primeiro lugar ofrecémo-las oracións máis común e usuais do cristián (1); logo, as que se dirixen ó Pai, Fillo e Espírito Santo (2) para fomenta-la fe nas tres divinas Persoas. Nesta mesana liña están os textos do Ordinario da Misa (5), o "Viacrucis" (7) e o "Camiño da Luz" (Resurrección) (9) .

Na liña das devocións máis concretas están as oracións para a adoración do Santísimo (6), a devoción a santa María (10), ós santos (12) e as gregorianas polos defuntos (11).

Na liña dos sacramentos, ademais das fórmulas contidas nos apartados xa mencionados (5 e 6) ofré-

cense oracións para outros sacramentos (7) e sacramentais (algunhas bendición) (13).

Por último como testemuño de oración e ritmo do tempo, ofrecémo-la oración da mañá (laudes) e do serán (vésperas) (3) e algunhas oracións para os tempos litúrxicos (4).

Desexamos vivamente que este oracional contribúa de verdade a que os galegos expresen, na súa doce lingua nai, a fe dos seus devanceiros e da Igrexa nai.

Os Autores.



AS ORACIÓNS)(ERAIS

1. O SINAL DA CRUZ

Polo sinal + da santa Cruz
dos nosos + inimigos
líbranos, Señor + noso Deus.
No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.
Amén.

2. O NOSO PAI

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Dános hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
máis líbranos do mal. Amén.

3. AVE MARIA

Ave María, chea de gracia,
o Señor está contigo,
bendita es ti entre tódalas mulleres
e bendito é o froito
das túas entrañas, Xesús.
Santa María, Nai de Deus,
roga por nós, pecadores,
agora e na hora da nosa morte. Amén.

4. GLORIA Ó PAI

Gloria ó Pai e ó Fillo e ó Espírito Santo.
Como era no principio, agora e sempre,
polos séculos dos séculos. Amén.

5. CREDO

Creo en Deus, Pai todopoderoso,
creador do ceo e mais da terra.
Creo en Xesucristo, e seu único Fillo, noso Señor,
que foi concibido por obra e gracia
do Espírito Santo e naceu da Virxe María.
Padeceu no tempo de Poncio Pilato,

foi crucificado, morto e sepultado,
descendeu ós infernos.
O terceiro día resucitou de entre os mortos,
subiu ó ceo, onde está á dereita do Pai,
e de alí viró xulgar-los vivos e os mortos.
Creo no Espírito Santo,
na santa Igrexa católica,
na comunión dos santos,
na resurrección dos mortos
e tamén na vida eterna. Amén.

6. A CONFESIÓN

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente
e tamén diante de vós, meus irmáns,
pois teño pecado moito
de pensamento, de palabra, de obra e de omisión,
pola miña culpa, pola miña culpa,
pola miña grandísima culpa.
Por iso lle pido á benaventurada Virxe María,
a tódolos Anxos e Santos do ceo
e a vós tamén, meus irmáns,

que rogedes por m n a
Deus, o noso Pai.

7. ACTO DE CONTRICIÓN

Meu Señor Xesucristo,
verdadeiro Deus e verdadeiro home,
meu Salvador e redentor:
Por seres Ti a Bondade infinita
e porque te quero sobre tódalas cousas,
pésame de todo corazón por te ter ofendido,
pésame tamén porque me podes castigar
coas penas do inferno.
Prométoche, coa axuda da túa gracia,
nunca máis pecar, confesarme
e cumpri-la penitencia
que me poñan. Amén.

8. SALVE

¡Salve, Raíña,
Nai de misericordia!
Vida, dozura e esperanza nosa, ¡Salve!
Por ti chamamos

os desterrados, fillos de Eva.
Por ti salaíamos,
sufrindo e chorando neste val de bágoas.
Por isto, Señora e avogada nosa,
volve cara a nós eses teus ollos misericordiosos.
E, despois deste desterro,
móstranos a Xesús, froito bendito do teu seo.
¡Clementísima,
piadosa,
doce Virxe María!
Roga por nós, Santa Nai de Deus,
para que sexamos merecentes das promesas de
Cristo, noso Señor. Amén.

9. A NOSA SEÑORA

¡Señora, miña naiciña! Eu ofrézome todo a ti,
e en proba do amor de filio, conságroche neste día:
os meus ollos, os meus oídos, a miña lingua,
o meu corazón
e todo o meu ser.
E xa que son todo teu, Nai de piedade,
gárdame e deféndeme coma cousa túa. Amén.

10. A SAN XOSE

Deus que con inefable providencia
 te dignaches escoller
 a san Xosé para esposo da túa santa Nai;
 pregámosche fagas
 que, así como nós o veneramos
 coma protector na terra,
 sexa el o noso intercesor no ceo.
 Señor que vives e reinas por sempre eternamente.
 Amén.

11. ANXO DA GARDA

Santo Anxo do Señor, meu fiel gardador, xa
 que a bondade divina a ti me encomendou
 gárdame, aluméame e gobiérname sempre. Amén.

12. ÁNGELUS

O anxo do Señor tróuxolle o anuncio a María.
 - E María concibiu do Espírito Santo Ave
 María...

Velaquí a escrava do Señor.
 - Fágase en mM conforme á túa palabra.
 Ave María...
 E o Verbo fíxose carne.
 - E, habitou entre nós.
 - Ave María...
 Roga por nós, santa Nai de Deus.
 Para que sexamos merecentes das promesas de
 Cristo. Amén.
 Oremos:
 Señor, noso Deus, concédenos ós teus fieis
 gozar sempre de saúde na alma e no corpo.
 Que, pola gloriosa intercesión
 de santa María sempre Virxe,
 nos vexamos libres das tristezas desta vida
 e gocemos das alegrías da vida eterna.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

13. REGINA COELI

Raiña do ceo, alégrate, aleluia.
 - Porque o Señor a quen mereciches levar, aleluia,
 resucitou, conforme a súa palabra, aleluia. Goza e
 alégrate, Virxe María, aleluia,

- Porque de verdade resucitou o Señor, aleluia.

Oremos:

Deus, noso Pai,

pola resurrección do teu Fillo,

noso Señor Xesucristo,

enches de alegría o mundo enteiro.

Concédenos, pola intercesión

da súa Nai María, a Virxe,

alcanza-los gozos da vida eterna.

Por Cristo, noso Señor. Amén.

14. ORACIÓN PARA BENDICIR A MESA

Bendito sexas, Señor, rei do universo.

Da túa bondade recibimos estes alimentos,
que son froito da terra e do traballo dos homes,
e que agora irnos compartir.

Bendice a tódolos que nos xuntamos
arredor desta mesa. Por Xesucristo, noso Señor.
Amén.

15. ORACIÓN POLA IGREXA UNIVERSAL

Deus, noso Pai,

ti dispuxeches con admirable providencia

que o reino de Cristo se espallase por toda a terra
e que tódolos homes lograsen

a redención salvadora.

Pedímosche que a túa Igrexa

sexa para todos sacramento universal de salvación

e manifeste e realice o misterio

do teu amor ós homes.

Por Cristo, noso Señor. Amén.

16. ORACIÓN POLA DIOCESE

Deus, noso Pai,

en cada unha das Igrexas espalladas

ó longo do mundo,

manífesta-lo misterio da Igrexa

unha, santa, católica e apostólica.

Fai que o teu pobo viva unido ó seu pastor

e sexa congregado no Espírito Santo

polo Evanxeo

e a Eucaristía,

para que se manifeste a universalidade do teu pobo

e se volva instrumento da presenza de Cristo

no mundo.

Por Cristo, noso Señor. Amén.

17. ORACIÓN POLO PAPA

Deus, noso Pai,
 pola túa providencia quixeches edifica-la túa Igrexa
 sobre a pedra de Pedro, príncipe dos apóstolos.
 Oíla con agarimo ó noso Papa N.
 e, xa que o fixeches sucesor de san Pedro,
 faino alicerce visible da unidade da fe
 e da unión do teu pobo.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

18. ORACIÓN POLO BISPO

Señor, pedímosche, lle concedas ó teu servo N.
 a quen puxeches ó fronte do teu pobo
 como sucesor dos apóstolos,
 espírito de consello e fortaleza, de ciencia e piedade.
 Axúdao a gobernar fielmente o pobo
 que lle confiaches
 e edifica-la Igrexa do mundo,
 como sacramento universal de salvación.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

19. ORACIÓN POLOS SACERDOTES

Deus, noso Pai,
 ti constituíche-lo teu Fillo unixénito
 sumo e eterno sacerdote.
 Pedímosche que a aqueles que elixiches
 para administraren e distribuíren os teus misterios,
 os atopas fieis no cumprimento
 do ministerio que recibiron.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

20. ORACIÓN POZAS VOCACIÓNS
SACERDOTAIS

Señor, ti dispuxeches, na túa providencia,
 que houbese pastores para o teu pobo. Verte
 sobre a túa Igrexa o espírito de piedade e
 fortaleza,
 que faga xurdir neta ministros
 que sirvan dignamente
 o teu altar
 e que anuncien con valentía e bondade
 o teu Evanxeo.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

21. ORACIÓN POLOS RELIXIOSOS

Deus, noso Pai,
 ti que pos no corazón dos homes a súa vocación
 e lés dá-la forza de a realizaren,
 dirixe os teus fieis polo camiño da salvación.
 Fai que, cantos se consagraron a ti deixándoo todo,
 sigan fielmente a Cristo
 e, renunciando ó poder e ós bens deste mundo,
 te sirvan a ti e a seus irmáns,
 con espírito de pobreza e humildade de corazón.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

22. ORACIÓN POLOS LAICOS

Deus, noso Pai,
 ti puxéche-lo Evanxeo,
 como fermento que levedase o mundo para unha
 vida nova.
 Enche co espírito de Cristo
 os que chamaches a viviren cristianamente
 no medio do mundo.
 Axúdaos a que polo seu traballo na terra
 contribúan á edificación do teu reino.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

23. ORACIÓN POLA UNIDADE DOS CRISTIÁNS

Deus todopoderoso e eterno,
 ti xúnta-lo que está espallado
 e consérvalo que xuntaches.
 Ó 1a con amor ó pobo do teu Fillo,
 de xeito que cantos recibiron un mesmo bautismo,
 vivan unidos na mesma fe e no mesmo amor.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

24. ORACIÓN POLA EVANXELIZACIÓN
DOS POBOS

Deus, ti mandáche-lo teu Fillo ó mundo,
 para que fose a súa luz verdadeira.
 Verte o Espírito que nos prometiches,
 para que semente a verdade no corazón dos homes
 e os dispoña á obediencia da fe,
 e así tódolos homes nazan á nova vida
 polo bautismo
 e merezan ser membros do teu único pobo.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

25. ORACIÓN POLOS QUE GOBERNAN

Deus todopoderoso e eterno,
 ti tes nas mans os corazóns dos homes
 e os dereitos dos pobos.
 Oílla con piedade ós que nos gobernan
 para que, coa túa axuda,
 a prosperidade, a paz e maila liberdade reldbosa
 reinen nos pobos do mundo.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

26. ORACIÓN POLA PAZ

Señor, ti es Deus da paz; é milis, ti e-la mesma paz.
 Quen sementa a discordia non te pode comprender,
 nin te pode acolle-lo que ama a violencia.
 Fai que os que viven na concordia
 perseveren nese ben,
 e que os que viven na discordia,
 esquecendo o seu odio, sanden dese mal.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

27. ORACIÓN DA SEMENTEIRA

Señor, contando coa túa axuda,
 botámo-la semente na tema,

para que ti a multipliques.
 Ti e-lo único que podes facela medrar:
 fai con xenerosidade o que nós somos conscientes
 de non pódermos lograr co noso traballo.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

28. ORACIÓN PARA DESPOIS DA CO!!F,ITA

Señor, dámosche gracias polos froitos
 que a terra produciu para mantenza dos homes.
 Que a túa providencia suprema,
 que os fixo xurdir da terra,
 faga tamén nacer nos nosos corazóns
 a semente da xustiza e os froitos do amor.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.


29. ORACIÓN PARA PEDI-LA CHUVIA

Deus, noso Pai,
 en ti vivimos, movémonos e existimos.
 Dáno-la chuva que tanto necesitamos,
 para que, seguros do noso pan,

busquemos con confianza os bens da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor. Amén.

30. ORACIÓN PARA CALQUERA NECESIDADE

Señor, noso Deus.
ti es refuxio nas dificultades,
forza na enfermidade e consolo na tristura.
Dálle o perdón ó teu pobo,
para que, purificado polo sufrimento,
sinta o alivio da túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor. Amén.



ORACIÓNS TRINITARIAS

1. A DEUS PÁ, PÍLLO E ESPÍRITO SANTO

A ti, noso Deus, louvámoste,
a ti proclamámoste noso Señor.
A ti, Pai eterno,
venérate a terra enteira.
A ti os anxos todos, os ceos
e tódalas potestades:
os querubíns e serafíns
proclámante sen cesar:
Santo, Santo, Santo es ti, Señor.
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa maxestade da túa gloria.
A ti lóuvate o glorioso coro dos apóstolos,
a ti o vermello exército dos mártires.
A ti proclámate a Igrexa santa
ó longo da terra:
Pai de inmensa maxestade;
Filio único e verdadeiro, digno de veneración
e Espírito Santo Consolador.

Ti, Cristo, e-lo Rei da gloria.
 Ti e-lo Fillo eterno do Pai.
 Ti, que asumiría-la humanidade para liberala
 non tendo medo de entrar no seo da Virxe.
 Ti, destruído o aguillón da morte,
 abrícheslles ós que cren o reino dos ceos.
 Ti, sentas á dereita de Deus
 na gloria do Pai.
 Cremos que virás un día coma Xuíz.
 Rogámosche, pois, que socorras ós teus servos,
 que redimiches co teu precioso sangue.
 Concédenos ser contados
 cos teus santos na gloria sen fin.

2. A DEUS PAI E Ó SEU FILLO

Dámosche gracias, noso Pai,
 polo teu santo nome
 que fixeches habitar nos nosos corazóns,
 e pola sabedoría, a fe e a vida
 que nos revelaches
 por medio de Xesucristo, teu servo.
 A ti gloria por sempre eternamente. Amén.
 Ti, Señor todopoderoso, creaches tódalas cousas
 para gloria do teu nome

e décheslles ós fillos dos homes
 un alimento e unha bebida para que te loen;
 pero a nós déchesnos
 un alimento e unha bebida espirituais
 e a vida eterna por medio de Xesús, teu servo.
 Dámosche gracias porque es poderoso.
 A ti gloria por sempre eternamente. Amén.
 Acórdate, Señor, da túa Igrexa;
 libéraa de tódolos males,
 faina perfecta no teu amor,
 reúnea dos catro ventos, santificada,
 no teu Reino, que preparaches para ela.
 Pois teu é o poder e a gloria
 por sempre eternamente. Amén.
 ¡Veña a túa gracia e pase este mundo!
 ¡Hosanna ó Deus de David!
 O que sexa santo que se achegue,
 o que non o é que se converta.
 ¡Ven, noso Señor! Amén.

3. A DEUS PAI

Ti es santo, Señor, Deus todopoderoso,
 Pai do noso Señor Xesucristo,

paraíso de delicias, cetro real,
 amor esplendente, esperanza certa,
 vontade impenetrable, gloria, ouro de lei.
 Ti es santo, Señor Deus,
 Rei de Reis e Señor de Señores:
 ti o só inmortal, que vives nunha luz inaccesible,
 e ninguén te viu nunca.
 Os querubíns son o teu trono;
 móveste sobre as ás do vento;
 creáche-lo ceo, a terra e mailo mar
 e todo o que eles encerran.
 Fas do vento o teu mensaxeiro
 e do lume que queima, o teu servo;
 formáche-lo home á túa imaxe e semellanza,
 medíche-lo ceo e a terra coa palma
 da túa man santa,
 e todo é fermoso na túa presenza.

4. A XESUCRISTO

a) Se propicio, Señor, cos teus discípulos,
 Pai, guía de Israel, Pai e Filio ó mesmo
 tempo. Concédenos, que seguindo os teus
 preceptos, nos fagamos semellantes ó modelo
 e experimentémo-la bondade de Deus,

non a severidade do seu xuízo.

Concédenos a todos vivir en paz
 e no camiño cara á cidade santa,
 atravesar serenamente as augas do pecado,
 guiados polo teu Santo Espírito,
 da túa inefable sabedoría.
 Concédenos orar dando gracias
 día e noite, ata o derradeiro respiro,
 e dar gracias ó único Pai e Filio,
 co Santo Espírito: nel todo existe e é unidade.

b) Cristo, Señor dos santos,
 Palabra incorruptible do Pai altísimo,
 Príncipe da sabedoría,
 sostén nas fatigas, gozo eterno.
 Xesús, Salvador do xénero humano,
 pastor, agricultor, timón, freo,
 estrela celeste do grupo dos santos.
 Pescador de homes, que vés salvar
 do mar dos vicios,
 recolle os peixes puros da onda tremente
 e lévaos a unha vida feliz.
 Guíanos, Pastor do rabaño dos homes;
 Ti, o Santo, governa os fillos que santificaches.
 Os teus pasos, Cristo, son camiño do ceo.
 Verbo eterno, tempo que non acaba,

lume inmortal, fonte de misericordia,
autor de virtudes, premio impagable de
quen loa ó Altísimo.

5. Ó ESPIRITO SANTO

a) Ven, Espírito Creador,
visita as almas dos teus fieis,
enche coa túa divina gracia
os corazóns que ti creaches.
Ti que es chamado Paráclito,
regalo do Deus altísimo,
fonte viva, lume,
amor e unción do espírito.
Ti, o dos sete dons,
o dedo da dereita divina.
Ti, promesa formal do Pai,
que inspíra-las nosas palabras.
Acende a luz nos sentidos,
infunde amor nos nosos corazóns,
confortando a fraqueza do noso corpo
coa túa axuda continua.
Arreda sempre máis o inimigo
e dános axiña a túa paz,

para que así, guiándonos ti,
evitemos todo mal.
Fai que por ti coñezámo-lo
Pai, e coñezámo-lo Fillo, e
creamos sempre en ti, Espírito,
que xordes de ámbolos Bous.
Gloria sexa dada ó Pai e ó
Fillo resucitado e tamén ó
Paráclito, por sempre
eternamente. Amén.

b) Espírito que dá-la vida,
vivifícame e restaura
todo o que está apagado en min
fronte ó teu amor.
Deus, amor que me creaches,
créame de novo no teu amor.
Amor que me rescataches,
suple e rescata en mM todo o que
pola miña nugalla perdín do teu amor,
Deus, que me compraches para ti
polo sangue do teu Cristo,
santifícame na verdade.
Deus, amor, que me escolliches para ti ó
fai que viva unido enteiramente a ti.
Deus, amor, que me amaches gratuitamente:


concédeme amarte con todo o corazón,
con toda a alma e con tódalas forzas.

Deus, amor infinitamente poderoso,
confirmame no teu amor.

Deus, amor infinitamente sabio,
concédeme amarte na sabedoría.

Deus, amor infinitamente querido,
concédeme vivir só para ti.

Deus, amor infinitamente fiel,
axúdame en toda tribulación.



ID

ORACIÓN DA MAÑÁ
E DO SERÁN

1. ORACIÓN DA MAÑÁ (LAUDES)

V/ Corre, Deus, para librar-me.

R/ Dáte présa, Señor en socorrer-me. V/

Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo. R/

Como era no principio agora e sempre eternamente. Amén. (Aleluia).

HIMNO

Bendito ti, Xesús resucitado,
coas feridas da lanza e mais dos
cravos. Bendito para sempre, ti es
loado. Bendito ti, Xesús, resucitado.
Bendito no aire fresco da mañá e no
cantar do paxaro ó espertar. Bendito
na auga limpa e rebuldeira que dá
vida ós prados e ás leiras. Bendito
sexas na terra traballada que ofrece
agradecida a súa anada. Bendito na
esperanza traballada de chegar a
outra terra mellorada. Amén.

II

Señor Xesús, bendito sexas,
na mañá clara,
bendito sexas.
Por tódalas creaturas,
polo sol e pola lúa,
polo vento e as estrelas,
pola auga e polo lume.
Pola irmá naiciña terra,
que de nós terma contenta,
pola herba, flor e froitos,
polos montes e mailos mares.
O sentido desta vida
é canta-lo teu amor
e que toda a nosa vida
sexa sempre unha canción.
Gloria ó Pai e gloria ó Filio,
gloria ó Espírito de amor,
que nos garden neste día
para ve-los froitos en flor. Amén.

III

¡Aleluia! ¡Aleluia! ¡Aleluia!
A Morte, en fuxida,
xa vai mal ferida.
Os sartegos xa quedan desertos.
Dícidelle ós mortos:

Renace xa a Vida,
pois a morte camiña vencida.
Quen o chorou morto
atopouno no horto,
hortelán de floridas roseiras.
Dícidelle ós vivos:
viuno xardineiro,
quen o vira colgar do madeiro.
As portas seladas
xa son derrubadas.
No ceo cántase victoria,
pero son asaltadas
polo home as súas moradas.

IV

¡Que grande es, nono Deus!
De enriba mánda-la chuvia
que fai nacer sementeiras,
as herbiñas das pradeiras, e
as árbores froiteiras que con
soles estivais
enchen as casas e as eiras.
Busca o cristián a mantenza
que hai que sacar da terra:

o gran que dará fariña, a
 pataca sempre presta,
 chícharos, porros e berzas
 que arrecenden na cociña.
 Outros traballan o viño, que,
 tomado con medida, sanda o
 corpo e dá alegría para andar
 con leria o camiño, leva-la
 vida a modiño e que Deus
 nola bendiga.

SALMODIA

Ante Meu Deus, por ti madruggo, para ve-lo teu
 poder e a túa gloria (Aleluia)

Salmo

Sal, 62,2-9

Á sombra das túas ás son ditoso

*Madruga por Deus quen rexeita as
 obras das tebras.* (Oríxenes)

Deus, meu Deus, por ti madruggo,
 de ti ten sede a miña alma;
 por ti devece o meu corpo,
 en terra reseca, sedento e sen auga.
 Miro cara a ti no santuario,
 para ve-lo teu poder e a túa gloria.

O teu amor é mellor cá vida,
 lóante os meus labios;
 toda a miña vida te bendigo
 e levanto no teu nome as miñas mans.
 Coma de graxa e manteiga, estou satisfeito,
 con labios alegres lóate a miña boca.
 No meu leito relémbrote,
 nas vixilias da noite penso en ti.
 Ti e-lo auxilio,
 á sombra das túas ás estou contento;
 a ti está unida a miña alma,
 a túa dereita é o meu apoio.
 Gloria 6 Pai, e ó Filio...

Ante 2: Os tres mozos, ó unísono, cantaban a
 Deus no forno: "Bendito es Ti. Señor". Aleluia.

Cántico

Dn. 3, 57-88.56

Toda a creación loe ó Señor
*Loade ó noso Deus, tódolos seus
 servidores.* (Ap 19,5)
 Tódalas obras do Señor, bendicidé 6 Señor:
 loádeo, exaltádeo polos séculos.

Anxos do Señor, bendicidé ó Señor;
 ecos, bendicidé ó Señor.
 Augas do firmamento, bendicidé ó Señor;
 tódolos seus exércitos, bendicidé ó Señor.
 Sol e lúa, bendicidé ó Señor;
 estrelas do ceo, bendicidé ó Señor.
 Chuvia e orballo, bendicidé ó Señor;
 tódolos vemos, bendicidé ó Señor.
 Lume e calor, bendicidé ó Señor;
 friaxe e quentura, bendicidé ó Señor.
 Orballos e nevadas, bendicidé ó Señor;
 carazo e frío bendicidé ó Señor.
 Xeadas e neves, bendicidé ó Señor;
 noites e día, bendicidé ó Señor.
 Luz e tebras, bendicidé ó Señor;
 lóstregos e nubes, bendicidé ó Señor.
 Bendiga a terra ó Señor:
 lóeo, exálteo polos séculos.
 Montes e outeiros, bendicidé ó Señor;
 tódalas plantas da terra, bendicidé ó Señor.
 Fontes, bendicidé ó Señor;
 mares e ríos, bendicidé ó Señor.
 Cetáceos e peixes, bendicidé ó Señor;
 aves do ceo, bendicidé ó Señor.
 Feras e gando, bendicidé ó Señor;

loádeo, exaltádeo polos séculos.
 Tódolos homes, bendicidé ó Señor;
 pobo de Israel, bendicidé ó Señor.)
 Sacerdotes do Señor, bendicidé ó Señor;
 servos do Señor, bendicidé ó Señor.
 Espíritos e almas dos xustos, bendicidé ó Señor;
 santos e humildes de corazón, bendicidé ó Señor.
 Hananías, Azarías e Misael, bendicidé ó Señor;
 loádeo, exaltádeo polos séculos.
 Bendigamos ó Pai e ó Filio e ó Espírito Santo:
 loádeo, exaltádeo polos séculos.
 Bendito es ti no firmamento do ceo,
 loado e cheo de gloria para sempre.
 (Na fin deste cántico non se di Gloria ó Paz)

Ant. 3: Que os fillos de Sión relouquen co seu rei. (Aleluia)

Salmo 149

Cántiga dos fillos de Sión
*Os fillos da Igrexa, o novo
 pobo de Deus, relouquen co seu rei,
 Cristo, o Señor* (Hesiquio)

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
 loádeo na asemblea dos xustos.

Alégrese Israel co seu facedor
 e os fillos de Sión relouquen co seu rei.
 Festexen coa danza o seu nome,
 cántenlle con pandeiros e arpas,
 porque o Señor ama ó seu pobo
 e coroa os humildes coa victoria.
 Exulten os xustos no triunfo
 e canten xubilosos nos seus postos,
 coa loanza de Deus nas gargantas
 e a espada de dous fíos na súa man.
 Farán vinganza entre as xentes
 e escarmentos nas nacións;
 atarán con cordas os seus reis
 e con cadeas os seus nobres.
 Cumprir neles a sentenza dictada,
 será un honor para os seus amigos.
 Gloria ó Pai e ó Fillo...

Lectura breve

Ap 7,10. 12

A salvación perténcelle ó noso Deus, que senta no trono, e mais ó Añó. ¡Amén! A bendición, a gloria, a sabedoría, a acción de gracias, a honra, o poder e maila forza pertécenlle ó noso Deus, polos séculos dos séculos. Amén.

Responsorio breve

V/ Cristo, Fillo de Deus vivo, *ten piedade de nós. R/
 Ti que estás sentado á dereita do Pai. "Ten piedade de
 nós.
 V/ Gloria ó Pai e ó

Benedictus, ant. Bendito sexa o Señor, noso
 Deus.

Benedictus

Lc I, 68-79

O Mesías é o Precursor

Bendito sexa o Señor, Deus de Israel
 porque veu visitar e redimir ó seu pobo,
 suscitando para nós a súa salvación,
 na casa de David, o seu servo,
 conforme prometera desde antigo
 por boca dos seus santos profetas:
 Que nos salvaría dos nosos inimigos
 e das mans dos que nos teñen odio;
 que se mantería leal ós nosos pais,
 tendo presente a súa santa alianza,
 tal como fora a súa promesa
 que lle fixera a Abraham, noso pai,
 concedéndonos que, libres das mans do inimigo,
 o sirvamos sen temor,
 en santidade e xustiza, diante del
 tódolos días mentres dura a nosa vida.

E ti, meu meniño, serás chamado profeta do Altísimo,

porque irás por diante do Señor,
preparando os seus camiños.

Anunciara-la salvación ó su pobo
mediante o perdón dos pecados.

Pois pola misericordia entrañable do noso Deus
amencerá desde o ceo un sol para nós:

luz para os que viven nas tebras
e xacen entre as sombras da morte
para guía-los nosos pasos
polos camiños da paz.

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Preces

Loemos a Cristo, o Señor, que é luz que ilumina a
toda a humanidade, e digámoslle:

Señor, Ti e-la nosa vida e a nosa salvación.

Deus creador, ó darche grazas por este novo día,
-recordámo-la túa resurrección.

Que o teu Espírito nos aprenda a vivir segundo a
túa vontade

-que a túa sabedoría nos conduza sempre.

Que o celebra-la Eucaristía

-faga medrar en nós a esperanza. De todo
corazón dámosche gracia, Señor,

-pola túa inmensa xenerosidade para con nós
Preguemos agora con Cristo, o Señor, como el nos
ensinou:
Noso Pai...

Oración

Señor, Deus todopoderoso;

que nos fixeche chega-lo comezo deste día:

sálvanos hoxe co teu poder

para que non caíamos en ningún pecado,

senón que as nosas palabras, pensamentos e accións
sigan o camiño dos teus mandados.

Por Cristo, noso Señor. Amén.

V/ Que o Señor nos bendiga, nos libre do mal e nos
leve cara á vida eterna.

R/ Amén.

2. ORACIÓN DO SERÁN (VÉSPERAS)

V/ Corre, Deus, para librar-me.

R/ Date présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo. Como era
no principio, agora e sempre eternamente. Amén
(Aleluia).

HIMNO

Cando cae a tarde, Deus,
 xuntámonos na oración,
 e o mundo enteiro en nós canta
 que Ti es fiel e Ti es bo.
 Es fiel, noso Pai, no amor,
 Xesús es fiel no perdón,
 e, alento dos dous, o Espírito,
 segue fiel na doazón.
 Bendito Deus entregado
 ó pobo sen condicións,
 bendito Deus entrañado,
 cos pobres feito paixón.
 Bendito, Pai, polo home
 que polo pan traballou,
 bendito, Pai, pola terra
 que os seus bens nos regalou.
 Bendito sexas, Xesús,
 pola xente que loitou
 canda Ti, durante o día
 por unha terra mellor.
 Bendito sexas, Espírito,
 polo lume que quentou
 ós que aterecen de frío,
 ós que viviron para o amor.
 Que a terra cante serena
 nesta hora a túa canción,

que ó pobo chegue valente á
 fe na resurrección. Amén.

II

Á caída da noite,
 cando esconde a luz as súas claridades
 e un perde o camiño e xa non sabe
 se vai ou non vai pola verdade:
 érguete, Señor, esperta,
 faite luz na noite cega.
 No medio da ondaxe,
 cando a barca da vida na que andamos
 vai e ven sen rumbo nin progreso,
 non se sabe nin por que move-lo remo,
 a piques de afundirnos sen remedio:
 érguete, Señor, esperta,
 faite timón firme na desfeita.
 Fáitenos luz, Señor, na noite cega,
 Falte para nós, Señor, potencia certa,
 pois xa se nos achega a noite pecha;
 fai senti-lo poder á nosa beira.

III

Señor, quédate aquí,
 a noite está caendo.
 ¿como te encontraremos
 declina-lo día,
 se o teu camiño non é o meu camiño?

detente xa connosco;
 a mesa está servida,
 quentiño o pan, avellentado o viño.
 ¿Como adiviñaremos
 a túa humanidade
 se non compartes a nosa pobre mesa?
 Dáno-lo teu corpo
 e o gozo irá afastando
 a escuridade que apreixa ó home.
 Vemos rompe-lo día
 nos teus fermosos ollos
 e abrirse paso o sol na túa fronte.
 Que o vento desta noite
 non mate o fogo vivo
 que o teu paso nos deixou esta mañá.
 Bota nas nosas mans
 abertas cara ti
 as brasas do Espírito acendidas
 e limpa no máis fondo
 dos corazóns dos homes
 a túa imaxe encoirada pola culpa.

IV

Ti e-lo sol do meu inverno,
 o frescor do meu verán, a causa do meu
 silencio e a razón do meu falar. Ti, e-
 lo millo do meu hórreo,
 o lévedo do meu pan,

sorriso da miña festa e
 bágoa do meu chorar.
 Ti e-la historia do meu soño,
 o amencer do meu maná,
 es sombra do meu acougo
 e pasos do meu andar. Ti
 e-la forza do meu vento,
 ti e-la terra do meu chau,
 o berce da miña infancia e
 o leito de meu finar.

SALMODIA

Ant. I: Suba a miña oración, Señor, coma incenso
 ante ti.

Salmo

Sal, 140, 1-9

Garda a porta dos teus labios

*E das mans do anxo que está diante de
 Deus, subiu o fume do incenso coas oración
 do pobo santo (Ap 8,4)*

Señor, estoute a chamar: ven axiña;
 escoita, cando te chamo.

Suba a miña oración coma incenso ante ti,
 as miñas mans ergueitas, coma a ofrenda da tarde.

Pon garda, Señor, á miña boca
 vixilancia á porta dos meus labios.

Non deixes declina-lo meu corazón
 cara á maldade,
 e que corneta delictos;
 nin cara ós malfeitores,
 e que coma dos seus banquetes.

Que os xustos me castiguen e os bos me reprendan,
 pero que o óleo dos malvados non unxa
 a miña cabeza:
 eu seguirei pregando contra a súa maldade.

Precipitan nos penedos ós seus xuíces
 e escoitan por burla o que lles digo.
 Coma terra sucada e regañada,
 así están espallados os nosos ósos
 á boca do abismo.

Pero os meus ollos, Señor, vólvense a ti;
 a ti me acollo, non me deixes.
 Gárdame do lazo que me tenden
 da trampa dos malfeitores.

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Ant. 2: Ti e-lo meu refuxio, Señor, a miña sorte na terra
 da vida.

Salmo 141

Ti e-la miña parte na terra dos viventes *Todo*
o que di o salmo cumpriuse na
paixón do Señor (S. Hilario)

Clamo a voces polo Señor,
 cara ó Señor eu suplico;
 yerto diante del a miña queixa,
 canto diante del o meu apreto.
 Cando o espírito se me encolle,
 ti coñéce-los meus vieiros.
 No camiño por onde vou
 téñenme postas trampas.
 Miro á dereita para ver,
 e non hai un coñecido.
 Non teño onde refuxiarme,
 non hai quen coide de min.
 Cara a ti clamo, Señor, e digo:
 "Ti e-lo meu refuxio,
 a miña sorte na terra da vida".
 Atende o meu clamor,
 pois estou esgotado.
 Líbrame dos meus perseguidores,
 pois son máis fortes ca min.
 Tírame da prisión,
 e loarei o teu nome,
 en min veranse os xustos coroados,
 porque ti cumpres comigo.
 Gloria ó Pai e ó Fillo...

Ant. 3: O Señor Xesús abaixouse a si mesmo, e por iso Deus o exaltou por sempre eternamente.

Cántico

Flp 2, 6-11

Cristo, servo de Deus, no seu misterio pascual.
 Cristo, con ser de condición divina,
 non se agarrou con cobiza
 á súa categoría de Deus;
 senón que espiu do seu rango,
 tomando forma de escravo,
 facéndose un home cos homes
 e presentouse coma tal;
 el abaixouse a si mesmo,
 e fíxose obediente ata á morte,
 ¡e á morte de cruz!
 Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
 e outorgoulle o nome
 que está por riba de todo nome,
 para que ante o nome de Xesús
 se dobre todo xeonllo, no ceo, na terra e mais no
 abismo,
 e para que toda lingua proclame,
 para gloria de Deus Pai,
 que Xesucristo é o Señor.
 Gloria ó Pai e ó Fillo...

Lectura Breve

Rm II, 33-36

¡Que fondos a riqueza, a sabedoría e o coñecemento de Deus! ¡Que inescrutables son os seus xuízos e inexplorables os seus camiños! Pois ¿quen coñece a mente do Señor? Ou ¿quen foi o seu conselleiro? ¿Quen ile emprestou algo, para que el llo teña que devolver? Del saíron, por El e para El existen tódalas cousas. A El a gloria polos séculos. Amén.

Responsorio Breve

V/ Os teus feitos, Señor, *¡Que grandes son! Os teus feitos.

R/ ¡Que profundos os teus proxectos! *¡Que grandes son! Os teus feitos.

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Magnificat, ant.: Marabillas fixo en min o Poderoso; o seu nome é santo.

Magnificat

Lc t,46-S S

Alegría da alma no Señor

A miña alma proclama a grandeza do Señor,
 e alégrase o meu espírito en Deus, meu salvador,
 porque reparou na súa humilde escraviña.
 Velaí que desde agora
 tódalas xeracións me van felicitar.

¡Marabillas fixo en mM o poderoso!
 O seu nome é santo;
 a súa misericordia chega xeración
 tras xeración a tódolos que o temen.

Manifesta o poder do seu brazo
 desbaratando os plans dos soberbios.
 Derruba do seu trono ós poderosos, e
 fai subi-los humildes.
 Os famentos énechos de bens,
 e ós ricos despídeos baleiros.
 Ampara a Israel, o seu servidor,
 lembrándose da súa misericordia,
 conforme prometera ós nosos pais,
 en favor de Abraham
 e da súa descendencia para sempre.

Gloria ó Pai e ó Filio...

Preces

Glorifiquemos a Deus, Pai, Filio e Espírito Santo e
 digámoslle con confianza:

–Escoita, Señor, o teu pobo. Pai
 santo, fai nace-la xustiza na terra,
 –para que o teu pobo goce da paz.

Concede a tódolos pobos formar parte de teu Reino, -
 para que tódolos homes e mulleres sexan salvos.

Mantén ós esposos na túa paz,
 –e que vivan sempre fieis ó seu amor.
 Énchenos do coñecemento da túa vontade,
 –para obra-lo ben e darche gracias en tódalas
 ocasións.

Acolle na túa bondade ós que morreron vítimas do
 odio, da violencia e das guerras,
 –e dálle-la vida eterna.

Movidos polo Espírito Santo, recemos xuntos a
 oración que Xesús nos aprendeu: Noso. Pai que estás
 no ceo

Oración

Ofrecémosche, Señor, o noso sacrificio vesperti-
 no de loanza e pedímosche humildemente que, me-
 ditando a túa lei día e noite, academos un día a luz e
 o premio da vida eterna. Por Cristo, noso Señor.
 Amén.

Señor, noso Deus, concédenos un descanso tran-
 quilo que restaure as nosas forzas, minggadas polo
 traballo do día; e así, fortalecidos coa túa axuda, te
 sirvamos sempre con todo o noso corpo e o noso es-
 pírito. Por Cristo, noso Señor. Amén.

V/ Que o Señor nos bendiga, nos libre do mal nos leve cara á vida eterna.

R/ Amén.



IV

ORACIÓN PARA OS TEMPOS LITÚRXCICOS

1. ADVENTO

a) Señor todopoderoso e cheo de bondade, non deixes que os traballos de cada día impidan o noso camiñar ó encontro de Cristo. Que o teu espírito de sabedoría nos prepare a recibilo e nos leve a participarmos na vida do teu Filio.

Por el, noso Señor e Deus que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

b) Señor, xa ves como o teu pobo espera con fe o nacemento do teu Filio.

Encamiña o noso corazón cara á ledicia de tan grande misterio, para que así celebrémo-la nosa salvación cun espírito verdadeiramente novo.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

2. NADAL

a) Señor, ti fixeches brillar esta santa noite co esplendor de Cristo, luz verdadeira. Concédenos que a revelación deste misterio nos ilumine aquí na terra e nos leve a gozar da súa gloria no ceo. Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

b) Deus, noso Pai, ti creáche-lo home dun xeito admirable a renováchelo dun xeito aínda máis admirable.

Fainos participar na divindade do teu Filio, que quixo toma-la nosa humanidade. Por el, noso Señor e Deds, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

3. EPIFANÍA

Señor, por medio da estrela, ti deches hoxe A coñece-lo teu Filio a tódalas nacións. Concédenos ós que te coñecemos pola fe sermos levados a contemplar cara a cara a túa gloria. Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive en reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

4. BAUTISMO DO SEÑOR

Deus todopoderoso e eterno, cando Cristo foi bautizado no Xordán e o Espírito Santo baixou sobre el, ti proclamáchelo solemnemente o teu Filio benquerido. Concédelles ós teus fillos adoptivos, renacidos da auga e do Espírito, seren sempre dignos do teu amor. Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

5. CORESMA

a) Deus todopoderoso, celebramos un ano máis

o sacramento coresmal.

Concédenos que as prácticas coresmais
nos leven a comprender mellor

o misterio de Xesucristo e a
seguí-lo seu exemplo cunha vida
cada vez máis fiel a ti.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo na unidade do
Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

b) Señor, fonte de toda bondade

e Pai de misericordia,

ti cúrasnos dos pecados polo xaxún,
pola oración e polo esmola.

Acolle con amor o recoñecemento da nosa
humildade para que ós que nos oprime o peso
da nosa conciencia, nos soerga sempre a
túa misericordia.

Polo poso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo na unidade do
Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

6. NA PAIXÓN DO SEÑOR

a) Domingo de Ramos

Deus omnipotente e eterno, ti quixeches que
o noso Salvador se fixese home e morrese
na cruz, para darles ós homes un exemplo
de submisión á túa vontade. Concédenos
que a súa paixón nos sirva de testemuño e
merezamos participar na resurrección. Polo
nosso Señor Xesucristo, teu Fillo, que vive
e reina contigo na unidade do Espírito
Santo, por sempre eternamente. Amén.

b) Xoves Santo

Deus, noso Pai, hoxe celebrámo-la santa Cea
na que o teu Pillo único,
antes de entregarse á morte.

confiou á Igrexa o sacrificio novo e eterno,
o banquete do seu amor.

Fai que pola participación en tan grande misterio
recibámo-la plenitude do amor e da vida.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo na
unidade do Espírito Santo,
por sempre eternamente.
Amén.

c) Venres Santo

Deus, noso Pai, pola paixón de Cristo,
 o teu Filio e Señor noso,
 libráche-lo xénero humano
 da morte que herdara do primeiro pecado.
 Fainos semellantes ó teu Filio, para que, así
 como polo nacemento natural participamos
 da condición terreal e pecadora,
 tamén pola gracia da túa santificación
 participemos da condición santa e celestial.
 Por Cristo, noso Señor. Amén.

7. TEMPO PASCUAL

a) Vixilia pascual

Deus, noso Pai, ti fas resplandecer
 esta noite santísima coa gloria
 da resurrección do Señor.
 Aviva na túa Igrexa o espírito de sermos
 teus Pillos, para que, renovados no corpo
 e no espírito, te sirvamos con limpo corazón.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio,
 que vive e reina contigo na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén. c)
 Deus de eterna misericordia,

b) Domingo de Pascua e tempo pascual Deus,
 poso Pai, neste día,
 por medio do teu Fillo,
 ti vencíche-la morte e abríchesno-las portas da
 vida eterna.
 Fai que os que celebrámo-la Pascua da
 resurrección do Señor sexamos renovados
 polo teu Espírito para resucitarmos con
 Cristo, teu Filio, que vive e reina contigo na
 unidade do Espírito Santo, por sempre
 eternamente. Amén.

ti dálle azos á fe do teu pobo
 coa celebración anual das festas da Pascua
 Fai medrar en nós os dons da túa gracia,
 para que comprendamos mellor que grandes son
 o bautismo que nos purificou, o Espírito que
 nos fixo renacer e o sangue que nos redimiu.
 Polo poso Señor Xesucristo, teu Filio, que
 vive e reina contigo na unidade do Espírito
 Santo, por sempre eternamente. Amén.

d) Deus todopoderoso, fainos exultar con santa
 alegría e con filial acción de gracias

nesta festa da Ascensión de Cristo,
 teu Fillo, na que temén nós somos elevados
 onda ti;
 e á gloria a onde el xa se adiantou como
 cabeza nosa, tamén nós estamos chamados
 coma membros do seu corpo.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo, que
 vive e reina contigo, na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

e) Deus todopoderoso e eterno,
 ti quixeches que o misterio pascual
 se completase en cincuenta días.
 Fai que o don do teu Espírito congrege
 as nacións dispersas, facendo que
 as diversas linguas se unan na confesión
 do teu nome.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo, na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

8. TEMPO ORDINARIO

a) Deus todopoderoso e eterno, dirixe a nosa vida,
 conforme á túa vontade, para que,
 no nome do teu Fillo benquerido,
 poidamos dar froito abondoso das boas obras.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

13) Deus todopoderoso, axúdanos a meditar sempre
 a verdade que ti nos revelaches.
 Fai que practiquemos de palabra e obra
 o que é do teu agrado.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

c) Deus, noso Pai, ti e-la protección
 dos que esperan en ti e sen ti nada é santo
 nin ten valor.
 Guíanos e axúdanos coa túa grande misericordia,
 para que, facendo un bo uso dos bens temporais,
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo na unidade do
 Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.

d) Deus todopoderoso e eterno, o teu Espírito dáno-la confianza de chamarte noso Pai. Fai medrar nos nosos corazóns o espírito de fillos adoptivos, para que poidamos alcanzar a herdanza que nos prometiches. Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente, Amén.

e) Deus, noso Pai, ti fixeches consisti-la plenitude da lei no amor a ti e ó próximo. Fai que cumprámo-los teus mandamentos e así poidamos chegar á vida eterna. Polo noso Señor Xesucristo, teu Filio, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente, Amén.



A SANTA MISA E ALGÚN
HAS ORACIÓNS

A SANTA MISA

Ritos iniciais

Celebr. No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

Pobo Amén.

Celebr. A gracia do noso Señor Xesucristo, o amor do Pai e a comunión do Espírito Santo sexan con todos vós.

Pobo E contigo, tamén.

Celebr. A gracia e maila paz de Deus, noso Pai, e de Xesucristo, noso Señor, sexan con todos vós.

Pobo E contigo, tamén.

ou:

Bendito sexa Deus,

Pai do noso Señor Xesucristo.

Celebr. O Señor sexa convosco.

Pobo E contigo, tamén.

Acto Penitencial1¹. Fórmula

Celebr. Irmáns: para celebrarmos dignamente os santos misterios, recoñezamos que somos pecadores.

Todos Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, meus irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa. Por iso Ile pido á benaventurada Virxe María, a tódolos anxos e santos do ceo e a vós tamén, meus irmáns, que rogedes por min a Deus, o noso Pai.

Celebr. Deus omnipotente teña piedade de nós, nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

Pobo Amén.

2¹. Fórmula

Celebr. Señor, ten misericordia de nós.

Pobo Pois temos pecado contra ti

Celebr. Móstranos, Señor, a túa misericordia.

Pobo E dáno-la taa. salvación.

Celebr. Deus omnipotente teña piedade de nós, nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

Pobo Amén.

Fórmula

Celebr. Ti que fuches enviado a salva-los corazón arrependidos,

Señor ten piedade de nós

Pobo Señor, ten piedade de nós

Celebr. Ti que viñeches chama-los pecadores, Cristo ten piedade de nós.

Pobo Cristo ten piedade de nós.

Celebr. Ti que estás á dereita do Pai para intercederes por nós,

Señor, ten piedade de nós.

Pobo Señor, ten piedade de nós.

Celebr. Deus omnipotente teña piedade de nós, nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

Pobo Amén.

Kyries

Celebr. Señor, ten piedade de nós,
(Kyrie, eleison)

Pobo Señor, ten piedade de nós,
(Kyrie, eleison)

Celebr. Cristo, ten piedade de nós,
(Christe, eleison).

Pobo Cristo, ten piedade de nós,
(Christe, eleison)

Celebr. Señor, ten piedade de nós,
(Kyrie, eleison).

Pobo Señor, ten piedade de nós,
(Kyrie, eleison).

Himno de Gloria

Celebr. Gloria a Deus no ceo

Todos e paz ó seu pobo na terra.

Noso Señor Deus, rei do ceo,

Deus Pai Todopoderoso;

loámoste, bendicímoste, adorámoste,
glorificámoste e dámosche gracias.

pola rúa inmensa gloria.

Señor Deus, Añe de Deus, Fillo do Pai.

Ti, que quita-lo pecado do mundo,
ten piedade de nós.

Ti, que quita-lo pecado do mundo,

escoita a nosa oración.

Ti, que estás á dereita do Pai,
ten piedade de nós;

porque ti e-lo Santo,

ti, o único Señor,

ti, o único Altísimo, Xesucristo.

Co Espírito Santo na gloria de Deus Pai,
Amén.

A Liturxia da Palabra

Despois das lecturas:

Lector Palabra do Señor

Todos Gracias a Deus.

Evanxeo

Díacono ou Celebr. O Señor sexa convosco

Pobo E contigo tamén.

Celebr. Lectura do santo Evanxeo segundo san...

Pobo Gloria a ti, Señor.

Despois do Evanxeo

Díacono ou Celebr. Palabra do Señor

Pobo Loámoste, Cristo.

Profesión de Fe

Todos Cremos nun só Deus, Pai omnipotente,
 creador do ceo e máis da terra,
 do visible e do invisible,
 Cremos nun só Señor Xesucristo,
 Filio único de Deus
 Deus de Deus, luz de luz,
 Deus verdadeiro de Deus verdadeiro.
 xerado e non creado,
 da mesma natureza que o Pai.
 Todo foi feito por el,
 que por nós os homes
 e para a nosa salvación,
 baixou do ceo, e, por obra
 do Espírito Santo,
 encarnou no seo da Virxe María
 FACÉNDOSE HOME.
 Tamén por nós foi crucificado
 no tempo de Poncio Pilato,
 sufriu a paixón e foi sepultado;
 resucitou ó terceiro día
 conforme ás Escrituras,
 e subiu ó ceo, onde está á dereita do Pai.
 Virá de novo con gloria
 para xulga-los vivos e os mortos,
 e o seu reino non terá fin.
 CREMOS NO ESPÍRITO SANTO,

SEÑOR E FONTE DA VIDA.
 que procede do Pai e do Filio,
 que co Pai e co Filio
 recibe unha mesma adoración e gloria, e
 falou por medio dos profetas. TAMEN
 CREMOS NA IGREXA, que é unha,
 santa, católica e apostólica.
 RECONOCEMOS UN SÓ BAUTISMO
 para o perdón dos pecados.
 ESPERÁMO-LA RESURRECCIÓN
 DOS MORTOS
 e tamén a vida eterna. Amén.

*En lugar deste Credo pódese dici-lo Credo apostólico
 que está na páxina 14.*

Liturxia eucarística

Presentación do pan.

Celebr. Bendicímoste, Señor, Deus do universo. Da
 túa bondade recibimos este pan, que é froito
 da terra e do traballo dos homes.

Presentámoscho agora

para que se nos converta no pan da vida.

Pobo Bendito sexa Deus, agora e sempre.

Presentación do viño.

Celebr. Bendicímoste, Señor. Deus do universo.

Da túa bondade recibimos
este viño, que é froito da
vide e do traballo dos homes.
Presentámoscho agora para
que se nos converta na
bebida da salvación.

Pobo Bendito sexa Deus, agora e sempre.

Celebr. Pregade, irmáns, para que este sacrificio
meu e voso sexa ben acollido
por Deus Pai omnipotente.

Pobo O Señor acolla das túas mans este sacrificio
para loanza e para gloria do seu nome, para
ben noso e de toda a súa santa Igrexa.

Diálogo do Prefacio

Celebr. O Señor sexa convosco.

Pobo E contigo tamén.

Celebr. Erguede os corazóns.

Pobo Témoslos postos no Señor.

Celebr. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus

Pobo É digno e de xustiza.

Sanctus

Todos Santo, Santo, Santo es ti, Señor
Deus do universo.

Énche-lo ceo e maila terra coa túa
gloria. ¡Hosanna no ceo! Bendito o
que ven no nome do Señor. ¡Hosanna
no ceo!

Despois da Consagración

Celebr. Velaquí o misterio da nosa fe **I**.

Pobo Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección,
¡Ven, Señor Xesús!

2. Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

3. Sálvanos, Señor, Salvador do
mundo. Ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

O Noso Pai

Celebr. Guiándonos polos consellos do Salvador
e seguindo a súa doutrina,
atrevémonos a dicir:

Todos Noso Pai que estás no ceo;
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Dáanos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal. Amén.

Despois do noso Pai

Celebr. Líbranos, Señor, de tódolos males
e dáno-la paz nos nosos días.
Fai que, axudados pola túa misericordia,
vivamos sempre libres de pecado
e amparados de toda desgracia.
Mentres esperámo-la salvación
e volta gloriosa
do noso Señor Xesucristo.

Pobo Pois teus son o reino,
o poder e maila gloria
Por sempre eternamente.

A Paz

Celebr. Señor Xesucristo,
ti dixécheslles ós teus Apóstolos:
"Déixovo-la miñá paz, dóuvo-la miña paz"
Non mire-los nosos pecados,
senón a fe da túa Igrexa;
dígñate darlle a paz e maila unión
de acordo coa túa bondade.
Pedímoscho a ti,
que vives e reinas
por sempre eternamente.

Pobo Amén.

Celebr. A paz do Señor sexa sempre convosco.

Pobo E contigo tamén.

Celebr. Dádevo-la paz coma irmáns.

Dáselle-la paz ós que están á beira, dicindo:

A paz sexa contigo.

E o que a recibe di:

E contigo tamén.

Año de Deus

Todos Año de Deus, que quita-lo pecado do mundo:
Ten piedade de nós.
Año de Deus, que quita-lo pecado do mundo:
Ten piedade de nós.
Año de Deus que, quita-lo pecado do mundo:
Dáno-la paz.

Comuñón

Celebr. Este é o año de Deus que quita o pecado do mundo.

Felices os convidados á cea do Señor.

Todos Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa ahonda para me salvar.

Celebr. O Corpo de Cristo.

Com. Amén.

Despedida

Celebr. O señor sexa convosco.

Pobo E contigo tamén

Celebr. Bendígvos Deus todopoderoso, Pai,

Fillo + e Espirito Santo.

Preparación para a Misa

pobo Amén.
Celebr. Podedes ir en paz e que o Señor vos acompañe
pobo Deámoslle gracias a Deus.

2. ORACIÓN PARA ANTES E DESPOIS DA MISA

O

ración de santo Ambrosio

Señor Xesucristo,
eu, que son un pecador
e que non presumo nada dos meus merecementos,
teño o atrevemento de me achegar
á mesa do teu santo convite.
Teño o corpo e o espírito lixados con moitas faltas
e non tiven coidado ahondo
cos meus pensamentos e coa miña lingua.
Así é que eu, pobre pecador,
envolto en moitas vacilacións,
achégome a ti, fonte de misericordia,
para que me cures axiña dos meus males;
refúxiome baixo a túa protección
e desexo ardentemente terte coma Salvador,
pois, ¡pobre de mM, se ti foses xuíz comigo!

Móstroche, meu Señor, as miñas feridas,
 póñoche ó descuberto as causas da miña vergoña.
 Sei que os meus pecados son moitos e grandes
 e por iso teño medo,
 pero tamén sei que o agarimo que me tes
 é algo que non admite comparanza.
 Mírame con ollos de misericordia,
 Señor Xesucristo, Rei eterno, Deus e home,
 ti, que fuches crucificado polo home.
 Escóitame, pois en ti teño posta a miña esperanza.
 Ti, que nunca deixarás seca-la fonte
 da misericordia,
 apiádate de mM, que estou cheo
 de miserias e pecados.
 Saúdote, vítima de salvación,
 ofrecida no patíbulo da cruz
 polo meu ben e polo ben de toda a xente do mundo.
 Saúdote, Sangue nobre e precioso,
 que saes das feridas do meu Señor Xesucristo,
 crucificado,
 e límpa-los pecados de todo o mundo.
 Acórdate, Señor, das túas creaturas
 que ti redimiches co teu Sangue.
 Pésame moito ter pecado
 e desexo corrixirme do mal que teño feito.
 Arreda de mM, Pai de clemencia,

tódalas ruindades e pecados meus, para
 que, limpo no corpo e no espírito, poida
 saborear dignamente
 o sacramento máis santo do mundo
 E fai que esta ofrenda anticipada do teu corpo
 e do teu Sangue,
 que vou tomar sen o merecer,
 sexa a remisión dos meus pecados,
 a purificación completa dos meus delitos,
 a defensa contra os malos pensamentos,
 o alento para os bos sentimentos
 e o empuxe eficaz para as boas obras;
 que sexa unha firme protección do meu corpo
 e do meu espírito
 contra os ataques dos meus inimigos.
 Amén.

Oración de san Torné de Aquino

Deus todopoderoso e eterno,
 achégome ó sacramento do teu Filio unixénito,
 o noso Señor Xesucristo;
 coma un enfermo ó médico da vida, coma
 un impuro á fonte da misericordia, coma
 un cego á luz da claridade eterna, coma
 un pobre e necesitado ó Señor do ceo e
 mais da terra.

Pídoche a abundancia da túa grande xenerosidade,
 para que cure a miña enfermidade,
 lave a miña fealdade,
 ilumine a miña cegueira,
 enriqueza a miña pobreza
 e vista a miña nudez;
 que reciba o pan dos Anxos,
 o Rei dos reis e o Señor dos que dominan,
 con tanta reverencia e humildade,
 con tanta contrición e devoción,
 con tanta limpeza e tanta fe,
 con tanto propósito e intención
 como lle convén á saúde da miña alma.
 Concédeme recibir,
 non só o sacramento do Corpo e do Sangue
 do Señor,
 senón tamén a substancia e a forza do sacramento.
 Deus cheo de bondade,
 fai que reciba de tal xeito o Corpo
 do teu fallo unixénito,
 e noso Señor Xesucristo,
 nacido da Virxe María,
 que sexa merecente de me incorporar
 ó seu corpo místico
 e ser contado entre os seus membros.
 Pai cheo de amor,
 concédeme contemplar un día e para sempre, co

rostro descuberto,
 o teu Fillo amado,
 a quen agora, aínda camiñante,
 vou recibir encubeno no sacramento.
 Ese teu Fillo,
 que vive e reina contigo por sempre eternamente.
 é

Para despois da Misa **Oración de san Tomé de Aquino**

Douche gracias,
 Señor, Pai santo, Deus todopoderoso e eterno,
 que, non polos meus merecementos,
 senón pola túa misericordia,
 tiveches a ben alimentarme
 co precioso Corpo e Sangue
 do teu Fillo, o noso Señor Xesucristo,
 a mM, que son un pecador,
 un indigno servidor teu.
 Pídoche que esta comunión santa
 non sexa para mM motivo de condena
 senón causa de perdón;
 que sexa unha defensa da miña fe,
 un escudo para a miña vontade;
 que sexa unha liberación dos meus vicios,

un aniquilamento da miña concupiscencia;
 que sexa un aumento da caridade e da paciencia,
 da humildade e da obediencia
 e de tódalas virtudes:
 que sexa unha firme defensa
 contra os ataques de tódolos inimigos,
 tanto visibles coma invisibles:
 que sexa un perfecto acougo das miñas paixóns,
 tanto corporais coma espirituais;
 que sexa un firme achegamento a ti,
 único e verdadeiro Deus,
 e un feliz coroamento da miña vida.
 Pídoche tamén que, aínda que sexa un pecador,
 teñas a ben levarme a aquel marabilloso banquete
 onda ti, co teu Fillo e o Espírito Santo,
 es para os teus santos a luz verdadeira,
 a fartura completa, o gozo sempiterno,
 a ledicia total e a felicidade perfecta.
 Por Cristo, noso Señor.
 Amén.

Aspiración dirixidas ó Srno. Redentor

Alma de Cristo, santifícame.
 Corpo de Cristo, sálvame. Sangue
 de Cristo, embebédame. Auga do
 costado de Cristo, lávame.

paixón de Cristo, confórtame.
 Bo Xesús, escóitame.
 Dentro das túas feridas, escóndeme.
 Non permitas que me arrede de ti.
 Do inimigo malo, deféndeme.
 Na hora da miña morte, chámame,
 e mándame ir a ti
 para te loar cos teus santos
 por sempre eternamente.
 én.

Oración a Xesucristo crucificado.

Velaquí, doce e bo Xesús,
 que me axeonllo na túa presenza
 e de todo corazón che pido
 que imprimas no meu corazón
 fortes sentimentos de fe, esperanza e caridade,
 unha vontade firme de me corrixir deles:
 considero e contemplo as túas cinco chagas
 coa máis grande dor e cariño.
 Medito o que o profeta David poñía nos teus labios
 sobre ti mesmo, bo Xesús:
 "Traspasaron as miñas mans e os meus pés.
 foron contando os meus ósos" (Sal 21 .17).

Oración atribuída ó papa Clemente XI

Creo, Señor, pero fai máis firme a miña fe.
 Espero, pero fai máis forte a miña esperanza.
 Amo, pero fai máis ardente o meu amor.
 Dóime, pero fai máis aguda a miña dor.
 Adórote coma primeiro principio.
 Deséxote coma fin última.
 Lóote coma benfeitor perpetuo.
 Invócote coma defensor benévolo.
 Diríxime coa túa sabedoría.
 Terma de min coa túa xustiza.
 Consólame coa túa clemencia.
 Protéxeme co teu poder.
 Ofrézoche, Señor, canto hei pensar,
 que se dirixa a ti.
 Canto hei dicir,
 que se refira a ti.
 Canto hei facer,
 que sexa conforme a ti.
 Canto hei emprender,
 que sexa por amor a ti.
 Quero o que ti queres,
 Quéroo porque ti o queres.
 Quéroo mentres ti o queres.
 Pídoche, Señor,
 que ilumine-lo meu entendemento,

que acénda-la miña vontade,
 que límpe-lo meu corazón,
 que santifique-la miña alma.
 Que chore os meus pecados pasados,
 que desbote as tentacións futuras,
 que corrixa as inclinacións viciosas,
 que seleccione as virtudes máis axeitadas.
 Concédeme, Deus de bondade,
 ama-lo teu moito máis có meu,
 ter celo do próximo e desprezo do mundo.
 Que me esforce en obedece-los superiores,
 en axuda-los inferiores,
 en servi-los amigos,
 en perdoa-los inimigos.
 Que venza o pracer coa austeridade,
 a avaricia coa xenerosidade,
 a ira coa mansedume,
 a frialdade co fervor.
 Faime prudente nos consellos,
 constante nos perigos,
 paciente na adversidade.
 Faime, Señor, atento, na oración,
 sobrio nas comidas,
 dilbtente no traballo,
 firme nos propósitos.

Dáme limpeza de corazón,
 modestia na conducta,
 un trato exemplar,
 e unha vida ordenada.
 Que poña todo o meu coidado
 en educa-la miña natureza,
 en enriquece-la gracia,
 en observa-la lei,
 en traballar pola salvación.
 Que aprenda de ti
 a fragilidade do terreal,
 a grandeza do celeste,
 a brevidade do temporal,
 a permanencia do eterno.
 Concédeme
 prepararme para a morte,
 teme-lo xuízo,
 e acada-lo paraíso,
 Por Cristo, noso Señor.
 Amén.

Oración á Virxe María

.....

María, Virxe e Nai santísima,
 valaquí que veño de recibir
 o teu Fillo benquerido;
 ti o concebiches no teu seo inmaculado,
 de ti naceu, ti o criaches,
 leváchelo con agarimo nos teus brazos.
 Aquí está o que coa súa presenza te alegraba
 e te enchía de gozo incomparable.
 Preséntocho e ofrézocho
 con toda a humildade e cariño,
 para que o apretes nos teus brazos,
 para que o acariñes no teu corazón,
 para que o ofrezas á santísima Trindade
 coma culto supremo de adoración,
 polo teu mesmo honor e gloria,
 e polas miñas necesidades e as do mundo enteiro.
 Pídoche, pois, Nai piadosísima,
que me acáde-lo perdón de tódolos pecados,
 unha axuda abundante para servi-lo teu Fillo
 e, por último, a gracia final,
 para que o poida loar contigo
 por sempre eternamente.
 Amén.



VI

ORACIONES PARA LA
ADORACIÓN DEL SANTÍSIMO

1. ADORO TE DEVOTE

Adórote devotamente, Divindade oculta,
que te escondes de verdade
debaixo das especies eucarísticas.

O meu corazón sométese enteiramente a ti,
pois ó contemplarte esmorece totalmente.
A vista, o tacto e mailo gusto aquí enganán;
só polo oído a fe é segura.

.....
Creo todo o que dixo o Filio de Deus,
nada é máis verdadeiro ca esta palabra da Verdade.

Na cruz escondíase só a Divindade,
mais aquí está oculta mesmo a humanidade.

Pero eu, crendo e confesando as dúas cousas,
pido o que pediu o ladrón arrependido.

Non vexo as túas chagas, como as viu Tomé;
pero confésote coma meu Deus.

Fai que crea en ti sempre máis,
e que esperando en ti, te ame.

¡Memorial da morte do Señor, pan vivo,
que comunica-la vida ó home!

Concédelle ó meu espírito vivir de ti,
e gozar sempre da túa dozura.
Piadoso pelicano, Señor Xesús, purifícame a mM,
impuro, co teu sangue, de quen unha gota
pode limpar o mundo enteiro de todo pecado.
¡Xesús, a quen vexo agora escondido!
Pídoche que se cumpra o que máis desexo:
que véndote por fin cara a cara,
sexo eu feliz coa vista da túa gloria.
Amén.

2. ORACIÓN DESPOIS DA BENDICIÓN

Bendito sexa Deus.
Bendito sexa o seu santo nome.
Bendito sexa Xesucristo,
verdadeiro Deus e verdadeiro home.
Bendito sexa o nome de Xesús.
Bendito sexa o seu Corazón sacratísimo.
Bendito sexa Xesús
no santísimo Sacramento do altar.
Bendito sexa o Espírito Santo consolador
Bendita sexa a excelsa Nai de Deus, María
Santísima.

Bendita sexa a súa santa e inmaculada Concepción.
Bendita sexa a súa gloriosa Asunción ó ceo. Bendito
sexo o nome de María, Virxe e Nai.
Bendito sexa san Xosé, o seu esposo castísimo.
Bendito sexa Deus nos seus anxos e nos seus santos.

3. UBI CARITAS

Onde hai caridade e amor, ahí está Deus.
O amor de Cristo congregounos na unidade.
Gocémonos e aledémonos nel.
Temamos e amémo-lo Deus vivo.
E amémonos con corazón sincero.
Onde hai caridade e amor, ahí está Deus.
Pois estamos congregados nun corpo,
coidemos de que o noso amor non se divida.
Detéñanse as malas contendas, cesen as bitas,
e no medio de nós estea Cristo, Deus.
Onde hai caridade e amor, alí está Deus.
Vexamos xunto cos anxos
o teu rostro cheo de gloria, Cristo Deus,
a ledicia inmensa e pura,
por sempre eternamente. Amén.

4. AN I II. ONAS

¡Banquete sagrado, no que Cristo é a nosa comida
conmemórase a lembranza da súa paixón, a alma én-
chese de gracia e dáseno-lo anticipo da gloria futura!

5. ORACIÓN

a) Deus, ti quixeches facernos partícipes dun mesmo
pan e dun mesmo cáliz. Concédenos vivirmos tan
unidos a Cristo, que fructifiquemos con gozo para a
salvación do mundo. Por Xesucristo, noso Señor.
Amén.

b) Alimentados con esta eucaristía, facémosche pre-
sente, Señor, a nosa acción de grazas, implorando
da túa misericordia que o Espírito Santo manteña
sempre vivo o amor á verdade en que recibiu a forza
do alto.

Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

6. CANTEMOS Ó AMOR DE LOS AMORES
(Versión galega).

¡Cantémoslle ó máis grande dos Amores!
¡Cantémoslle ó Señor,
por quedarse aquí!
¡Con cantos e loores adoremos
a Cristo Redentor!
¡Gloria a Cristo Xesús!
¡Ceo e Terra bendicidé ó Señor!
¡Honor e gloria a Ti, Rei da Gloria!
¡Amor por sempre a Ti, Deus de Amor!

VII

OUTROS SACRAMENTOS



1. BAUTISMO DUN NENO EN PERIGO DE MORTE

Preparada a auga, aínda que non estea bendicida, e Dcuntos ó redor do neno os pais, os padriños e, se fose posible, al gúns outros achegados e amigos, o ministro (sacerdote, diácono ou leigo) da comezo cunha breve oración dos fieis:

Preces

Invocémo-la misericordia de Noso Señor Xesucristo a prol deste neno (desta nena), que vai recibila gracia do Bautismo, de seus pais e padriños, e de tódolos bautizados.

Para que te dignes, polo Bautismo, agregar este neno (esta nena) á túa Igrexa; roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor;

Para que polo Bautismo, te dignes outorgarlle a adopción dos teus fillos, roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor.

Para que consepultado (consepultada) con Cristo polo Bautismo, te dignes facelo tamén participe da súa resurrección; roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor.

Para que a tódolos discípulos de Cristo, bautizados para formar un mesmo corpo, te dignes conservalos sempre na única fe e caridade; roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor.

Oración

Deus, fonte de toda vida e de todo amor,
 Pai de noso Señor Xesucristo,
 que queres manifesta-lo teu designio de amor
 a estes pais qe temen pola vida do seu filio,
 dándolles a coñecer que non se perderá para sempre
 esta vida que renacerá no Bautismo.
 Non permitas que este neno
 permaneza baixo o poder do mal,
 senón que entre no Reino do teu Filio.
 Fai, pois, que este neno (esta nena)
 a quen He poñémo-lo nome-de N.,
 coa virtude desta auga vivificada
 polo Espírito Santo,
 participe no misterio da Morte e Resurrección
 de Cristo,
 sexa fillo de adopción, acade a túa herdanza
 e se alegre coma memoro da túa Igrexa
 co Fillb e co Espírito Santo
 por sempre eternamente.
 R/ Amén.
 profesión de fe

Lembrándonos do noso Bautismo, confesémo-la fe
 en Xesucristo, que é a fe da Igrexa, na que imos
 bautizar este neno(a)

¿Credes en Deus, Pai todopoderoso, Creador do
 ceo e mais da terra?

R/ Cremos.

¿Credes en Xesucristo, o seu único Fillo, noso
 Señor, que naceu da Virxe María, que padeceu e foi
 sepultado, e que resucitou de entre os morros e ten a
 mesma gloria do Pai?

R/ Cremos.

¿Credes no, Espírito Santo, na Santa Igrexa Católica,
 na Comunión dos Santos, no perdón dos pecados e na
 Vida eterna?

R/ Cremos.

*(Tamén se pode face-la profesión de fe recitando o
 Credo)*

Rito do Bautismo

O ministro bautiza o heno, dicindo:

N. EU BAUTÍZOTE NO NOME DO PAI

(bótalle a auga por primeira vez)

E DO FILLO

(bótalle a auga por segunda vez)

E DO ESPÍRITO SANTO

(bótalle a auga por terceira vez)

Remate

N., xa es nova creatura e estás revestido(a) de Cristo.

Que este vestido branco sexa o sinal da dignidade cristiá, que deberás conservar inmaculada ata a vida eterna.

R/ Amén.

Noso Pai que estás no ceo...

2. SACRAMENTO DA PENITENCIA

a) Esquema para o exame de conciencia*

Cando se fai o exame de conciencia antes do Sacramento da Penitencia, convén que cada un, ante todo, se pregunte, polo seguinte:

1 . *¿Vou ó Sacramento da Penitencia con venia-deiro desexo de purificarme, converterme, renova-la miña vida e a amizade máis fonda con Deus, ou pola contra, considéroo coma unha carga que se ha de recibilas menos veces posibles?*

2. *¿Esquecinme ou calei voluntariamente algún pecado grave nas confesión anteriores?*

3. *¿Cumprín a penitencia que me foi imposta?, ¿preparei as inxustizas que quizais cornetín? ¿Esforzeime en levar á práctica os propósitos de emenda-la vida segundo o Evanxeo?*

I. Di o Señor: Amarás ó teu Deus con todo corazón.

1. *¿Tende o meu corazón a Deus de maneira que de verdade o ame sobre tódalas cousas no cumprimento fiel dos seus mandamentos, sobre tódalas cousas temporais? ¿Obro nas miñas cousas con intención recta?*

2. *¿É firme a miña fe en Deus, que nos falou por medio do seu Fillo? ¿Acepto firmemente a doutrina*

Igrexa? ¿Teño interese na miña instrución cristiá, escoitando a Palabra de Deus, participando na catequese, afastándome de todo aquilo que poida danala fe? ¿Profesei sempre, con forza e sen medo, a miña fe en Deus? ¿Manifestei a miña condición de cristián na vida pública e privada?

3, *¿Teño rezado pola mañá e pola noite? ¿A miña oración é unha verdadeira conversación -de mente e de corazón- con Deus, ou un puro ritualismo exterior? ¿Teño ofrecido a Deus os meus traballos, dores e gozos? ¿Acudo a El nas miñas tentacións?*

4. *¿Teño reverencia e amor ó nome de Deus, ou ueño ofendido con blasfemias, falsos xuramentos, ou usando o nome de Deus en van? ¿Porteime sen reverencia coa Virxe María, ou cos santos?*

5 . *¿Gardo os domingos e os días festivos da Igrexa participando activa, atenta e piadosamente na celebración litúrxica, e sobre todo na misa?*

* Tomado do Rítal da Penitencia. Oteros sacramentos

¿Cumprín o precepto anual da confesión e da comunión pascual?

6. ¿Teño, quizais, outros "deuses", é dicir: cousas polas que me preocupo e nas que confío máis ca en Deus, como son as riquezas, as supersticións, o espiritismo, ou calquera outra forma de maxia inútil?

II. Di o Señor: "amádevos utas ós outros como eu vos ames".

1. ¿Teño verdadeiro amor ó meu próximo, ou abuso dos meus irmáns utilizándoos para o meu proveito, ou comportándome con eles como non quixera que eles se comportasen comigo? ¿Escandaliceinos gravemente con palabras ou con obras?

2. ¿Contribuíñ, dentro da miña familia, ó ben e á alegría dos demais coa miña paciencia e amor verdadeiro? ¿Foron os fillos obedientes a seus pais, mostrándolles respecto e axuda nas súas necesidades espirituais e temporais? ¿Coidan os pais de educaren cristianamente a seus fillos, axudándolles co exemplo e coa debida autoridade? ¿Son os esposos fieis entre si no corazón e na vida?

3. ¿Comparto os meus bens cos que son máis pobres ca min? ¿Defendo no que poden os asoballados, axudo ós que viven na miseria, estou xunto ós febles, ou, pola contra, aldraxeí ós meus próximos, sobre todo os pobres, os febles, os forasteiros e homes doutras razas?

4. Realizo na miña vida a misión que aceptei na

miña Confirmación? ¿Participo nas obras de apostolado e caridade da Igrexa e na vida da miña parroquia? ¿Tratei de remediar as necesidades da Igrexa e do mundo? ¿Recei por elas, sobre todo pola unidade da Igrexa, pola evanxelización dos pobos, pola realización da paz e da xustiza?

5. ¿Preocúpome polo ben e pola prosperidade da comunidade humana na que vivo, ou paso a vida preocupado só de min mesmo? ¿Participo, segundo as miñas posibilidades, na promoción da xustiza, na lionestidade dos costumes, na concordia e na caridade neste mundo? ¿Cumprín cos meus deberes cívicos? ¿Paguei os meus tributos xustos?

6. ¿No meu traballo ou emprego son xusto, traballador, honesto, prestando con amor o meu servicio sociedade? ¿Dei ós meus obreiros ou serventes a soldada xusta? ¿Cumprín as miñas promesas e contratos?

7. ¿Presteilles ás lexitimas autoridades a obediencia e os respectos debidos?

8. Se teño algún cargo ou exerzo algunha autoridade, ¿Úsoos para a miña utilidade persoal ou para ben dos demais, con espírito de servicio?

9. ¿Mantiven a verdade e maila fidelidade, ou prexiicliquei a alguén con palabras falsas, con calumnias, mentiras ou violación dalgún segredo?

10. ¿Producín algún dano á vida, á integridade física, á fama, á honra ou os bens dos outros? ¿Procurai ou inducín ó aborto? ¿Odiei a alguén? ¿Síntome afastado de algún por rifas, inxurias, ofensas ou inimidades? ¿Refuguei por egoísmo presentarme como testemuña da inocencia de alguén?

11. ¿Roubei ou desexei inxustamente ou sen orde cousas doutros ou causeilles algún dano? ¿Restituín () roubado e reparei o dano?

12. Se alguén me inxuriou, ¿mostreime disposto á paz e a conceder, polo amor de Cristo, o perdón, ou manteño desexos de odio e de vinganza?

III. Cristo, o Señor, di: "Sede perfectos coma o voso Pai é perfecto.

1 . ¿Cal é a dirección fundamental da miña vida? ¿Anímame a esperanza da vida eterna? ¿Esfórzome en avanzar na vida espiritual por medio da oración, da lectura e da meditación da Palabra de Deus, da participación nos sacramentos e da mortificación? ¿Estou esforzándome en vence-los meus vicios, as miñas inclinacións e paixóns malas, como a envexa ou a gula nas comidas e nas bebidas? ¿Levanteime contra Deus, por soberbia ou gabanza, ou aldraxei os outros sobreestimándome a mM mesmo? ¿Impuxen a miña vontade ós demais contra da súa liberdade e os seus dereitos?

2. ¿Que uso levo feito do meu tempo, das miñas forzas, os dons que Deus me deu? ¿Useinos en superarme e perfeccionarme a min mesmo? ¿Teño vivido ocioso e fun preguizoso?

3. ¿Levei con serenidade e paciencia as dores e contrariedades da vida? ¿Mortifiquei o meu corpo para axudar a completar "o que falta á Paixón de Cristo"? ¿Gardei a lei do xaxún e da abstinencia?

4. ¿Mantiven os meus sentidos e todo o meu corpo na pureza e na castidade coma templo que é do Espírito Santo, chamado a resucitar na gloria e coma signo do amor que o Deus fiel ten ós homes, signo que acada toda a súa luz no matrimonio? ¿Lixei o meu corpo coa fornicación, coa impureza, con palabras ou pensamentos indignos, con torpes accións ou desexos? ¿Deixeime levar dos meus praceres? ¿Mantiven conversas, fixen lecturas ou asistía a espectáculos e diversións contrarias á honestidade humana e cristiá? ¿Incitei ó pecado a outros coa miña falta de decencia? ¿Gardei a lei moral no uso do matrimonio?

5 . ¿Actuei algunha vez contra a miña conciencia, por medo ou hipocrisía?

6. Tratei sempre de actuar dentro da verdadeira liberdade dos fillos de Deus, segundo a lei do Espírito, ou son servo das miñas paixóns?

3. RITO DA PENITENCIA (tipo A) PARA RECONCILIAR UN SÓ PENITENTE

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

Amén.

Deus, que iluminou os nosos corazóns, che conceda que coñezas de verdade os teus pecados e che dea a súa misericordia.

R/ Amén.

Palabra de Deus

Poñámo-los ollos no Señor Xesús, que foi entregado polos nosos pecados e resucitado para a nosa xustificación.

Ou ben:

Escoitémo-lo Señor, que nos di:
Dareilles un corazón novo
e verterei neles un espírito novo:
arrincaréille-lo corazón de pedra
e dareilles un corazón de carne,
para que sigan as miñas leis
e poñan por obra os meus mandados;
serán o meu pobo
e eu serei o seu Deus.

Ou ben:

Escoitémo-lo Señor que nos di:

Se vós perdoades ós homes as súas ofensas, tamén o voso Pai perdoará as vosas; pero se non perdoades ós bornes, ovoso Pai celestial tampouco perdoará as vosas ofensas.

Agora o sacerdote invitará ó penitente para que manifeste a súa contrición con algunha destas fórmulas:

Lávame ben da miña iniquidade, límpame da miña culpa.

Eu reconeço o meu pecado e teño sempre presente a miña culpa.

Pai, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un filio. Ten compaixón deste pecador.

Imposición das mans e absolución

Deus, Pai misericordioso,
reconciliou consigo o mundo
pola morte e a resurrección do seu Filio
e verteu o Espírito Santo
para o perdón dos pecados.
El che conceda, polo ministerio da Igrexa,
o perdón e maila paz.
E EU ABSÓLVOTE DOS TEUS PECADOS
NO NOME DO PAI, E DO FILLO
+ E DO ESPÍRITO SANTO
R/ Amén.

Acción de gracias

S/ Deámoslle gracias a Deus, porque é bo. P/

Porque é eterna a súa misericordia.

S/ O Señor perdoouche os teus pecados. Vaite en paz.

Ou ben:

A paixón do noso Señor Xesucristo, a intercesión da benaventurada Virxe María e de tódolos santos,

o ben que fagas e o mal que poidas padecer, sírvanche coma remedio dos teus pecados, crecemento da gracia

e premio para a vida eterna.

Vaite en paz.

Ou ben:

O Señor que te liberou do pecado, te acolla tamén no seu reino.

A el, a gloria polos séculos.

R/ Amén.

4. A COMUÑÓN LEVADA A UN ENFERMO

A gracia do noso Señor Xesucristo,

o amor do pai

e a comuñón do Espírito Santo

sexan con todos vós.

R/ E contigo tamén.

Irmáns: para participar con froito nesta celebración, recoñezamos que somos pecadores:

Eu confésome pecador

díante de Deus onnipotente...

O sacerdote remata:

Deus omnipotente teña piedade de nós, nos

conceda o perdón dos nosos pecados e nos

leve á vida eterna.

R/ Amén.

Palabra de Deus

Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna, e eu resucitareino no último día.

A miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida.

Cada vez que comedes deste pan e bebedes des-re cáliz proclamáde-la morte do Señor ata que volva.

Sagrada comunión

Guiándonos polos consellos do Salvador e seguindo a súa doutrina atrevémonos a dicir: Noso Pa; que estás no ceo...

Entón o ministro mostra o Santísimo Sacramento dicindo:

Este é o Añó de Deus,
que quita o pecado do mundo.
Felices os convidados á cea do Señor.

Todos xuntos din:

Señor, eu non son merecente
de que entres no meu fogar,
mais unha palabra túa
abonda para me sandar.

O ministro:

O Corpo de Cristo (ou *ben:* O Sangue de Cristo). O enfermo responde:
Amén.

Poden seguir uns momentos de silencio. Despois, o ministro remata con esta oración:

Alimentados con esta eucaristía,
facémosche presente, Señor,
a nosa verdadeira gratitude,
implorando da túa misericordia.

Que o Espírito Santo manteña sempre vivo o amor á verdade nestes que recibiron a forza do Espírito. Por Xesucristo, noso Señor.
Amén.

Rito de despedida

O ministro, invocando a bendición de Deus e persignándose, di:

O Señor nos bendiga,
nos garde de todo mal
e nos leve a vida eterna.

Ou ben:

O Señor omnipotente e misericordioso teña piedade de nós,
nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

Todos responden:

Amén.

5. A CONFIRMACIÓN EN PERIGO DE MORTE

O sacerdote impón as mans sobre o enfermo mentres di esta oración:

Deus todopoderoso, Pai do noso Señor Xesucristo. Ti rexeneraches, pola auga e polo Espírito Santo, a este teu servo

e libráchelo do pecado:

escoita a nosa oración e manda sobre el

o Espírito Santo Paráclito;

éncheo do espírito de sabedoría e intelixencia,

do espírito de consello e de fortaleza,

do espírito de ciencia e de piedade,

e atéigao do espírito do teu santo temor.

Por Xesucristo, noso Señor.

R/ Amén.

Despois, o ministro coa punta do dedo polgar da súa man dereita untado de crisma, fai o sinal da cruz na fronte do confirmando, dicindo:

N. RECIBE POR ESTE SINAL O DON DO ESPIRITO SANTO

O confirmando, se pode, responde:

AMÉN.

Cando a uixencia é extrema, abonda que o sacerdote falta a crismación e diga a fórmula sacramental:

N. RECIBE POR ESTE SINAL O DON DO ESPIRITO SANTO.

6. A UNCIÓN DOS ENFERMOS EN PERIGO DE MORTE (sen viático)

Monición

Benqueridos irmáns: O noso Señor Xesucristo dinos por medio do apóstolo Santiago: "¿Está enfermo alguén de vós? Chame os presbiteros da Igrexa, e que recen por el, despois de unxilo con óleo, no nome do Señor. E a oración de fe salvará ó enfermo, e o Señor curarao, e se cometeu pecado, perdoarao".

Poñamos, pois, a noso irmán enfermo nas mans de Cristo, que o ama e que pode curalo, para que lle conceda alivio e saúde.

Se fose preciso, o sacerdote recibe a confesión sacramental do enfermo, o que pode facerse de maneira xeral se non é posible facela doutro xeito. Se o enfermo non fai confesión sacramental, o sacerdote convida a todos a face-lo acto penitencial:

Acto penitencial

Para participar con froito nesta celebración, comecemos recoñecendo os nosos pecados.

Fóise unha pequena pausa en silencio. Despois todos xuntos fan a confesión:

Eu confésome pecador diante de Deus

Segue a absolución do sacerdote:

Deus omnipotente teña piedade de nós, nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

R/ Amén,

Preces

Oremos polo noso irmán e invoquémo-lo Señor, que agora o vai confortar con este sacramento.

Para que Deus recoñeza no noso irmán o rostro dorido do seu Fillo, roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor.

Para que o sosteña e conserve no seu amor, roguemos ó Señor.

R/ Escóitanos, Señor.

O sacerdote impón en silencio as mans sobre a cabeza do enfermo. Se hai que bendici-lo óleo, faino agora.

Bendí, Señor, este óleo,
e tamén o enfermo,

que con el será unxido. *O sacerdote colle o óleo santo e unxe ó enfermo*

na fronte e nas mans, dicindo unha soa vez. •

QUE O SEÑOR CHE AXUDE
POR ESTA SANTA UNCIÓN
E POLA SUA BONDADOSA MISERICORDIA
COA GRACIA DO ESPÍRITO SANTO.

R/ AMÉN.

PARA QUE LIBRE DOS TEUS PECADOS,
CHE CONCEDA A SALVACIÓN
E TE FORTALEZA NA TÚA ENFERMIDADE.
R/ AMÉN.

Oración Final

Señor Xesucristo, Redentor dos homes,
na túa Paixón quixeches atura-los nosos sufrimentos
e as nosas dores.

Pedímosche por N., que está enfermo:

ti que o redimiches, aviva nel a esperanza da súa
salvación e conforta o seu corpo e maila súa alma.
Ti que vives e reinas por, sempre eternamente.

R/ Amén.

E agora todos xuntos, oremos coma o mesmo
Cristo nos ensinou:

Noso Pai que estás no ceo...

Xesucristo, o Señor, estea sempre á túa beira
para defenderte.

R/ Amén.

Que el vaia diante de ti para guiarte e tras de ti para axudarte.

R/ Amén.

Que el vele por ti, te sosteña e te bendiga.

R/ Amén

Ou ben:

A bendición de Deus todopoderoso,

Pai, Fillo + e Espírito Santo

descenda sobre vós

e vos acompañe sempre

R/ Amén.

7. UNCIÓN DOS ENFERMOS "SUB CONDITIONE"

Cando o sacerdote debida se o enfermo vive, pode administra-la unción desta maneira:

Con humildade e confianza invoquémo-lo Señor a prol de N., noso irmán,

para que o visite coa súa misericordia e o conforte coa Santa Unción.

R/ Escóitanos, Señor.

E de seguido dálle a Unción con esta fórmula: SE AÍNDA VIVES, QUE O SEÑOR TE AXUDE POR ESTA SANTA UNCIÓN

E POLA SÚA BONDADOSA MISERICORDIA
COA GRACIA DO ESPÍRITO SANTO.

R/ AMEN.

PARA QUE, LIBRE DOS TEUS PECADOS,

CHE CONCEDA A SALVACIÓN

E TE FORTALEZA NA TÚA ENFERMIDADE.

R/ AMÉN.

8. INDULXENCIA PLENARIA EN PERIGO DE MORTE

O sacramento da Penitencia ou o acto penitencial -previo á Santa Unción ou ó Viático- poden rematarse coa indulxencia plenaria en perigo de morte, que outorgará o sacerdote desta maneira:

No nome do noso Santo Pai o Papa N., concédoche indulxencia plenaria e o perdón de tódolos teus pecados.

No nome do Pai, e do Filio, + e do Espírito Santo.

R/ Amén.

Ou ben:

Que Deus Todopoderoso,
pola morte e a resurrección de Cristo,
che perdoe tódalas penas desta vida e da outra,

che abra as portas do paraíso
e te leve á felicidade eterna.
R/ Amén.

9. RECOMENDACIÓN DA ALMA

Fórmulas breves

- Na vida e mais na morte somos do Señor.
- Ternos unha casa que durará sempre no ceo.
- Pasamos da morte á vida, porque amámo-los irmáns.
- A ti, Señor, levanto o meu espírito.
- O Señor é a miña luz e a miña salvación.
- Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do reino preparado para vós.
- Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.
- Todo o que cre no Fillo ten vida eterna.
- Nas túas mans, Señor, encomendo o meu espírito.

- Señor Xesús, recibe o meu espírito

Oracións

1. Alma cristiá, ó saíres deste mundo, vai no nome de Deus Pai todopoderoso, que te creou,

no nome de Xesucristo, Fillo de Deus vivo, que morreu por ti,
no nome do Espírito Santo que baixou sobre ti.
Entra no lugar da paz
e que a túa morada estea xunto a Deus en Sión,
a cidade santa,
con Santa María Virxe, Nai de Deus,
con san Xosé e tódolos anxos e santos.


2. Benquerido irmán:

entrégote a Deus e, como criatura súa,
póñote nas súas mans,
pois é o teu Creador, que te formou do po da terra.
Que ó deixares esta vida, saian ó teu encontro a Virxe María
e tódolos anxos e santos.
Que Cristo, que sufriu a morte de cruz por ti,
che conceda a verdadeira liberdade.
Que Cristo, Fillo de Deus vivo,
te acolla no seu paraíso.
Que Cristo, bo Pastor,
te conte entre as súas ovellas,
che perdoe tódolos pecados
e te agregue ó número dos seus elixidos.
Que poidas contemplar cara a cara o teu Redentor
e gozar da visión de Deus por sempre eternamente.
R/ Amén.

3. Señor Xesús, Salvador do mundo:
encomendámosche a N. e rogámoste que o
recibas na felicidade do teu reino,
pois por el baixaches a este mundo.

E aínda que teña pecado nesta vida, nunca negou u
Pai, ó Filio e ó Espírito Santo, senón que permaneceu na fe e adorou con fidelidade ó Deus que fixo
tódalas cousas.

R/ Amén.



VIII

CAMIÑO DA CRUZ

VIACRUCIS

N nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.
én.

Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo
Como era no principio, agora e sempre eternamente.
én.

Monición

A mensaxe da cruz de Cristo non se pode arredar da súa resurrección e exaltación. No evanxeo de san Xoán aparecen unidos o levantamento de Xesús na cruz e a súa exaltación e glorificación á dereita do Pai. No momento da súa morte, Xesús pronuncia a palabra victoriosa; "Está cumprido" (Xn 19,30)

Segundo san Xoán, a cruz é, ó mesmo tempo, o xuízo do mundo e dos seus poderes, inimigos de Deus. A cruz pon ó descuberto o pecado, a inxustiza e a mentira, e revela o amor, a xustiza e a verdade superiores de Deus. É a forza e a sabedoría de Deus. Pola cruz "el destituíu os principados e potestades converténdose en espectáculo público levándoos como cativos no cortexo triunfal da cruz" (Col 2. 15).

Esta devoción do Vía Crucis ha de axudarme, non só a acompañar a Xesús, senón tamén, e sobre todo, a reflexionar cal é a miña parte na cruz de Xesús e na miña persoal actitude ante a miña propia cruz.

I Estación: Xesús é condenado a morte

Palabra de Deus: "Entón soltou a Barrabás, e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen" (Mt 27,26)

Señor Xesús, que aceptaches esta sentença inxusta para salvarnos; ti sabías que chegaría este momento, e desexábalo por se-la vontade do Pai. O teu amor é así de xeneroso; e a miña covardía, moitas veces, semellante á de Pilato.

¡Axúdame, Señor, a ser valente e a non condenarte nunca máis cos meus pecados!

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

II Estación: Xesús carga coa cruz

Palabra de Deus: "E despois de faceren riso del, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. Despois levárono fóra, para o crucificaren" (Mc /5, 20). "Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado da Caveira, que se di Gólgota en hebreo" (Xn 19, 17).

Señor Xesús, fai que as miñas mans e sobre todo a miña vida collan con amor as cruces grandes e pequenas que Deus me mande. Todas elas serviranme para sufrir contigo e salva-lo mundo...

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

III Estación: Xesús cae por primeira vez

O Señor cae ó chan, baixo o peso da cruz, que, dalgunha maneira, mostra o peso dos nosos pecados, dos pecados do mundo. Os soldados fórzanos para que se erga e, cheo de po, esgotado, volve toma-la cruz.

Xesús: Ti ensinásme, así caído, que non sempre serei capaz de camiñar de pé e animoso. Fai entón que me recorde de ti e saiba tomar de novo a miña cruz.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

IV Estación: Xesús encóntrase coas mulleres

Palabra de Deus: ía tras del unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús volviéndose a elas, díxolles: -Filas de Xerusalén, non choredes por mM; chorade mais ben por vós e polos vosos fillos" (Lc. 23,27-28)

Xesús, entre aquelas mulleres estaría sen dúbida María, a túa nai. Non che importa que sufran os que ti amas se unen a súa dor coa túa, pois tamén esta

serve para salva-lo mundo. O meu sufrimento nunca significa que ti deixas de amarme.

Que eu como as mulleres, como María, saiba ser forte nos momentos de dor.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

V Estación: Simón de Cirene axuda a Xesús

Palabra de Deus: "Por alí pasaba Simón de Cirene, que volvía da leira -o pai de Alexandre e de Rufo- e obrigárono a cargar coa cruz" (Mc 15 , 2 I),

Xesús precisa axuda para leva-la cruz, onte e hoxe. Que eu estea disposto a converterme en axudante de Cristo, e tódolos que sofren neste mundo tomen conciencia de estar axudando a Cristo a leva-la súa cruz, pois só así triunfarán de verdade.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

VI Estación: A Verónica limpa o rostro de Xesús

Son moitos os curiosos que miran a procesión de axusticiados, pero poucos os que senten compaixón e pena de ver así a Xesús, e moito menos os que se deciden a achegarse a el e limparlle a suor e o po. Só unha muller ten a decisión valente de facelo, sen respecto humano e sen medo ás consecuencias.

O medo é unha actitude moi frecuente nos que

nos dicimos discípulos de Cristo, candoa fe non é forte. O medo aparece cando ternos que confesar a Cristo diante dos homes. Cristo dinos, tamén a nós:

"Homes de pouca fe, ¿por que temedes?" Señor aumenta a nosa fe para que te poidamos confesar sempre, tanto con palabras coma por obras.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

VII Estación, Xesús cae por segunda vez

O camiño e encostado. A Xesús fáltanlle as forzas: a cruz, o xuízo, os azoutes, as burlas, o non durmir. Sempre se nos dixo que estas caídas de Xesús han de recordárno-las nosas caídas, que son moitas máis. Hei pedirlle a Xesús que me dea forzas para que me teña en pé, para que poida camiñar polos vieiros do Evanxeo, ergueito, sen caídas, sen negacións, porque confío nel.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

Estación: Xesús consola as piadosas mulleres

Xesús sempre está disposto a consolar a aqueles que se unen ós seus sentimentos, que compadecen con el, que sintonizan con el. Non se trata dun sentimentalismo pasaxeiro e superficial, que se reduce a

estes momentos de celebración do Viacrucis, senón que ha ser unha maneira continuada de sentirme unido ós gozos e ás penas de Xesús, e de uni-los meus gozos e as miñas penas cos do Señor.

–Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

IX Estación: Xesús cae por terceira vez

Aí están de novo as miñas caídas, as de todo o mundo, os odios, os rancores, as violencias, as guerras, as marxinacións, as fames, as inxustizas; todo o mal que está presente na historia. ¿Non seremos capaces de aliviarlle tanto peso? Comecemos por recoñecer humildemente que todos temos aquí a nosa responsabilidade. Despois, un acto de conversión, de cambio, de renovación no meu pensar, no meu falar e no meu obrar.

Cristo hoxe cae nos irmáns que sofren. Aí teño que estar eu para levantalos a unha vida mellor.

–Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

X Estación. Xesús expido dos seus vestidos

Palabra de Deus: "Entón os soldados, cando crucificaron a Xesús, colleron a roupa del e fixeron catro partes, unha para cada soldado/ e maila túnica. Era unha túnica sen costura, tecida dunha peza de arriba abaixo" (Xn r 9, 23) .

O feito de encontrarse unha persoa espida produce a sensación máis radical da pobreza. O que non ten nin vestido, non ten nada; fáltalle o signo externo de ser alguén. O home sempre quixo ser roáis, sobre todo pola súa maneira de vestir. Cristo dános aquí, coma no seu nacemento un exemplo de aceptación da pobreza, de que a grandeza da persoa non está nas cousas, nin no vestido, senón na capacidade interior de amar a Deus e ós irmáns. É rico quen ama moito.

–Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

XI Estación: Xesiis cravado na cruz

Palabra de Deus: "Era a media maná cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: O rei dos xudeus. Con el crucificaron tomen a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda" (Mc 15 ,25-27);

Outra vez a nosa responsabilidade na crucifixión de Xesús, e outra vez está repetida ou actualizada en tantos crucificados. Quizais sintámo-lo feito histórico da crucifixión de Cristo, pero non así a actualidade de tantos irmáns nosos crucificados polos que gobernan, polos que mandan, por nós mesmos. A paixón de Cristo sempre é actual neste inundo crucificado.

–Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

XII Estación: Xesús morra na cruz

Palabra de Deus: "Pero Xesús, dando un berro moi alto, expirou. O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba diante, oíndo o grito que deu ó morrer, dixo: Verdadeiramente este home era Filio de Deus" (Mc 15,37-39) .

O sufrimento de Deus na cruz obriga ó cristián a leva-la carga do próximo e a loitar, sempre que sexa humanamente posible, por evitar ou mingua-lo seu sufrimento. Pero, a pesar de tódolos nosos esforzos, aínda quedará moita dor que non poderemos aliviar. Será entón cando a cruz nos reconforte "esperando contra toda esperanza" (Rom 4, i 8).

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

XIII Estación: Xesús nos brazos de María

A Virxe María recibe nos seus brazos o corpo destrozado de Xesús, recordando, sen dúbida, aquela primeira vez que o tivo, neno acabado de nacer Belén. Quizais hoxe teña as ideas máis claras sobre o misterio de Xesús e da súa cruz. Sente a dor máis desgarrada dunha nai, ó ve-lo seu filio así, mais non deixa de ser unha dor de parto, pois alí está nacen-do a súa maternidade universal.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

XLV Estación: Enterran o corpo de Xesús

Palabra de Deus: "Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume de sepultar entre os xudeus, enfabárono en panos, con aromas. No sitio onde crucificaran a Xesús había un xardín, e no xardín un sepulcro novo, do que aínda non usara ningún. Puxeron alí a Xesús, por mor da Preparación dos Xudeus, pois o sepulcro estaba cerca" (Xn 19-40-42).

Xesús dixerá: "Se o gran de trigo non morre, non dará froito". El é agora, no sepulcro, ese gran enterrado que nos dará a espiga marabillosa da súa e da nosa resurrección. Polo bautismo estamos incorporados á morte de Cristo. Cada momento e cada día do cristián ten que ser un pouco morrer a nós meamos e ó mundo, para resucitarmos con Cristo.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste.

Pola túa cruz redimíche-lo mundo.

Oración final

Noso Señor Xesucristo, acabo de acompañarte no camiño da cruz. Para aún, o camiño da cruz é o camiño da miña vida cotiá. Ti salváche-lo mundo pola cruz. Eu quixera axudarche a salvarlo.

Virxe María, Nai dolorosa, axúdame a cumprir este propósito que lle Pago a Xesús, teu Filio, despois de rezar este Viacrucis. E que nunca me deixe o recordo da súa Paixón e morte, proba do amor que el nos ten. Amén.



IX

CAMIÑO DA LUZ

PASCUA: CAMIÑO DA LUZ

Monición

A devoción do Viacrucis (Camiño da cruz) é verdadeiramente popular, xa que durante séculos as xeracións cristiás acompañaron a Cristo no camiño do Calvario, meditando os feitos da súa Paixón e morte na cruz. Todo isto significaba que os crentes tiñamos, e que seguimos tendo, máis devoción a Cristo crucificado que a Cristo resucitado.

Sen embargo, o misterio da cruz non ten sentido se non o vinculamos co misterio da Resurrección. San Paulo dinos que "Cristo morreu polos nonos pecados e resucitou para a nosa xustificación".

É preciso, polo tanto, que cada día descubramos máis a nosa devoción a este misterio de Cristo resucitado. Este camiño que irnos andar agora tenta precisamente iso: seguir na fe a Cristo resucitado (I).

I. De feito seguírno-lo folleto de X.L. Martín Descalzo.

I Estación: Xesús, resucitado, acada a verdadeira vida

Palabra de Deus:

Mt 28, 1-6

Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Magdalena e maila outra María foron visita-lo sepulcro. Entón produciuse un grande terremoto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela. Tiña o aspecto dun relampo, e o seu vestido era branco coma a neve. Os gardas tremeron de medo, ficando coma mortos. Mais o anxo díxolles as mulleres:

-Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado.

Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vinde velo sitio onde estaba.

Oración

Gracias, Señor, porque, ó racha-la pedra do teu sepulcro, trouxéchesnos nas mans a verdadeira vida, non só un anaco da que os homes chamamos vida, senón a que nunca esmorece, a mesma vida de Deus.

Gracias por este gozo, gracias por esta Gracia, gracias por esta vida eterna que nos fai inmorrentes, gracias porque ó resucitares inauguráche-la nova humanidade

e puxéchesnos nas mans esta vida multiplicada, este milagre de ser homes e roáis, esta delicia de nos sentir partícipes do teu triunfo, este sentirmonos e sermos fillos e membros do teu coreo de home e Deus resucitado. Noso Pai que estás no ceo...

II Estación: O sepulcro baleiro móstranos que Xesús venceu a 'norte

Palabra de Deus

Mc 16, 2-6

Moi cedo, no primeiro día da semana, despois da alborada foron ó sepulcro. Ían comentando entre Blas:

-¿Quen nos vai arreda-la lousa da entrada do sepulcro?

Pero erguendo a vista, descubriron que a lousa estaba arredada; iso que era moi grande. Entrando no sepulcro, viron un mozo vestido de branco, sentado no lado dereito, e quedaron espantadas. Pero el díxolles:

-Non vos espantedes. ¿Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou. Mirade o lugar onde o puxeron.

Oración

Señor, hoxe, ó resucitares, deixáche-lo teu sepulcro aberto coma unha enorme boca,

que berra que vencíche-la morte.
 Ela, que ata onte era a raíña deste mundo,
 a quen se sometían os pobres e mailos ricos,
 bátese hoxe abalada,
 vencida pola túa forza de mono-vencedor.
 ¿Como poderían apreixoa-la túa forza
 uns metros de terra?
 Erguíche-lo teu corpo da coya
 como se ergue unha chama,
 como o sol se ergue tralos montes do mundo,
 e quedouse a morte morta,
 amordazada e vencida,
 derrubado para sempre o seu terrible poder.
 O sepulcro é a proba:
 ningún nin nada encadea a túa alma
 rebordante de vida,
 e esta tumba baleira mostra
 agora que Ti es un Deus de vivos e non de mortos.
 Noso Pai que estás no ceo...

**DI. Estación: Xesús, baixando ó reino da morte,
 mostra o triunfo da súa resurrección.**

Palabra de Deus

I Pedr 3, 18-19

Tamén Cristo morreu unha vez polos vosos pecallos, o xusto polos pecadores, para vos achegar a

Deus; sufriu a morte na carne, pero recibiu vida no

espírito. Foi daquela cando lles foi proclama-la salvación mesmo ós espíritos encadeados, que foran rebeldes.

Oración

Pero non resucitaches para Ti só. A túa vida era contaxiosa e quería repartir entre todos
 o pan bendito da túa resurrección.
 Por iso baixaches ata o seo de Abraham para darlles ós mortos de mil xeracións
 a garimosa esmola da túa vida recen conquistada.
 E os vellos patriarcas e profetas,
 que te esperaban desde séculos
 séculos, puxéronse en pé e aclamáronte, dicindo:
 "Santo, Santo, Santo.
 Digno é o año que coa súa morte nos infunde vida,
 (me coa súa nova vida nos salva da morte.
 E cen mil veces santo
 é este Salvador que se salva e nos salva".
 E tenderon as súas mans cara a Ti.
 E das túas mans xurdiu este novo milagre,
 o da multiplicación do sangue e da vida.
 soso Pai que estás no ceo...

W Estación: Xesús resucita pola fe na alma de María.

Palabra de Deus Lc i, 41-49

Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou:

A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador, porque reparou na súa humilde escraviña.

Velaí: desde agora

tódalas xeracións me van felicitar.

¡Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo.

Oración

Non sabemos se aquela mañá do domingo

visitáche-la túa Nai,

Pero estamos seguros de que resucitaches nela

e para ela,

que ela bebeu a grandes grolos a auga da

túa resurrección,

e que a túa doce presenza foi quitando un a un os coitelos

que traspasaban a súa alma de muller e Nai.

Non sabemos se te viu cos seus ollos,

pero si que te abrazou cos brazos da alma,

que te viu cos cinco sentidos da súa fe.

¡Ai, se nós soubesemos gustar un anaquiño do seu gozo!

¡Ai, se aprendesemos a resucitar en Ti coma ela!

¡Al., se o noso corazón estivese tan aberto como estivo o de María aquela mañá do domingo!

Noso Pai que estás no ceo ...

V. Estación: Xesús elixe unha muller como apóstolo dos seus discípulos

Palabra de Deus

Xn 20. 11-18

María quedara ó pé do sepulcro, na parte de fóra, , horando. Sen deixar de chorar, abaixouse a ollar no sepulcro. Viu dous anxos de branco, sentados, un á cabeceira e outro ós pés do sitio onde xacera o coreo de Xesús.

Eles preguntáronlle:

- Muller, ¿por que choras?

Ela respondeulles:

- Porque colleron ó meu Señor e non sei onde o puxeron.

Dito isto, virouse cara atrás e viu a Xesús alí de pé pero sen se decatar de que era Xesús. Xesús preguntoulle:

-Muller, ¿por que choras? ¿A quen buscas?

Ela, cuidando que era o xardineiro, díxolle:

-Señor, se o levaches ti, dime ónde o puxeches, que eu o collerei.

Xesús díxolle:

-María!

Ela virándose, exclamou en hebreo:

- "labboni!" (que quere dicir "Mestre").

Xesús díxolle:

-Sóltame, que aínda non subín onda ó Pai; vai onda os meus irmáns e dilles: "Subo onda meu Pai e voso Pai, o meu Deus e o voso Deus".

María Magdalena foilles contar ós discípulos que vira o Señor, e que lle dixera estas cousas.

Oración

O mesmo que María Magdalena, dicimos hoxe nós:

"Colleron o meu Señor, e non sei onde o puxeron".

Irnos polo mundo e non encontramos nada en que poñemos os ollos,

ninguén en quen poidamos poñer enteiro o noso corazón.

Desde que ti te fuches, quitáronno-la alma

non sabemos onde basea-la nosa esperanza, nin encontramos unha soa alegría que non teña veneno.

¿Onde estás? ¿Onde fuches, xardineiro da alma?

¿en que sepulcro, en que xardín te escondes?

pu será que ti estás diante mesmo dos nosos ollos e non sabemos verte?

¿Estás nos irmáns e non te coñecemos?

¿Acóchaste nos pobres, neles resucitas,

e nos pasamos á súa beira sen recoñecerte?

Chámame polo meu nome, para que te vexa,

para que recoñeza a voz coa que fai anos

me chamaches á vida no bautismo,

para que redescubra que ti e-lo meu Mestre.

E mándame de novo a comunica-lo teu gozo ós meus irmáns,

faiame apóstolo de apóstolos

como aquela muller privilexiada

que, porque te amou tanto,

coñeceu o privilexio de bebe-la primeira

o primeiro sorbo da túa resurrección.

Noso Pai que estás no ceo ...

VI Estación: Xesús devolve a esperanza a dous discípulos desalentados.

Palabra de Deus. Lc 24, 13 -31

Aquel mesmo día dous deles ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. ían falando de canto pasara. E resulta que mentres paraban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba con eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñecer.

Entón preguntoulles:

–¿De que ides falando polo camiño?

Eles pararon cun aspecto moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

–¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén que non sabe nada do que pasou alí durante estes días? El preguntou:

–¿De que, logo?

Eles contestaron:

–Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron. Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel: pero xa van ala tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ó risca-lo día ó sepulcro. E, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el

vive. E algúns dos nosos alá foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.

Entón díxolles:

–¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo ¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?

E comezando por Moisés e tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

–Quédate connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.

Quedou con eles. E, mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendíxoo e partiuno e déullelo. Entón abríronselle-los ollos e recoñecérono; pero el desaparecen.

Oración

O mesmo cós dous de Emaús aquel día, tamén eu ando decepcionado e triste pensando que no mundo todo é morte e fracaso. A dor é máis forte ca min, apréixame a soidade e digo que ti, Señor, nos deixaches.

Se leo as túas palabras resúltanme insípidas;
 se miro os teus irmáns, parécenme inimigos;
 se examino o futuro, só vexo desgracias.
 Estou desalentado. Coido que a fe é un fracaso,
 que perdín o tempo seguíndote e buscándote,
 e ata me parece que triunfan e viven máis alegres
 os que adoran o doce becerro do diñeiro e do vicio.
 Arrédome da túa cruz, busco acougo na miña casa
 dos esquecementos
 disposto a manterme desde hoxe
 nas viñas da mediocridade.
 Non perdín a fe, pero si a esperanza,
 si a forza de seguir apostando por ti.
 ¿Non poderías saír hoxe ó camiño
 e pasear comigo coma aquela mañá cos dous de
 Emaús?
 ¿Non poderías quedarte a durmir connosco
 e facer que descubrámo-la túa presenza no Pan?
 Noso Pai que están no ceo...

VII Estación: Xesús móstralles ós seus a súa carne ferida e vencedora.

Palabra de Deus Xn 20, 26-31

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Torné con eles, chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio dixo:

-Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé:

-Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle:

-¡Ivleu Señor e meu Deus!

Xesús díxolle:

-¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren! Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo teñades vida nel.

Oración

Gracias, Señor, porque resucitaches non só coa túa alma, senón tamén coa túa carne.

Gracias porque quixeches volver da morte traendo as túas feridas.

Gracias porque deixaches a Tomé que puxese a súa man no teu costado e comprobase que o Resucitado é exactamente o mesmo que morreu na cruz. Gracias por explicarnos que a dor nunca pode amordaza-la alma

e que, cando sufrimos, estamos tamén resucitando.
 Gracias por ser un Deus que aceptou o sangue,
 gracias por ser un home enteiro e verdadeiro.
 Agora sabemos que es un de nós
 sen deixar de ser Deus,
 agora entendemos que a dor
 non é un fallo das túas mans creadoras;
 agora que ti o fixeches teu
 comprendemos que o pranto e as feridas
 son compatibles coa resurrección.
 Déixame que che diga que me sinto orgulloso
 das túas mans feridas de Deus e noso irmán.
 Deixa que entre as túas mans crucificadas
 poña estas mans maltreitas do meu oficio de home.
 Foso Pai que está no ceo...

VIII Estación: Co seu corpo glorioso, Xesús
 explica que tamén os nosos resucitarán.

Palabra de Deus Lc 24, 36-43

Estando eles comentando estas cousas, presentáuselles Xesús no medio e díxolles:

-¡A paz sexa convosco!

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

-¿Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés; sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un

espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.

E dicindo isto, mostrólle-las mans e mailos pés.
 Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acaban de crer. Xesús preguntoulles:

-"rendes algo que comer por aí?"

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles.

Oración

"Mirádeme ben. Tocádeme. Comprobade que non son unha pantasma",
 dicíaslles ós teus, temendo que cresen
 que a túa resurrección fose tan só un símbolo,
 unha doce metáfora, unha fermosa ilusión
 para seguir vivindo.

Era tan grande o gozo de volverte encontrar vivo,
 que non podían crelo;
 non cabía nas súas pobres cabezas,
 que entendían de prantos, pero non de ledicias.
 O home, xa o sabes, é incapaz de moitas esperanzas.
 Como el ten o corazón pequeno,
 coida que o teu tamén é cativo.
 Corno te ama tan pouco,
 non pode sospeitar que ti o ames tanto.

Como vive amasando anaquiños de tempo,
sente vértigo ante a eternidade.
E así vai polo mundo arrastrando a súa carne,
sen sospeitar que pode ser unha carne eterna.
Coñece o pudrideiro onde morren os mortos;
mais non pode imaxinarse o día no que eses mortos
volverán ser nenos, cunha infancia eterna.
iMóstranos ben o tu corpo, Cristo vivo;
ensínanos agora a verdadeira infancia,
a que ti nos preparas máis alá da morte!

Noso Pai que estás no ceo...

**IX Estación: Xesús bautiza ós seus apóstoles
contra o medo.**

Palabra de Deus Xn 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán,
estando pechadas as portas onde estaban os
discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e
poñéndose no medio, díxolles:

–Paz convosco.

Dito isto, mostrólle-las mans e mailo costado. Os
discípulos alegráronse, vendo o Señor. E díxolles outra
vez:

–Paz convosco: como o meu pai me
mandou a min, tamén eu vos mando a vós.
E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

–Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los

pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos
reteñades, quedaránlles retidos.

Oración

Xa pasaron, Señor, vinte séculos
da túa Resurrección
e aínda non perdémo-lo medo,
aínda non estamos seguros; aínda ternos medo
de que as portas do inferno
poderán prevalecer algún día,
se non contra a túa Igrexa,
si contra o noso pobre corazón de cristiáns.
Aínda vivimos mirando a tódalas partes,
menos cara ó ceo.
Aínda cremos que o mal será máis forte cá túa mesma
Palabra.
Aínda non estamos convencidos
de que ti vencíche-la dor e maila morte.
Seguimos vacilando, dubidando, camiñando entre
preguntas,
amasando angustias e tristuras.
Repítenos de novo que ti deixaches paz abondo
para todos.
Pon a túa man no meu ombreiro e grítame:
non temas, non teñas medo.

Infunde a túa luz e a túa certeza,
 dáno-lo gozo de sermos teus,
 asoláganos da alegría do teu corazón.
 Fainos, Señor, testemuñas do teu gozo.
 ¡E que o mundo descubra o que é crer en ti!

Noso Pai que estás no ceo...

X Estación: Xesús anuncia que seguirá sempre
 connosco.

Palabra de Deus

Mt 28, 16-20

Os once discípulos fóronse para Galilea ó monte
 onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante
 el, inda que algúns dubidaban. Xesús, achegándose,
 díxolles:

-Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide,
 pois, e facede discípulos meus a tódolos pobos,
 bautizándoos no nome do Pai e do Filio e do Espírito
 Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei.
 Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin
 do mundo.

Oración

"Eu estarei convosco ata a fin do mundo".
 Esta foi a máis grande de tódalas promesas, o
 máis xubiloso de tódolos anuncios. ¿Ou
 quizais ti poderías visitar esta terra

coma un sorrinte turista do ceo,
 parar á nosa beira, pórnola man sobre o ombreiro,
 darnos bos consellos
 e volver despois ó teu seguro ceo,
 deixando ós teus irmáns sufrindo na estacada?
 ¿Poderíós vir ós nosos prantos de visita,
 sen pecharte neles?

¿Deixarnos logo sós, limitándote a ser un inspector
 das nosos culpas?

Ti xogas limpo, Señor. Ti baixas a ser home,
 para selo de todo, para selo con todos,
 disposto a darlle ó home non só unha esmola de
 amor
 senón o amor enteiro.

Desde entón, o home non está só,
 ti estás en cada esquina das horas esperándonos,
 máis noso ca nós,
 máis dentro de min mesuro cá miña alma.

"Non vos deixarei orfos", dixeches.
 Desde entón estivo cheo o noso corazón.

Noso Pai que estás no ceo...

XI Estación: Xesús devólvelles ós seus apóstolos a alegría perdida

Palabra de Deus Xn 21, 1-14

Máis adiante aparecéuselles outra vez Xesús ós seus discípulos onda o lago de Tiberiades. Foi leste xeito: Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé, o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus.

Simón Pedro díxolles:

-Vou pescar.

Eles contestaron:

–Imos nós contigo tamén.

Sáron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de rompe-lo día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

–Rapaces, ¿tendel algo que comer?

Eles responderon:

–Non.

Díxolles entón:

-Largade o aparello por estribor e atoparedes.

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. Daquela, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

–É o Señor.

Entón Simón Pedro, ó escoitar que era o Señor. cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ó ruar. Os outros discípulos chegaron no bote, porque non

estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros, remolcando o aparello cos peixes. Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan.

Xesús díxolles:

-Traede peixes dos que acabades de coller.

Simón Pedro subiu ó bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello.

Xesús díxolles:

-Vinde comer.

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntadle "ti quén es", sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou ós seus discípulos resucitado de entre os mortos.

Oración

Desde que ti te fuches non pescamos nada.
Levamos vinte séculos botando sen éxito as
redes da vida,
e entre as súas mallas só pescámo-lo baleiro.
Innos queimando horas e a alma segue seca.
Fixémonos estériles,

o mermo ca unha terra de cemento.
 ¿Estaremos xa mortos? ¿Desde hai cantos anos
 non nos ternos rido?
 ¿Quen recorda a última vez que amamos?
 E unha tarde ti volves e disnos: "Bota a rede
 á túa dereita,
 atrévete de novo a confiar, abre a túa alma,
 saca do vello cofre as novas ilusións,
 dálle corda ó corazón, érguete e camiña".
 E facémolo só por darche gusto.
 De súpeto as nosas redes rebordan alegría,
 resucítano-lo gozo
 e é tanto o peso do amor que colleitamos
 que a rede se nos racha,
 cargada de cento cincuenta novas esperanzas.
 Tí, Señor, fecundador das almas:
 achégate á nosa beira,
 camiña sobre a auga da nosa indiferencia,
 devólveno-la túa alegría.
 Noso Pai que estás no ceo...

xua Estación: Xesús encárgalles ós doce a misión de
 evanxelizare

palabra de Deus

Mt 28, 16-20

Os once discípulos fóronse para Galilea ó monte
 onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante el,
 aínda que algúns dubidaban. Xesús, achegándose,
 díxo

seme todo poder no ceo e mais na terra.

Jes:

Ide, pois, e facede discípulos meus a tódolos pobos,
 bautizándoos no nome do Pai e do Filloe do Espírito
 Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei.
 Asegúrovos que eu estarei convosco ata a fin do
 mundo.

Oración

E aínda che faltaba o penúltimo gozo:
 deixar nas nosas mans o facho da túa fe.
 Ti poderías terte reservado ese oficio,
 sementar ti en exclusiva a gloria do teu nome,
 falar ti ós corazóns,
 poñer en cada alma a sagrada semente do teu amor.
 ¿Quizais non es ti a única Palavra?
 ¿Non es ti o único xardineiro das almas?
 ¿Non é túa a gracia?
 ¿Hai algo de tí ou de Deus que non xurda
 das Lúas mans?

¿Para que precisas axudantes, intermediarios, colaboradores.

que nada achegarán se non é o seu barro?

¿Que poñen as nosas mans que non sexa torpeza?
Pero ti, coma un pai que senta o seu neno ó volante e lle di:

"Agora conduce ti", quixeches deixar

nas nosas mans

a tarefa de face-lo que só ti fas:

levar con gozo e orgullo

de mans en mans o facho que ti acendes.

Noso Pai que estás no ceo...

MV Estación: Xesús sobe ó ceo para abrírno-lo cainin^o.

Palabra de Deus

Feit 1, 9-14

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

-Galileos, ¿que facedes ollando para o ceo? este Xesús que vos foi levado de entre vós ó ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

Entón volveron para Xerusalén desde o chamado Monte das Oliveiras, que está cerca de Xerusalén; distante o camiño que se pode facer en sábado. Logo

que chegaron, subiron ó cuarto de arriba, onde residían Pedro, Xoán, Santiago, Andrés, Felipe, Tomé, Bartolomeo, Mateo, Santiago de Alfeo, Simón o Zelota e Xudas o de Santiago. E todos eles adicábanse conxuntamente á oración, coas mulleres e mais María, a nai de Xesús e cos seas irmáns.

Oración

A derradeira ledicia foi quedarte marchándote.

A túa subida ó ceo foi ganancia, non perda;

foi baixar á entraña, non evadirte.

Ó perdeste nas nubes,

vaste sen afastarte

ascendes e quedaste,

sobes para levarnos,

sinalas un camiño,

abres un suco.

A túa ascensión ó ceo é a última proba

de que estamos salvados,

de que estás en nós por sempre e para sempre.

Desde aquel día a terra non é un sepulcro baleiro,

senón un corro de mans;

non unha longa nostalgia, senón un amor crecente.

Quedaches no pan, nos irmáns, no gozo, no riso,

en todo corazón que ama e espera,
nestas nosas vidas que cada día ascende á túa beira,

Noso Pai que está no ceo...



DEVOCIÓNS A SAÍNTA MARÍA

1. 0 SANTO ROSARIO

Polo sinal + da santa cruz,
dos nosos + inimigos
líbranos Señor + noso Deus.
No nome do Pai, e do Filio e do Espírito Santo.
Amén.

Acto de contrición
Meu Señor Xesucristo,
verdadeiro Deus e verdadeiro home,
meu Salvador e Redentor;
por seres ti a Bondade infinita
e porque te quero sobre tódalas cousas,
pésame de todo corazón por te ter ofendido,
pésame tamén porque me podes castigar
coas penas do inferno.
Prométoche, coa axuda da túa gracia,
nunca máis pecar, confesarme
e cumpri-la penitencia
que me poñan. Amén.

V/ Abre, Señor, os meus labios.

R/ E a miña boca cantará para ti loanzas.

V/ Corre, Deus, para librar-me.

R/ Dáte présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ó Pai, e ó Filio e ó Espírito Santo.

Como era no principio agora e sempre eternamente.

Amén. (Aleluia).

Misterios gozosos do santo Rosario (Luns e xoves).

Primeiro Misterio: a Virxe María, por obra do Espírito Santo, concibe a Xesús, o noso Salvador.

Palabra de Deus

Lc 1, 26-38

Ós seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaré, onde unha mociña prometida a un borne da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

–Alégrate, chea de gracia, o Señor está contigo. Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significa-lo saúdo aquel.

O anxo continuou:

–Non teñas medo, María, porque ti atopaches gracia ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un Fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Filio do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David,

seu pai; reina rá por sempre na casa de Xacob, e o seu reino non terá fin.

María respondeulle ó anxo:

–¿E como será isto, pois eu son virxe?

O anxo replicoulle:

–O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por eso o que val nacer de ti será santo e chamarase filio de Deus. Aí te-la túa curmá Isabel, que concibiu un filio na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamabas estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou:

–Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

Noso Pai que estás no ceo... /

O Ave María

Gloria ó Pai e ó Filio...

Segundo Misterio: Nosa Señora, santa María, visita á súa curmá, santa Isabel.

Palabra de Deus

Lc 1, 39-45

Naqueles mesmos días saíu María con moita preta camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre, ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor.

Noso Pai que estás no ceo...

10 Ave María

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Terceiro Misterio. • Noso Señor, Fillo de Deus, nace na coya de Belén.

Palabra de Deus

Lc 2, 16-19

Foron (os pastores) ás carreiras e atoparon a María e mais Xosé, e á criatura deitada na manxadaira. Ó que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Noso Pai que estás no ceo...

10 Ave María

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Cuarto Misterio: Nosa Señora vai ó templo de Xerusalén a purificarse e presenta-lo Neno Xesús.

Palabra de Deus

Lc 2, 22-24

E cando chegou o tempo da purificación, conforme á Lei de Moisés, Levaron o neno a Xerusalén, para o presentaren ó Señor (pois así está escrito na Lei do Señor: "Todo home primoxénito consagraredes ó Señor"), e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: "Un par de rulas ou dous pombiños".

Noso Pai que estás no ceo...

10 Ave María

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Quinto Misterio: Perden o Neno Xesús, pero atópano no templo.

Palabra de Deus

Lc 2,41-50

Polas festas de Pascua os pais ían tódolos anos a Xerusalén. E así, cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme a tradición. Pasados aqueles días, cando eles volvían, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen. Coiando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñeci-

dos. Pero como non deron con el, volveron a Xerusalén para buscalo. E resulta que, ó cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles.

Tódolos que o escoitaban estaban asombrados do seu talento e das súas contestacións. Ó velo Pícaron moi impresionados, e a súa nai preguntoulle:

—¡Meu ¿Como te portaches así connosco? Mira que o teu pai e mais eu andamos cheos de angustia na túa procura.

El respondeu:

—¿E logo por que me buscades? tSeica non sabíades que eu teño que estar na casa do meu Pai? Pero eles no entenderon a resposta.

Noso Pai que estás no
ceo... *10 Ave María*
Gloria ó Pai e ó Pillo...

Misterios dolorosos do santo Rosario (Martes e venres).

Primerio Misterio: Xesús fai a súa oración no horto das oliveiras.

Palabra de Deus Mc 14, 32-38

Chegaron a un eido chamado Xetsemaní, e díxolles ós discípulos:

—Sentade aquí, mentres eu vou orar. E levando consigo a Pedro, Santiago e Xoán, em-

pezou a sentir arrepío e angustia. E díxolles:

—Morro de tristura; quedade aquí e vixiade. E avanzando un pouco, caeu no chan, rogando para que se fose posible pasase del aquela hora. E dicía:

—Abba, meu Pai, ti pódelo todo, arreda de min este cáliz Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti.

E volvendo onda eles, atopounos durmindo. Díxolle a Pedro:

—Simón, ¿dormes? ¿Seica non podeades velar unha hora tan sequera? Estade atentos e rogade, para que non se vos someta á tentación. O espírito está disposto, pero a carne é feble.

Noso Pai que estás no ceo...

10 Ave María

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Segundo Misterio: Xesús é flaxelado

Palabra de Deus

Mc 15,15

E Pilato, para compracer ó pobo, soltou a Barrabás; e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Noso Pai que estás no ceo...

10 Ave María

Gloria ó Pai e ó Filio...

Terceiro Misterio: Poñen unha coroa de espiños na cabeza de Xesús.

Palabra de Deus Mc 15, 16-19

Os soldados levárono para dentro do pazo do gobernador, é dicir, do Pretorio, e chamaron a toda a compañía. Vestírono de púrpura, e trenzaron unha coroa con espiñas e encaixáronlla. Empezáronlle a facer saídos:

-iSaúde, rei dos xudeus!

E cunha canivela dábanlle golpes na cabeza, cuspián nel e, axeonllándose, rendíanlle homenaxe.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e 6 Filio_

Cuarto Misterio: Xesús sobe o camiño do Calvario coa cruz ás costas.

Palabra de Deus

Xn 19, 16-17

Daquela, entregóullelo a eles para que o crucificasen. Entón prenderon a Xesús. Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado a Caveira, que se di Gólgota en hebreo. Alí crucificárono, xunto con outros dous, un a cada lado, e Xesús no medio.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Quinto Misterio: Crucifican ó noso Redentor, que inorre na cruz.

palabra de Deus

Mc 15, 25-27

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: "O rei dos xudeus". Con el crucificaron tamén ós dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Pillo...

Misterios gloriosos do santo Rosario (mércores, sábado e domingo)

Primeiro Misterio: Xesús resucita

Palabra de Deus

Mc 16, 5-7

Entrando no sepulcro, viron un mozo vestido de branco, sentado no lado dereito, e quedaron espantadas. Pero el díxolles: -Non vos espantedes. ¿Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou. Mirade o lugar onde o puxeron. Agora ídelles dicir ós discípulos e mais a Pedro que el vai diante de vós a Galilea; alí o veredes, como vos ten dito.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Segundo Misterio: Xesús fai a súa ascensión ó ceo...

Palabra de Deus Lc 24, 50-53

Despois levounos para fóra, a un lugar preto de Betania, e ali, erguendo as mans, bendíxoos e mentres os bendecía, foise separando deles, e foi elevado ó ceo. Eles, despois de se prostraren ante el, volveron para Xerusalén cheos de alegría. E seguían decote, no templo, bendicindo a Deus.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Terceiro Misterio: Vén o Espírito Santo sobre os Apóstolos

Palabra de Deus Feit 2, 1-4

Cando se cumpriron os días de Pentecostes estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron apousando sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Fillo... *Cuarto Misterio:* Asunción ó ceo da nosa Señora, a Virxe María.

Palabra da Igrexa LG, 59

Por fin, a Virxe Inmaculada, preservada de toda culpa orixinal, rematou o decurso da súa vida terrea, e foi asunta en corpo e alma á gloria celestial.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Filio...

Quinto Misterio: A Virxe, Santa María, é coroada como Raíña e Señora de toda a creación.

Palabra da Igrexa LG 59

E foi enalzada polo Señor como Raíña universal para asemellarse de maneira máis plena ó seu Filio, Señor de señores e vencedor do pecado e mais da inorte.

Noso Pai que estás no ceo...

10 *Ave María*

Gloria ó Pai e ó Fillo...

Ave María, Filia de Deus Pai, Virxe purísima e castísima antes do parto, chea de gracia, o Señor está contigo...

Ave María, Nai de Deus Filio, Virxe purísima e castísima no parto, chea de gracia, o Señor está contigo...

Ave María, Esposa do Espírito Santo, Virxe purísima e castísima despois do parto, chea de gracia, o Señor está contigo...

LADAÍÑAS DA NOSA SEÑORA,
A 'VIRXE MARÍA

Señor, ten piedade de nós.

Cristo, ten piedade de nós.

Señor, ten piedade de nós.

Cristo, aténdenos.

Cristo, escóitanos.

Deus Pai celestial,

Ten piedade de nós.

Deus Fillo Redentor do mundo,

Ten piedade de nós.

Deus Espírito santo,

Ten piedade de nós.

Trindade santa, que es un só Deus,

Ten piedade de nós.

Santa María

Roga por nós

Santa Nai de Deus

Roga por nós

Santa Virxe das Virxes

Roga por nós

Nai de Cristo

Roga por nós

Nai da divina gracia

Roga por nós

Nai da Igrexa

Roga por nós

Nai purísima

Roga por nós

Nai castísima

Roga por nós

Nai virxinal

Roga por nós

Nai íntegra

Roga por nós

Nai inmaculada

Roga por nós

Nai amable

Roga por nós

Nai admirable

Roga por nós

Nai do bo consello

Roga por nós

Nai do Creador

Roga por nós

Nai do Salvador

Roga por nós

Virxe prudentísima

Roga por nós

Virxe digna de veneración

Roga por nós

Virxe digna de loanza

Roga por nós

Virxe poderosa

Roga por nós

Virxe clemente

Roga por nós

Virxe fiel

Roga por nós

Espello de xustiza

Roga por nós

Trono de sabedoría

Roga por nós

Causa da nosa alegría

Roga por nós

Vaso espiritual

Roga por nós

Vaso digno de honra

Roga por nós

Vaso insigne de devoción
 Rosa mística
 Torre de David
 Torre de marfil
 Casa de ouro
 Arca de alianza
 Porta do ceo
 Luceiro da mañá
 Saúde dos enfermos
 Amparo dos pecadores
 Consolo dos tristes
 Auxilio dos cristiáns

Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nos
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós

Raíña dos anxos
 Raíña dos patriarcas
 Raíña dos profetas
 Raíña dos apóstolos
 Raíña dos mártires
 Raíña dos confesores
 Raíña das virxes
 Raíña de tódolos santos
 Raíña concibida sen pecado orixinal
 Raíña asunta ó ceo
 Raíña do santo Rosario
 Raíña da familia
 Raíña de paz

Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós
 Roga por nós

Año de Deus que quíta-lo pecado do mundo.
 Perdóanos, Señor
 Año de Deus que quíta-lo pecado do mundo.
 Escóitanos, Señor
 Año de Deus que quíta-lo pecado do mundo.
 Ten piedade de nós

Santa Nai de Deus, roga por nós:
 Para que sexamos merecentes das promesas de noso Señor.

Oremos:

Señor, noso Deus, concédenos ós telas feis gozar sempre de saúde na alma e no corpo.

Que, pola intercesión de santa María sempre Virxe, nos vexamos libres das tristezas desta vida e gocemos das alegrías da vida eterna.

Por Cristo, noso Señor. Amén.

(No tempo da Pascua pódese usar esta outra fórmula)

Raíña do ceo, alégrate, aleluia.
 –Porque o Señor a quen mereciches levar, aleluia,
 Resucitou, conforme á súa palabra, aleluia. Goza e alégrate, Virxe María, aleluia,
 –Porque de verdade resucitou o Señor, aleluia.

Oremos:

Deus, noso Pai,
pola resurrección do teu filio,
noso Señor Xesucristo,
enches de alegría o mundo enteiro.
Concédenos, pola intercesión da súa Nai María,
a Virxe,
alcanza-los gozos da vida terna.
Por Cristo, noso Señor. Amén.

2. NOVENA Á VII { XE MARÍA

Día primeiro: María, elixida antes da creación do mundo.

Monición:

Irmáns: reunidos aquí para celebrármola bondade de Deus, que se manifestou na Virxe María, abrámo-lo noso corazón á Palabra divina, para aco-lla con fe e con alegría.

Cada un de nós foi chamado por Deus para unha vida santa como fillos seus que somos, pero tamén sabemos que só faremos realidade esta vocación cristiá, se en cada día e en cada momento, facemos o que Deus quere de nós.

Non sempre isto será doado, pero temos a María

coma modelo de perfecta fidelidade á vocación. Deus elixiuna por pura iniciativa súa, e polos méritos de Cristo adobiouna e encheuna de gracia. Ela foi sempre fiel á chamada de Deus.

Palabra de Deus

Lc 1, 26, 38

Ós seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaré, onda unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María. Entrando onde estaba ela, díxolle:

- Alégrate, chea de gracia, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significa-lo saúdo aquel. O anxo continuou:

-Non teñas medo, María, porque ti atopaches, gracia ante Deus; e, fíxate, has concibir no teu ventre e darás á luz un filio, ó que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David seu pai: reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ó anxo:

-¿E como pode ser isto, pois eu son virxe? O anxo replicoulle:

-O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Filio de Deus. Aí

te-la túa curmá, que concibiu un filio na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou:

- Velaquí a escrava do Señor; cúmprase en mM o que dixeches.

E o anxo marchou de onda ela.

Reflexión

1. Cada cristián ten unha misión que cumprir neste mundo e na Igrexa. Pero todos temos unha mesma vocación: a vocación a unha vida santa e perfecta ante Deus e ante os homes, que temos que realizar polo amor.

2. Cada un de nós fomos obxecto do amor de Deus gracias a Xesucristo. Toda bendición, todo don, toda gracia, a nosa filiación adoptiva, véñennos dadas por Deus, por medio de Cristo. Antes de que existisemos, xa nos amaba Deus en Cristo e nel e por el nos escolleu para sermos seus fillos.

3. Pero entre todos, Deus quixo dunha maneira especial a María, elixida antes da creación do mundo para ser santa e inmaculada polos méritos de Cristo. Antes de que Xesús vivise dela, xa María vivía do que la ser seu Fillo. Tendo Deus presente o sacrificio redentor de Cristo, ategouna de gracia e gardouna de todo pecado desde o primeiro momento do seu ser. O anxo saúdaa de parte de Deus como "a chea

de gracia" cando lle anuncia a altísima misión para a que foi chamada.

4. A dignidade de María Nai de Deus, a súa dispoñibilidade, o seu SI incondicional, redunda na loanza do Pai. Cada cristián, filio adoptivo de Deus en Cristo, coa súa propia fidelidade e obediencia, co seu si incondicional á vontade de Deus proporciónalle a este o gozo da súa misteriosa paternidade. Todos nós, como María, temos que dicir de verdade "Velaquí a escrava do Señor: fágase en min conforme á túa palabra".

Preces

- * Proclamémo-la grandeza de Deus Pai todopoderoso, que quixo que tódalas xeracións felicitasen a María, a Nai do seu Pillo e pidámoslle dicindo: - Que a chea de gracia interceda por nós.
Deus, admirable sempre nas túas obras, ti quixeches que a Inmaculada Virxe María participase en corpo e alma da gloria de Xesucristo. Fai que tódolos teus fillos desexen esta mesma gloria e camñen cara a ela.
- Que a chea de gracia interceda por nós.
- * Ti que nos deches a María por Nai: concédelles, pola súa mediación, saúde ós enfermos, consolo ós tristes, perdón ós pecadores, e a todos, abundancia de saúde e de paz.
- Que a chea de gracia interceda por nós.

Ti que fixeches de María a Nai de misericordia, concédelles ós que se encontran en perigo gozar do seu amor maternal.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que lle encomendaches a María a misión de nai de familia no fogar de Xesús e Xosé: fai que, pola súa intercesión, tódalas nais promovan nos seus fogares o amor e malla santidad.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

Ti que coroaches a María como Raíña do ceo: fai que os defuntos poidan conseguir con tódolos santos a felicidade do teu Reino.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, noso Deus, ti déchesnos na Virxe María, o modelo de quen escoita a túa Palabra e a pon en práctica. Abre o noso corazón ó gozo da escoita e, por medio do teu Espírito, fai que sexamos lugar santo no que a túa Palabra de salvación se cumpra hoxe. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día segundo: María, a muller que non coñeceu home.

Monición

Irmáns: na vida de María hai unha dispoñibilidade total para ser un instrumento nas mans de Deus. Aluda cando é chamada a se-la Nai do Señor dunha maneira desconcertante ós ollos dos bornes, María vai ser nai conservando enteira a súa virxindade, a que non só non se verá minguada co nacemento de Xesús, senón que por el quedará consagrada para sempre.

A virxindade de María é un misterio de amor e de gracia, que nos fala da marabillosa fecundidade da entrega a Deus e da aceptación de quen veña entrar na historia persoal de cada un.

Palabra de Deus

Mt. 1, 18-23

O nacemento de Xesús foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldrazar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu un soños dicíndolle:

-Xosé, fillo de David, non repares en levar con. tigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñerásle o nome de Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos pecados.

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixerá o Señor por boca do profeta:

-Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un filio, e poñeránlle de nome Emmanuel (que quere dicir Deus connosco).

Reflexión

1. Os acontecementos inesperados desconcértanos, experimentamos inseguridade e medo ante aquilo que pode altera-lo ritmo da nosa vida: unha enfermidade, unha desgracia, etc. Non sempre vemos nestas cousas unha chamada de Deus.

2. O home de fe vive en actitude de buscar para descubri-la vontade de Deus sobre a súa vida e trata de coñece-lo que Deus lle pide. No caso do Pobo de Deus, o Señor deulle un sinal: "A virxe está encinta e dá a luz un filio, e ponlle de nome Emmanuel".

3. Aceptar este sinal non é cousa doada. Non o foi para María e menos aínda para Xosé, pero aquí entra en xogo a confianza no poder de Deus, e en definitiva, a fe na súa Palabra revelada.

Xesús, pola súa orixe divino-humana, concibido virxinalmente, amósase xa como signo de contradicción aínda antes do seu nacemento. Pero a lectura cristiá e tradicional da pasaxe de Isaías é un dato de fe, que revela o preto de si que Deus quixo ter a María. A proximidade do Señor exclúe outras presencias. María sempre virxe: antes e despois do

parto.

4. María é a rapaza marabillosamente grande ante Deus, pero fráxil ante os homes. O amor forte e respectuoso de Xosé, que tamén aceptou que Deus entrase na súa vida, protéxea e guíaa. O cristián confía tamén en Deus, que salva no medio da escuridade da propia vida e da historia humana.

Preces

Evémo-las nosas súplicas ó Salvador, que quixo nacer de María virxe, e digámoslle:

- Que a túa nai, Señor, interceda por nós.

* Xesús, sol de xustiza, a quen a Virxe precedeu immaculada coma aurora reluciente: fai que vivamos sempre iluminados pola claridade da túa presenza. - Que a túa nai, Señor, interceda por nós.

* Salvador do mundo, que coa eficacia da túa redención preserváche-la túa nai de toda mancha de pecado: líbranos a nós de toda culpa. - Que a túa nai, Señor, interceda por nós.

Noso redentor, que fixeches da Virxe María tabernáculo purísimo da túa presenza e sagrario do Espírito Santo: fai tamén de nós templos vivo do Espírito Santo.

- Que a túa nai, Señor, interceda por nós.

- * Rei de Reis, que elevaches contigo ó ceo en corpo e alma á túa nai: fai que aspiremos sempre ós bens do ceo.
- Que a túa nai, Señor, interceda por nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Concede, Señor, ó teu pobo perseverancia e firmeza na fe, e a cantos confesan o teu Filio, Deus de gloria eterna, que naceu de Nai Virxe cun corpo coma o noso, libraos dos males fiesta vida e axúdaos a conseguí-las alegrías eternas. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día terceiro: María, a Virxe crente.

Monición

Irmáns: a actitude fundamental do cristián nas súas relacións con Deus é a fe. A fe como acollida e aceptación da palabra de Deus, a fe como abandono radical nos brazos do Pai, a fe como crenza que tenta traducirse en boas obras.

Ó longo de toda a historia da salvación ten habido moitas testemuñas da fe, moitos crentes con vidas que foron un forte testemuño da acción salvadora de Deus no mundo e na historia.

Máis ningún testemuño tan fermoso e tan chega-

do a nós coma o de María, que soubo, coma ningún, confesar e proclamar que todo o que ela tiña era gracia e bendición de Deus. Por iso ela é a Filia de Sión, benaventurada do Señor.

Palabra de Deus

Lc 1, 39-47

Naqueles mesmos días saíu María con moita pre-sa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel a grandes voces:

- Bendita tí entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre, ditosa tí que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou:

- A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alegrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador.

Reflexión

1. Todo home ten experimentado a dor da soidade, e a alegría de sentirse comprendido e axudado. Non nos bastamos a nós mesmos, senón que preci-sámo-la axuda doutros, sobre todo do Outro, o úni-

co capaz de enche-la nosa insatisfacción e a nosa fame do Absoluto.

2. Para crer, para nos apoiarmos en Deus, ternos que saír de nós mesmos, ternos que racha-las ataduras que non deixan que o noso espírito se eleve. Non é preciso ver nin tocar; é preciso confiar, esperar, buscar, ponerse en camino, compartir con outras persoas a experiencia da fe. Iso foi o que fixo María, cando visitou a Isabel; as súas situacións eran semellantes, pois as dúas foran obxecto dunha especial providencia divina.

3. María, porque sente que todo o recibiu, en vez de compracerse no eloxio de Isabel que loa a súa fe, ergue o seu corazón a Deus e, movida polo Espírito Santo, dá gracias e bendí ó Señor.

4. María representa os "pobres do Señor", e canta a esperanza de Israel, que se viu colmada. É a filla de Sión, personificación do Pobo de Deus, que cre e vive na presenza de Deus que está no medio del. Salve, María chea de gracia, o Señor está contigo.

5. María ensínanos a descubrir esa presenza de Deus na nosa vida de cada día, en cada acontecemento. A fe cristiá ten que levarnos a vivir esa presenza.

Preces

Proclamémo-la grandeza de Deus Pai todopoderoso, que quixo que tódalas xeracións felicitasen a María, a Nai do seu Filio, e pidámoslle dicindo:

– Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que fixeches a María ná de misericordia: fai que os que viven en perigo ou están tentados sintan a súa protección maternal;

– Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que encomendaches a María a misión de nai de familia no fogar de Xesús e Xosé: fai que pola súa intercesión tódalas nais promovan nos seus fogares o amor e a santidad.

– Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que fortaleciches a María cando estaba ó pé da cruz e a enchiches de gozo na resurrección do seu Filio: levanta e fortalece a esperanza dos decaídos.

– Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que fixeches que María meditase as túas palabras no seu corazón e fose a túa escrava fiel, pola súa intercesión: fai de nós fieis servidores e discípulos dóciles do teu Filio.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que coroaches a María raña do ceo: fai que os defuntos poidan conseguir, con tódolos santos, a felicidade do teu Reino.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor e noso Deus, ó teu designio someteuse a Virxe inmaculada, aceptando, cando llo anunciou o anxo, encarnar no seu seo ó teu Filio. Ti que, por obra do Espírito Santo, a transformaches en templo da túa divindade, concédenos, seguindo o seu exemplo, a gracia de acepta-los designios con humildade de corazón. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día cuarto: Santa María, Nai de Deus.

Monición

Irmáns: a fe cristiá non ten por obxecto uns mitos, unhas lendas. A fe, a nosa fe, cre e confesa uns feitos que tiveron lugar de verdade; e así dicimos que Xesucristo, Filio único de Deus, baixou do ceo por nós os homes e para a nosa salvación, e por obra do Espírito Santo encarnou de María, a Virxe, e se fixo home.

A muller que coa súa cooperación fixo posible a vinda do Filio de Deus ó mundo é recoñecida e venerada por todo o pobo cristián como Nai de Deus. Este é o primeiro e o meirande título de María, orixe dos demais. palabra de Deus Lc 2, 1-14

Sáú daquela un decreto do emperador Augusto,

ordenando o empadroamento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, foron a se empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaré, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu filio primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ó descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

- Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David naceuvos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura emburullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte.

E de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que loaba a Deus dicindo:

¡Gloria a Deus no ceo e
na terra paz ós homes
que gozan do seu amor!

Cando os anxos se retiraron marchándose ó ceo,
comentaban os pastores entre eles:

-Vaíamos a Belén ve-lo que sucedeu e que o Señor
nos manifestou

Reflexión

1. Hoxe o mundo é cada vez máis sensible á dignidade, da persoa humana e, dentro desta mesma constante, é o recoñecemento do papel da muller e da súa función. Desde unha perspectiva, cristiá este recoñecemento non é unha novidade, pois para Cristo non hai home nin muller; e cando chegou o tempo de cumprirse o designio de Deus, foi escollida unha muller para que nela se levase a cabo.

2. María é a muller que ten un papel e unha función na historia da salvación; o Pai mandou o seu Filio para que se fixese home por obra do Espírito Santo no seo de María. Xesucristo, o Filio de María, é Deus coma o Pai, é a segunda persoa da Trindade, Deus de Deus, Luz de Luz. Isto fai que María sexa non só Nai do Mesías Salvador, senón a Nai de Deus. Así o cremos e así o proclamamos.

3. Nacendo de María, baixo da Lei, Xesús fará posible que nós nazamos baixo a gracia: El nacía filio

do home sen deixar de ser Deus para que nós nace-
sernos polo bautismo fillos adoptivos de Deus. Esta
é a suprema dignidade e o cumio da dignidade hu-
mana.

4. Xesús, nacido de María, primoxénito de entre
tódolos irmáns que lle nacerían da auga e do Es-
pírito, é tamén a orixe e o motivo do noso culto a
María, da nosa veneración máis sublime. Confe-
sándoa verdadeira nai de Deus, recoñecémola tamén
coma nosa Nai, pois deunos ó Autor da vida` de
gracia.

Preces

Glorifiquemos a Cristo, que naceu de María Virxe
por obra do Espírito Santo, e supliquémole dicindo:

- Filio da Virxe María, ten piedade de nós.

* Cristo, Filio admirable e príncipe da paz, nacido de
María Virxe: concédelle ó mundo enteiro unha paz
duradeira.

- Filio da Virxe María, ten piedade de nós.

• Rei e Deus noso, que ó vir ó mundo dignificaches

o home: fai que nós te honremos tódolos días da
nosa vida coa nosa fe e cos nosos costumes. - Filio
da Virxe María, ten piedade de nós.

* Ti que te fixeches semellante a nós:
concédenos que nós sexamos semellantes a ti.

- Filio da Virxe María, ten piedade de nós.

* Ti que quixeches ser cidadán deste noso mundo, concédenos que sexamos nós cidadáns do teu Reino.

Filio da Virxe María, ten piedade de nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus e Señor noso, pola maternidade virxinal de María entregácheslles ós homes os bens da salvación. Concédenos senti-la intervención daquela de quen recibímo-lo teu Fillo Xesucristo, o Autor da vida. Que vive e reina contigo por sempre eternamente. Amén.

Día quinto: María, trono da sabedoría.

Monición

Irmáns: Oímos dicir moitas veces que a Xesús o atopamos sempre nos brazos de María. E entendemos estas palabras coma unha invitación de nos achegar a María, para que ela nos leve a Cristo e nolo mostre corno líelo mostrou ós pastores de Belén.

E é verdade. Porque ninguén como María e Xosé e os demais personaxes da infancia de Xesús estiveron tan preto del. Pero irnos descubri-lo segredo desta proximidade, desta familiaridade, que só é dada ós sinxelos de corazón e ós pobres de espírito.

Xesús que é a Sabedoría infinita do Pai, non foi revelado ós sabios do mundo, senón ós que souberon ser humildes e recibi-lo Reino de Deus coma os nenos.

Palabra de Deus Lc 2, 15b-i9

Naquel tempo comentaban os pastores entre eles:

Vaiamos a Belén ve-lo que sucedeu e que o Señor nos manifestou.

Foron ás carreiras e atoparon a María e mais a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. Os que o viron, contaron todo o que lle dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Reflexión

1. Moitas veces o home quere sabe-lo porqué das cousas, dos acontecementos. O seu espírito non se enche, e busca a verdade e esculca os principios para poder obrar rectamente.

2. A sabedoría é, sen embargo, moito máis. No Antigo Testamento é algo que intervén na creación e na historia dos homes. Resulta algo semellante á revelación do Novo Testamento. A Sabedoría que, vén

a poñe-la súa morada no medio dos homes é a Palabra encarnada.

3 . Xesús, é a Sabedoría, a revelación de tódalas cousas, o camiño para ir ó Pai, que ten a paixón de estar cos homes. ¿Onde encontraremos a Cristo? É preciso achegarse a el con sinxeleza, con pobreza: "Vinde a min tódolos que estades cansos".

4. María, co seu Fillo nos brazos, móstranos a Cristo. A grandeza e a luz da divina Sabedoría do Pai envólvea tamén a ela. A liturxia, cando celebra a gloria de Cristo-Sabedoría, canta e aplica tamén a María as palabras dos libros sapienciais.

Preces

Glorifiquemos a Cristo, Palabra eterna do Pai, xerado antes dos séculos e nacido por nós no tempo, e aclamémolo dicindo:

- Que se goce a terra, Señor, ante a túa vinda.

* Cristo, Palabra eterna, que ó vir ó mundo anunciácheslle a alegría á terra: alegre os nosos corazóns coa gracia da túa visita.

- Que se goce a terra, Señor, ante a túa vinda.

* Salvador do mundo, que co teu nacemento reveláchesno-la fidelidade de Deus nas súas promesas: fai que nós sexamos tamén fieis ás promesas do noso bautismo.

- Que se goce a terra, Señor, ante a túa vinda. Rei do ceo e mais da terra, que polos teus anxos

anunciácheslle-la paz ós homes: conserva as nosas vidas na túa paz.

– Que se goce a terra, Señor, ante a túa vinda.

* Señor, ti que viñeches para se-la vida verdadeira que nos dese o froito da vida: fai que permanezamos sempre en ti e deamos froito abondoso.

– Que se goce a terra, Señor, ante a túa vinda.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, Pai de noso Señor Xesucristo, olla á Virxe María, que desenvolveu a súa existencia baixo o signo da gratuidade e da loanza. Concédeno-lo don da pregaría incesante e do silencio, para que toda a nosa vida cotiá se transfigure coa presenza do teu Santo Espírito. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día sexto: María, Virxe oferente

Monición

Irmáns: Unha das actitudes do crente é a adoración a Deus e o obsequio sincero dunha vontade sempre disposta a face-lo que o Señor pide. Non pode haber, polo tanto, contradicción entre esta ofrenda persoal e os actos de culto e de oración.

Nisto María é un modelo para tódolos fieis, e tamén para toda a Igrexa. María é exemplo da actitude coa que a Igrexa celebra e vive a liturxia, é dicir,

da-
quela disposición interior coa que a Igrexa, estreitamente asociada a Cristo, seu Señor, o invoca e polo seu medio ofrece o culto ó Pai.

Palabra de Deus

Lc 2, 27-35

Movido polo Espírito, Simeón foi ó templo e, cando entraban os pais do neno Xesús para cumpriren o mandato pola Lei do Señor, el, colléndoo nos brazos, loou a Deus dicindo:

- Agora podes, Señor, segundo a túa promesa despedir en paz ó teu servo,
porque xa os meus ollos viron ó teu Salvador, o que preparaches para tódolos pobos: luz de revelación para os xentís e gloria do teu pobo Israel.

O pai e malla nai do neno ficaron abraizados polo que tal dicía do neno. Bendiciunos Simeón e díxolle a María, a nai:

- Mira, este está disposto para caída ou soerguemento de moitos en Israel, para ser bandeira de discusión; e a ti mesma unha espada hache atravesala alma: así ficarán descubertas as cavilacións de moitos corazón.

Reflexión

1. Todos coñecemos-las duras palabras que Xesús adicaba ós fariseos, porque se contentaban cunhas prácticas externas, feitas sen un verdadeiro espírito interior. Nós, moitas veces, criticamos a esas persoas que practican moito e logo a súa relixiosidade non se traduce nas Búas vidas. Este xuízo pode ser falso ou temerario. Pero ¿en que consiste o noso culto verdadeiro? ¿Non é máis ca un cumprimento externo?

2. María e Xosé cumpriron con Xesús o que mandaba a Lei de Moisés, pero presentando a Xesús no templo continuaban a ofrenda fundamental que fixera o Fillo de Deus ó entrar no mundo: tamén o ofrecían ó mundo como salvador de todos.

3. María, especialmente, ten tamén unha vontade de oblación que se verá cumprida, conforme as palabras de Simeón, ó pé da cruz. Presente María na oblación do templo, que anticipa e dalgunha maneira completa a morte redentora, estará presente tamén na consumación do sacrificio; e estarao así mesmo na memoria viva da Igrexa, cando celebre e faga presente este sacrificio na Eucaristía.

Preces

Adorémo-lo noso Salvador na súa presentación no templo e digámoslie:

- Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

* Cristo Salvador, ti que es luz para ilumina-las nacións: ilumina ós que non te coñecen, para que crean no Deus verdadeiro.

- Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

* Redentor noso, ti que e-la gloria do teu pobo Israel: enaltece a túa Igrexa entre as nacións. - Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

● Xesús o desexado de tódalas nacións, de quen viron a salvación os ollos do xusto Simeón: atrae á túa salvación a tódolos homes.

- Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

* Señor, na túa presenza foille anunciada a María, a túa Nai, unha espada de dor: dalles fortaleza ós que sofren tribulación no teu santo servicio. - Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

* Cristo, benaventuranza dos santos, visto por Simeón antes de morrer, como era o seu ardente desexo: móstrate para sempre a aqueles que, despois da morte, teñen sede da túa vida.

- Que os nosos ollos, Señor, vexan a túa salvación.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Pai santo, no camiño da Igrexa peregrina na terra, puxeches como signo lucente á Virxe María. Pola súa intercesión acrece a nosa fe e reaviva a nosa esperanza, para que ningún atranco nos desvíe do camiño que nos leva á salvación. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día sétimo:

Santa María, Nai da Igrexa Monición

Irmáns: Todos sabemos que nos símbolos do principio da historia dos homes, cando Adán se afastou da vontade divina, había unha muller, Eva, compartindo con el a súa desobediencia e xogando un papel decisivo na mesma. Era a nai da humanidade pecadora.

Así tamén, cando chegou a hora de Xesús, o momento supremo de redimí-lo home, Cristo tivo unha muller asociada á súa obra, tomando parte na tarefa de alumear unha nova creación e un novo tipo de home. Xunto á cruz, María realiza unha nova dimensión de ser nai da humanidade redimida, nai da Igrexa.

Palabra de Deus

Xn 19, 25 -27

Ó pé da cruz de Xesús estaban a súa nai e a irmá da súa nai, María, a de Cleofás, e mais María, a Madalena. Xesús, vendo á súa nai, e onda ela, ó discípulo a quen amaba, díxolle á nai:

- Muller, velaí ó teu fillo.

Despois díxolle ó discípulo:

- Velaí á túa nai.

Desde aquela hora o discípulo acolleuna con el.

Reflexión

1. Nada hai tan fecundo como a participación na dor dos demais. Isto leva a buscar formas de solidariedade, de axuda ou servizo. E fai tamén que a dor se troque en alegría e esperanza, en vida.

2. Dentro da desgracia inicial do home, Adán, cando se afastou de Deus polo primeiro pecado, causando para el e para toda a humanidade a perda da gracia e dos outros dons cos que Deus o creara, Deus introduciu un motivo de esperanza en Eva, a nai dos viventes: a súa descendencia vencería para sempre o pecado e maila morte.

3. Cando a Xesús lle chega a súa hora, o momento cumio da súa vida, para salva-lo home, ten xunto así á nova Eva, a Muller, que terá unha participación activa na súa paixón redentora.

4. Xesús non só confía ó discípulo o coidado da súa nai, senón que lle encomenda que a reciba como a súa nai e tamén de tódolos discípulos e da Igrexa. Dirixíndose a María, confiáballe a custodia maternal da comunidade cristiá. A vinculación de María coa obra redentora, na dor da paixón, une para sempre a María coa Igrexa, que a venera e invoca como a Nai amantísima,

Preces

Elevémo-las nosas pregarías ó Salvador, que quixo nacer da Virxe María e digámoslle:

– Que a túa Nai, Señor, interceda por nós.

Sol de xustiza, a quen a Virxe Inmaculada precedeu como aurora lucente: fai que vivamos sempre iluminados pola claridade da túa presenza.

– Que a túa Nai, Señor, interceda por nós.

Verbo eterno do Pai, que elixiches a María como arca incorruptible da túa morada: líbranos da corrupción do pecado.

– Que a túa Nai, Señor, interceda por nós.

Noso Salvador, que quixeches que a túa Nai estivese xunto a cruz, pola súa intercesión: concédenos compartir con alegría os teus padecementos. - Que a túa Nai, Señor, interceda por nós.

Xesús que, colgado na cruz, décheslie a Xoán por nai a María: fai que nós vivamos tamén coma fillos seus.

- Que a túa Nai, Señor, interceda por nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus todopoderoso, ti derramáche-lo Espírito Santo sobre os apóstolos reunidos en oración con María, a Nai de Xesús e nosa Nai. Concédenos, pola intercesión da Virxe, que nos entreguemos con fidelidade ó teu servizo e pregoémo-la gloria do teu nome co testemuño da palabra e mais da vida Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día oitavo: A Pascua de María.

Monición

Irmáns: Dinos a nosa fe que a Virxe Inmaculada, asociada con corazón maternal á paixón e á morte de Cristo, foi tamén a primeira en verse unida en corpo e alma á súa glorificación, pois, "rematado o curso desta vida terrea, foi asunta en corpo e alma á gloria celestial e enaltecida polo Señor como Raíña do Universo, para que se asemelle máis de cheo ó seu Fillo, Señor dos que dominan e vencedor do pecado e mais da morte".

A glorificación de María foi a súa pascua, o seu pasamento deste mundo ó Pai, imaxe e anuncio da nosa esperanza no destino dos que fomos incorporados a Cristo polo bautismo.

Palabra de Deus

Lc 11,27-28

Mentres el dicía estas cousas, unha muller de entre a xente exclamou en voz alta:

– ¡Ditoso o ventre que te levou e os peitos que te criaron! Pero el replicoulle:

– Ditosos mais ben os que escoitan a Palabra de Deus e a gardan.

Reflexión

1. Temos fame de alegría, de felicidade e paz. Pero cada día atopámonos con máis insatisfaccións, dores e desesperanzas. Sen embargo cremos que a victoria final

será para a bondade e para o amor.

2. Xa temos un sinal da victoria final, un sinal portentoso: María asociada á gloria do seu Fillo, vencedora do mal e do pecado, arrincada das gadoupas do Maligno e entronizada no ceo como a Arca da Alianza cando era solemnemente introducida no templo. María, en corpo e alma, trocouse así na imaxe da Igrexa, que tamén será glorificada en tódolos seus fillos cando chegue o día do Señor.

3. María benaventurada, como a proclama Isabel e despois dela tódalas xeracións cristiáns, fainos descubrir, co canto da gratitude ó Señor, que toda a súa alegría e felicidade veñen de Deus que se complaceu na humildade da súa escrava.

Preces

Proclamémo-la grandeza de Deus Pai todopoderoso, que quixo que tódalas xeracións felicitasen a María, a Nai do seu Fillo, e supliquémoslle dicindo:

– Que a chea de gracia interceda por nós.

* Deus, admirable sempre nas túas obras, que quixeches que a Inmaculada Virxe María participase en corpo e alma da gloria de Xesucristo: fai que tódolos teus fillos desexen e camiñen cara a esta mesma gloria. ,

– Que a chea de gracia interceda por nós.

- *Ti que nos deches a María por nai: concede, pola súa mediación, saúde ós enfermos, consolo ós tristes e perdón ós pecadores.
- Que a chea de gracia interceda por nós.
- *Ti que fixeches de María a chea de gracia: concede a abundancia da túa gracia a tódolos homes. - Que a chea de gracia interceda por nós.
- *Fai, Señor, que a túa Igrexa teña un só corazón e unha soa alma polo amor, e que tódolos fieis perseveren unánimes na oración con María, a Nai de Xesús.
- Que a chea de gracia interceda por nós.
- *Ti que coroaches a María como Ralña do ceo: fai que os defuntos poidan acadar con tódolos santos a felicidade do teu Reino.
- Que a chea de gracia interceda por nós.

Noso Pai que estás o ceo...

Oración

Compracícheste, Señor, na humildade da túa serva, a Virxe María, e quixéchela elevar á dignidade de Nai do teu Filio, coroánda de gloria e esplendor. Pedímosche, pola súa intercesión, que cantos salva-ches polo misterio da redención nos concedas tamén o premios da gloria. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Día noveno: Virxe avogada, auxiliadora e mediadora.

Monición

Irmáns: A colaboración que María prestou ó obra da nosa salvación non quedou reducida ó seu paso polo mundo, senón que se estende no ceo, despois de ser glorificada. E así da mesma maneira, que intercedía ante Xesús a prol duns que acababan de casar en Caná de Galilea, continúa agora acedándonos coa súa solicitude maternal os dons da eterna salvación.

Por iso a Igrexa se reúne con María e con ela ora ó Señor e pon nela a súa confianza de ser escoitada cando a invoca con tantos títulos que fan referencia a esta función mediadora entre Deus e os homes, Cristo Xesús.

Palabra de Deus

Xn 2, 1-11

O terceiro día houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ó casamento. Chegou a falta-lo viño e a nai de Xesús díxolle:

- Non che teñen viño.

Replicoulle Xesús:

- Muller ¿que ten que ver iso comigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón ós servidores:

Facede o que el vos diga.

Había ah seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levan ó pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:

-Enchede de auga as tinas.

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

-Collede agora e levádelle a proba ó mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onde viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:

-Todo o mundo pon de primeiras do viño bo e, cando están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixáche-lo viño bo para agora.

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.

Reflexión

1. Os homes amosámo-las realidades máis profundas con símbolos e xestos: un regalo, unha flor... Con iso damos a entender moito máis do que val ou di o xesto en si ou o obxecto.

2. En Caná de Galilea, Xesús realizou o primeiro deses xestos salvíficos a prol dos homes. Porque 11c) pediu a súa Nai coa delicadeza e teima da que sente e chega ó fondo das cousas: por algo é muller e nai.

3. Xesús é quen dá o don, é o único Mediador entre

Deus e os homes. Pero María é quen o fai posible, a que intercede, a que di a todos: "Facede o que el vos diga". Descubre así unha función que lle foi confiada e que comezou a realizar despois da hora da cruz, cando recibiu a misión de ser nai dos discípulos.

4. María, unida ós discípulos, orando con eles e esperando a vinda do Espírito, revela a súa presenza intercesora nas súplicas e nas loanzas da Igrexa ó seu Señor. A Igrexa contéplase nesta actitude de María, xa que ela tamén é intercesora por toda a humanidade e foi posta no medio do mundo coma un signo de salvación.

Preces

Proclamémo-la grandeza de Deus Pai todopoderoso, que quixo que tódalas xeracións felicitasen a María, a Nai do seu Fillo, e supliquémoslle dicindo:

- Que a chea de gracia interceda por nós.

* Deus, admirable sempre nas túas obras, que quixeches que a Inmaculada Virxe María participase en corpo e alma da gloria de Xesucristo: fai que tódolos seus fillos desexen e camiñen cara a esta mesma gloria.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

Ti que nos deches a María por nai: concede, pola súa mediación, saúde ós enfermos, consolo ós tristes e perdón ós pecadores.

- Que a chea de gracia interceda por nós.

* Ti que fixeches a María a chea de gracia: concede a abundancia da túa gracia a tódolos homes. - Que a chea de gracia interceda por nós.

* Fai, Señor, que a túa Igrexa teña un só corazón e unha soa alma polo amor, e que tódolos fieis perseveren unánimes na oración con María, a Nai de X

es

ús.

- C

ue

a

ch

ea

de

gr

ac

ia

int

er

ce

da

po

r nós.

XI



* Ti que coroaches a María como a Raíña do ceo: fai que os defuntos poidan acadar, con tódolos santos, a

felicidade do teu Reino.

– Que a chea de gracia interceda por nós.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus de eterna gloria, ti introduciches no mundo a verdadeira alegría, Cristo, o teu Fillo, sol de xustiza nacido da Virxe María. Líbranos do peso do pecado que entristece e apaga o teu Espírito en nós, e recíbenos na mesa do teu Reino, para saciarnos co pan que contén en si todo deleite. Por Cristo, noso Señor. Amén.

DEVOCIÓNS ÓS SAN TOS

1. NOVENA A UN SANTO/A

Para tódolos días

V/ No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ Corre, Deus, para librar-me.

R/ Date présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo. Como era no principio agora e sempre eternamente. Amén.

Día primeiro

Monición

Irmáns: Comezamos hoxe esta novena en honra de san N. É a mellor honra que lle podemos ofrecer, tanto a san N. coma ó mesmo Deus, é que estes días nos axuden a achegármonos máis á nosa vocación de santidad, á que somos todos chamados por Deus Pai en Cristo Xesús, xa desde o bautismo, pero nestes días dunha maneira especial. Escoitémo-la

Palabra de Deus

Tes 4, 1-8

Polo demais, irmáns, pedímosvos con insistencia como cristiáns que, xa que aprendestes de nós como compre andar para contentar ó Señor, que sigades así e que progresedes aínda máis.

Porque ben sabedes que instrucións vos ternos dado de parte do Señor Xesús. Pois esta é a vontade de Deus, a vosa santificación: que vos arrededes da fornicación, que cada un de vós saiba controla-lo voso corpo santa e respectuosamente, sen se deixar gobernar pola paixón, como os xentís, que non coñecen a Deus. Que ninguén se sobrepase nin asoballe a seu irmán neste asunto, pois o Señor vingará todas estas cousas, corno xa vos ternos dito e redito. Que non nos chamou Deus á impureza, senón á santidade. Por iso, quen rexeita estas instrucións, non rexeita a un home senón a Deus, que é quen vos dá o seu Espírito Santo.

Reflexión

1. Todos estarnos chamados por Deus a sermos 'santos. Así nolo recorda san Paulo nesta carta que acabarnos de ler. E así nolo recorda tamén o concilio Vaticano II; "É, pois, completamente claro que tódolos fieis, de calquera estado ou condición, están chamados á plenitude da vida cristiá e á perfección da caridade" (LG 40).

2. Esta santidade é a mesura para tódolos bautizados: seguir a Cristo, deixándose levar polo Espírito

de Deus; ser discípulos de Cristo, aceptando gozosamente a súa mensaxe que se nos dá no Evanxeo, por medio da Igrexa. Cada un debe responder conforme ós seus propios dons,e conforme ás funcións do estado de vida no que se encontra.

3. Reflexionemos hoxe se nos ternos decatado desta nosa vocación á santidade. Preguntémonos se verdadeiramente tennos conciencia de que o feito de estarmos bautizados implica para nós un compromiso de sermos santos, ou se pola contra pensamos que iso de ser santos queda reservado para algúns seres privilexiados.

Preces

Adoremos, irmáns, a Cristo, o Deus santo, pedíndolle que nos ensine a servilo con santidade e xustiza na súa presenza tódolos nosos días. Aclamémolo dicindo:

- Ti só es santo, Señor.

* Señor Xesús, probado en todo igual ca nós, menos no pecado: compadécete das nosas debilidades. - Ti só es santo, Señor.

* Señor Xesús, que a todos nos chamas á perfección do amor: dános progresar polos camiños da santidade.

- Ti só es santo, Señor.

* Señor Xesús, que queres que sexamos sal da terca e luz do mundo: ilumina as nosas vidas coa túa propia luz.

- Ti só es santo, Señor.

* Señor Xesús, reflexo da gloria do Pai e impronta do seu ser: fai que na gloria contemplémo-lo teu rostro.

- Ti só es santo, Señor.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, Deus todopoderoso, ti reveláchesnos que toda lei se resume no amor a ti e ó próximo. Concédenos que, imitando a caridade de san N., poidamos un día contarnos entre os elixidos do teu Reino.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día segundo

Monición

Todos somos chamados a sermos santos. Pero o problema para nós está en descubri-los camiños polos que poidamos acadar esa santidad. Para iso Igrexa ofréceno-los grandes modelos de santidad que existiron e existen na historia da Igrexa.

o principal modelo e do que todos copiaron é o

mesmo Cristo. El é o verdadeiramente santo. Todo-los demais, tamén a Virxe María non son outra cousa que uns imitadores imperfectos de Cristo.

Palabra de Deus

I Pedro 2, 21-24

De feito chamouvos Deus para isto, porque tamén Cristo sufriu por vós, deixándovos así un exemplo para que sigáde-los seus pasos.

E non fixo pecado,

nin engano se atopou na súa boca, cando o aldraxaban, non devolvía aldraxes; mentres sufría, non ameazaba,

senón que se puña nas mans do que xulga con xustiza.

No seu corpo, El ofrendou os nosos pecados sobre a cruz,

para que nós, mortos ó pecado, vivamos para a xustiza:

curaronno-las súas chagas.

Reflexión

1. O que interesa para que as nosas vidas se realicen santas, son as actitudes que tomemos ante

Deus, ante os irmáns e ante as cousas. Estas actitudes son as que ternos que imitar de Cristo.

2. A actitude fundamental da vida humana de Cristo é a súa aceptación da vontade do seu Pai. Toda a súa vida humana baséase en buscar esa vontade e cumprila. El mesmo nos dirá: "A miña comida é face-la vontade daquel que me enviou, e levar a cabo a súa obra" (Xn 4,34). Aínda nos momentos máis difíciles da súa vida, que foron os da súa paixón el ten estas palabras: "Meu Pai, se queres, arre-da de min este cáliz. Pero que non se faga a miña vontade, senón a túa" (Lc 22, 42).

3. Todo o que queira entrar no seu Reino, ten al a súa consigna: "Non todo o que di: "¡Señor! ¡Señor!" entrará no Reino do ceo, senón o que fai a vontade do Pai celestial" (Mt 7,21). "Velaí a miña nai e mailos meus irmáns. O que cumpre a vontade do meu Pai celestial, ese é o meu irmán, a miña irmá e maila miña nai" (Mt 12, 50). Isto foi o que fixo o noso santo/a, e isto é o que nós ternos que facer, cada quen conforme ó seu estado.

Preces

Invoquemos, irmáns, a Deus noso Pai, que glorificou a san N. e nos concedeu alegrármonos na súa festa.

Pola Igrexa de Deus, para que sexa santa cumprindo sempre a súa vontade, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

- * Polos traballadores, para que Deus os recompense cos bens temporais e eternos, roguemos ó Señor. - Señor, escoita e ten piedade.
- * Polos que viven atribulados polos atrancos desta vida, para que experimenten a protección e maila axuda de Deus
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Por nós mesmos, polos membros da nosa comunidade (parroquia), polos nosos familiares e amigos, para que en todo momento busquemos e cumpramos fielmente a vontade de Deus, roguemos ó Señor.
- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus todopoderoso e eterno: humildemente che pedimos que, pola intercesión de san N., sintamos sempre un fondo desexo e poñamos un forte esforzo para buscar e cumprila túa vontade.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día terceiro

Monición

A actitude fundamental de Cristo, e polo tanto tamén dos santos, para realiza-la súa vida, foi coñecer e cumpri-la vontade de Deus. Pero moi semellante a esta actitude hai nutra, se é que a podemos distinguir da primeira. Trátase do amor ós irmáns e dunha maneira especial a aqueles que máis o necesitan: os pobres.

No amor a Deus e ó próximo está resumida toda a lei de Deus. Cristo fíxose home "por nós, os homes, e para a nosa salvación". Os santos acadaron santidade porque amaron a Deus no servicio ós homes.

Palabra de Deus

Xn 15, 9-17

Como me amou o Pai, así vos ameí eu: permanece no meu amor. Se gardáde-los meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, como eu gardei os mandamentos do meu Pai, permenezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí. Ningúen ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vds sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non

sabe

o que fai o seu señor: a vós tratarei vos de amigos, pois todo o que lle oin a meu Pai deivolo a coñecer. Non me escollestes vos a min, senón que vos escollin eu a vós; e puxenvos para que vivades e levades froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ó Pai no meu nome, volo conceda. Isto volo mando: que vos amedes uns a outros.

Reflexión

1. Non nos debemos enganar. Se dicimos que amamos a Deus, pero non amamos os irmáns, somos uns mentireiros. Non pode haber amor a Deus sen amor ós irmáns. O criterio e a medida máis claros para saber ata onde chega o noso amor a Deus e ó mesmo Cristo, é calculalo polo noso amor ós irmáns.

2. Por iso, os santos, todos sen excepción algunha, foron os grandes amadores dos homes. Para eles, tódolos homes, pero dun xeito especial os pobres, os marxinaados, eran un sacramento, ou sexa, unha representación visible de Deus. Eles vivíron coma ninguén aquelas palabras de Cristo: "Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven en coiros e vestítesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver... Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis peque-

nos fixésteis comigo" (Mt 25, 35 -36.40).

3. Nós tampouco temos outro camino para acada-la santidad.

Amar ós irmáns, non tanto con palabras, que moitas veces sobran, senón con obras de servicio; e cunha atención especial a aqueles que máis necesitan de nós: os pobres.

Preces

Reunidos, irmáns, na asemblea santa dos chamados ó reino eterno e recordando ós nosos irmáns que chegaron á gloria do ceo, presentemos ó Pai as dores e as necesidades de tódolos homes:

- * Pola santa Igrexa de Deus, para que toda ela sexa sempre a grande servidora dos honres, roguemos ó Señor.
 - Señor, escoita e ten piedade.
- * Polo noso Santo Padre, o Papa N., polo noso bispo N., por tódolos bispos, sacerdotes e diáconos, para que dean a toda a Igrexa e a todo o mundo un testemuño claro de seu amor e servicio ós he-mes, roguemos ó Señor.
 - Señor, escoita e ten piedade.
- * Polos que gobernan as nacións, para que o seu goberno sexa xusto e faga doada a práctica do sermón da montaña, roguemos ó Señor.
 - Señor, escoita e ten piedade.

Polos que foron e son perseguidos a causa da xustiza, para que sintan o amor e o servicio dos seus irmáns, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

- * Por cantos celebramos esta liturxia, para que descubramos cada día máis e mellor o noso deber de amar e servir ós irmáns, roguemos ó Señor.
 - Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Concede ó teu pobo, Señor, Deus todopoderoso, a protección de san N. Fai que pola súa intercesión, acade unha conciencia máis fonda e máis clara de que non podemos ser cristiáns, se non amamos de verdade a tódolos bornes.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día cuarto

Monición

As relacións do home non se reducen ás relacións con Deus e cos irmáns, ou outros bornes, senón que han de estenderse necesariamente a unha relación coas cousas creadas que nos rodean e mesmo con

aqueelas que nós podemos producir. A persoa humana necesita das cousas, para vivir, para alimentarse, para vestirse, para educarse, para recrearse.

Deus déuno-lo mundo, a creación, para que nos sirvamos del, para que o usemos e tamén para que o mellorremos, pois el non nolo deu acabado, senón que nós, por medio do noso traballo e estudo, témo-la obriga de perfeccionalo.

Palabra de Deus

Xen I, 27-31

E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno home e muller. E bendiciunos así: -Reproducídevos, crecede enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra. E díxolles aínda: Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas árbores que dan froito coa súa propia semente: serviranvos para mantenza. Ás feras todas do monte, ós paxaros do ceo e ós réptiles que viven na terra déulle-la herba para a mantenza. E fixose así. Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo.

Reflexión

1. A relación do home coas cousas creadas é, en primeiro lugar, unha relación de traballo para perfeccionalas, e en segundo lugar unha relación de uso, nunca de abuso, para que con elas se poida realzar conforme á súa dignidade humana. Xesucristo

deunos exemplo de traballo sobre as cousas, e ese mesmo exemplo encontrámolo en tódolos santos. O mesmo podemos dicir do uso e do non abuso.

2. Dinos o concilio Vaticano II que "a actividade humana individual e colectiva ou o conxunto inxente de esforzos realizados polo home para acadar mellores condicións de vida, considerado en si mesmo, responde á vontade de Deus. Creado o home a imaxe de Deus, recibiu o mandato de goberna-lo mundo en xustiza e santidade, e de orientar a Deus a propia persoa e todo o universo, recoñecendo a Deus como Creador de todo" (GS 34).

3. E segue o concilio: "Esta ensinanza vale tamén para os traballos máis ordinarios. Porque os homes e as mulleres que, mentres procuran o sustento para si e a súa familia, realizan o seu traballo de maneira que resulte proveitoso e para servizo da sociedade, con razón poden pensar que co seu traballo desenvolven a obra do Creador, serven ó ben dos seus irmáns e contribúen de maneira persoal a que se cumpran os designios de Deus na historia" (ibid).

Preces

Escoita, Señor, estas oracións que che presentamos, pola intercesión de san N., para que en todo momento saibamos usar rectamente das cousas que ti nos regalas para a nosa vida humana e relixiosa.

- Pola Igrexa, para que cumprindo a súa misión profética non deixe de ensinar ó mundo cal é o sentido e a función de tódalas cousas creadas, roguemos ó Señor.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Por tódolos homes, para que saiban usar debidamente das cousas que Deus pon á súa disposición, que vexan nelas sempre medio para realizárense e nunca unha fin, roguemos ó Señor.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Por todos nós para que nos sintamos no noso trabarbo colaboradores de Deus na transformación do mundo e servidores dos irmáns, roguemos ó Señor. - Señor, escoita e ten piedade.
- * Por todos aqueles que non dispoñen das cousas necesarias para vivir dignamente, para que encontren quen os axude nas súas necesidades, roguemos ó Señor.
- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, fonte de todo ben, que nos regaláche-la creación, fai que saibamos en todo momentos usala segundo a túa vontade.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén. *Día quinto* Monición

A actitude básica de Cristo radica no misterio da

encarnación. El quixo salvarnos, non desde arriba, senón desde abaixo, facéndose un de nós, pero desde o máis baixo da sociedade. O amor que nos ten levouno a experimentar connosco tódalas nosas limitacions: fame, pobreza, traballo, sede, enfermidade, tentación e a mesma morte; mesmo unha morte inxusta e cruenta. En todo semellante a nós, menos no pecado, pero si na tentación.

Esta actitude foi seguida por tódolos santos, que tentaron salva-lo mundo desde abaixo, desde a pobreza, o sufrimento, a compaixón.

Palabra de Deus

Flp 2, 5-7

Tende entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.
El, con ser de condición divina,
non se agarrou cobizosamente
á súa categoría de Deus;
senón que se espiu do seu rango,
asumiu a condición de escravo;
fíxose un home normal e presentouse coma tal
abaixouse a si mesmo, facéndose obediente
ata á morte,
je á morte na cruz!

Reflexión

I. Os criterios dos homes non funcionan nos plans de Deus. Nós sempre queremos salva-los desde arriba e pensamos que o mundo se salva polos de arriba: polos que teñen o poder político, económico, social ou mesmo relixioso. Pero vén Deus e dinos, coa súa propia experiencia, que o home e o mundo se salvan desde abaixo, desde a basé.

2. Alí onde os homes apreciamos-la impotencia, o desprezo, a nada da sociedade, a debilidade; alí Deus descobre a forza e mailo poder salvador e liberador. Toda a historia da salvación esta chea de exemplos delta maneira de obrar de Deus. Primeiro, el mesmo; pero logo, Moisés, David, os profetas, María, os apóstolos, os santos da Igrexa. Deus válese do débil, do pequeno. Agora mesmo quen salva o mundo e o revoluciona de verdade, son os santos, os homes descoñecidos, as mulleres sinxelas e ocultas, e os grandes, non por ser grandes, senón por se faceren pequenos.

3. E nós seguimos pensando que a nosa forza, as nosas riquezas, ou as dos outros, os nosos saberes, os nosos postos altos na sociedade, son os que poden trece-la salvación, ó mundo. Non buscamos o rebaixarnos e achegarnos ós de abaixo, senón subir ata os que están arriba. Non son eses os criterios de Deus nin os dos santos.

Preces

Oremos,
oCeReS

pola intercesión de san N., para

mos,

que saibamos descubrí-los criterios de Deus e nos conceda el, noso Pai, forza para cumprilos na nosa vida.

* Polo Papa N., polos bispos, polos sacerdotes e relixiosos, para que descubran o verdadeiro sentido do misterio da Encarnación e se decidan a salvarlo mundo desde abaixo e non desde arriba, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Polos que teñen autoridade política ou económica, para que fagan desa autoridade un acto de servicio que os leve a estar, non só con palabras, senón sobre todo coas obras preto dos máis débiles, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Polos pobres, polos marxinados, polos famentos, polos que sofren, para que se dean conta de que desde a súa situación poden máis que ninguén axudar a salva-lo mundo, se unen as súas debilidades coas de Cristo, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Por nós, que estamos celebrando esta liturxia, para que nos saibamos encamar nas situación e condicións de vida dos nosos irmáns, roguemos ó Señor. - Señor, escoita e ten piedade.

Nos o Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, noso Pai, ti mandáche-lo teu Fillo, feito home en todo semellante a nós, menos no pecado. Concédenos que, seguindo o seu exemplo, tamén nós nos acheguemos ós nosos irmáns que máis precisan da nosa azuda.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día sexto

Monición

Unha das actitudes que aparecen con moita frecuencia na vida humana de Xesús é a actitude da oración. Cristo, non só oraba a seu Pai pública e privadamente, senón que recomendaba ós seus discípulos con moita insistencia a necesidade que tiñan de orar.

Non se concibe unha vida minimamente cristiá sen esa actitude de oración. É esta para o crente coma o aire que respira para vivir.

Tódolos santos fixeron da súa vida un acto contínuo de oración, pero ademais adicaron longos tempos da súa vida só á oración. Se nós queremos avanzar un pouco na nosa vida cristiá, ternos que andar por este camiño: o da oración.

Palabra de Deus

Lc 18. 1-8

Propúxolles tamén unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar.

- Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba ó home. Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: Faime xustiza fronte ó meu contrario". El durante moito tempo non lle fixo ningún caso; pero despois cavilou: "Malia que non temo a Deus nin respecto ó borne, como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida".

E o Señor continuou:

- Escoitade o que di o xuíz inxusto. ¿E logo Deus non lles vai facer xustiza ós seus elixidos, que claman día e noite, e non vai ter paciencia con eles? Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo.

Reflexión

1. A oración con Deus pode ser de varias maneiras: un mero falar con Deus, é dicir, un diálogo cun amigo a quen se quere e a quen se lle conta a propia vida; un pedirlle a Deus aquelas cousas que nos son precisas, pois o mesmo Xesús non dixo que sen el non podemos facer ren; ou un acto de adoración e loanza, recoñecendo a grandeza de Deus e a nosa cativeza. Nós case sempre reducímo-la oración a petición ou súplica, e por enriba, este pedimento facémolo moi egoísta: pedimos sobre todo cousas mate-

riais e case sempre para nós ou para os nosos. A oración ha de ser universal e máis espiritual.

2. É urxente que descubramos os que cremos esta necesidade de obrar, ou sexa, de comunicarnos con Deus. Unha vida cristiá sen oración non é nada. Quizais reducímo-lo noso cristianismo a cumprir formalmente unha serie de preceptos, pero non chegamos a aquilo que é o cerne da nosa fe cristiá: o encontro con Cristo, cunha persoa concreta que me salva. Cando nos encontramos cun amigo, sentímonos contentos e falamos con el de vagar. O mesmo tiñamos que facer con Cristo.

3. Os santos tiveron esta experiencia de encontrar a Cristo: nas cousas, na historia, nas persoas. pero sobre todo dentro de si mesmos. E así a oración xurdíalles doadamente. ¿Tivemos nós algunha vez esta experiencia de que Cristo está connosco, ou vémolos alá lonxe, máis coma unha idea que coma unha persoa?

Preces

Oremos agora pedíndolle a Deus, pola intercesión de san N., que nos conceda ese espírito e esa actitude de oración, para que a nosa vida cristiá sexa unha verdadeira experiencia de que temos encontrado a Deus manifestado en Xesús.

* Por toda a Xerarquía da Igrexa, para que non só so contente con predicar que ternos que orar, senón

que ela sexa un testemuño vivo de oración, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

• Por tódalas familias cristiás, Igrexas domésticas, para que en tódolos fogares se renove a oración familiar, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Por todos nós, que estamos aquí, para que nos convenzamos da importancia que ten a oración para vivir cristianamente, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Por tódolos nenos que non teñen quen lles ensine a rezar, e por todos aqueles que reducen a oración a un recitar puramente mecánico dun fato de palabras, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, noso Pai, dicímosche hoxe aquilo que un día os seas apóstolos lle dixeron a Xesús: ensínanos a orar. Fai que aprendamos ben esta lección.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día sétimo

Monición

Unha das actitudes fundamentais da persoa de Cristo é a de ser pacificador, constructor da paz, reconciliador. Esta paz, el non só a predica, senón que a constrúe.

Hoxe tamén podemos falar dunha reconciliación coas cousas. Como nos di o concilio: "A paz sobre a terra, nacida do amor ó próximo, é imaxe e efecto da paz de Cristo, que procede de Deus Pai".

Na medida en que o home é pecador, ameaza ameazará o perigo da guerra ata a volta de Cristo; pero na medida en que os homes, unidos pola caridade, triunfen do pecado, poden tamén acadala victoria sobre a violencia ata a realización daquela palabra: "das súas espadas forxarán arados, e fouceas das súas lanzas; as nacións non erguerán xa máis a espada unha contra outra e xa non haberá guerra (Gs 78).

Palabra de Deus

Ef 2, 13-18

Pero vós, que antes estabades lonxe, agora grazias a Cristo Xesús estades cerca, no sangue de Cristo El é a nosa paz; o que dos dous pobos fixo un so derrubando a medianeira divisoria -a inimizade-, e abolindo na súa carne aquela lei de mandamentos e normas, para crear en si mesmo cos dous unha nova humanidade, facendo a paz; e reconciliando con

Deus ós dous nun único corpo por medio da cruz, matando nel mesmo a inimizade. El veu e anunciou a paz; paz para vós -os de lonxe-, e paz para os que están cerca: porque por el ternos uns e outros acceso ó Pai, nun mesmo Espírito.

Reflexión

1. Os bornes, a humanidade enteira, desexan e claman pola paz. É preciso que pensemos sobre as raíces máis fondas e orixinarias de onde xorden as hostilidades entre as persoas, os odios e as xenreiras, o terrorismo e as guerras entre os pobos.

2. A verdadeira paz nace e asenta no corazón de cada home, cando este se deixa renovar polo espírito de Cristo, que é o espírito das benaventuranzas: "Benaventurados os pacíficos", converténdose no home novo nado en Xesús. Cando o home dá morte no seu mesmo ser ó home vello que todos levamos dentro, está construíndo a paz. Cando vence ó seu egoísmo persoal, trócase en constructor da paz. Cando acepta coma norma da súa vida o mandamento novo de Cristo: "amádevos uns ós outros como eu vos ameí", está poñendo os verdadeiros alicerces da paz.

3. En cambio, cando se deixa levar do seu egoísmo, cando se pecha ós valores da caridade e da xustiza, cando se resiste a dar entrada a Deus e ó seu Fi-

Ilo Xesucristo, cando se cerra nun humanismo enteiramente horizontal, sen acadar de rompe-lo teito cara ó absoluto e a transcendencia, o home está sementando e construído o odio e maila guerra. Os santos foron sempre pacíficos e pacificadores.

Preces

Pidamos a Deus, noso Pai, pola intercesión de san N. que nos conceda aquela paz que nos anunciaron os anxos cando naceu o seu Fillo, Xesucristo.

* Pola Igrexa de Cristo, pobo de Deus, para que sempre predique e constrúa a paz, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Por tódolos gobernantes das nacións, para que deixen de construír armas mortais e busquen sempre a solución dos posibles conflitos por medio do diálogo internacional, roguemos ó Señor. - Señor, escoita e ten piedade.

* Para que todos aqueles pobos que se encontran en guerra teñan o valor de sentar a dialogar e poñan a paz por riba de calquera outro valor, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Por todos nós, para que venzamos todo egoísmo, toda antipatía e toda insolidariedade, roguemos Señor.

- Señor, escoita e ten piedade. por todos aqueles que, sen culpa súa, están sufrindo os horrores da guerra ou dos terrorismos, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, ti es Deus da paz; ti e-la merma paz. Quen sementa a discordia non te pode comprender, nin te pode acoller quen ama a violencia.

Fai que os que viven na concordia perseveren nese ben, e os que viven da discordia, esquecendo o seu odio, sanden dese mal. Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día oitavo

Monición

Os santos, seguindo o exemplo e a doutrina de Cristo, puxeron toda a súa confianza en Deus. Para eles, como diría santa Tareixa: "quen a Deus ten, só el lle chega". Esta confianza en Deus supón unha conciencia profunda, convertida nunha experiencia, da paternidade de Deus e da nosa filiación divina.

Ante Deus ternos que ser coma os nenos que teñen toda a seguridade nos seus pais. A actitude de confianza de Cristo no seu Pai foi total, aínda nos

momentos máis difíciles. Nós confiamos por demais nas nosas forzas e habilidades.

Palabra de Deus

Mt 6, 25-30

Por iso dígovos: non andedes agoniados pola vosa vida (o que ides comer, o que ides beber), nin polo voso corpo (o que ides vestir). ¿Non vale máis a vosa vida cá mantenza, e non vale máis o vos() corpo có vestido?

Óllade para as aves do ceo: nin sementara, nin seituran, nin recollen nas arcas e, con todo, son mantidas polo voso Pai celestial. ¿Non valedes vós máis ca Blas? E ¿quen de vós, por máis que se angustie, pode engadir un anaco máis ó tempo da súa vida?

E polo vestido ¿por que vos angustiades? Aprendede dos lirios do campo: como medran e non trabailan, nin fían. E asegúrovos que nin Salomón en toda a súa gloria se chegou a vestir coma un dele.. Pois se á herbiña do campo, que hoxe verdexa e mañá será botada ó forno, Deus así a viste, ¿canto máis non fará por vós, homes de pouca fe?

Reflexión

1. A actitude de confianza en Deus e na súa providencia é un problema de fe. O feito de que nós confiemos case unicamente nas nosas forzas e habilidades, ou nas recomendacións dos amigos, é, en primeiro lugar, porque o concepto que nós temos da vida é moi distinto e non coincide co que Deus ten. o

acudir a Deus ou ós santos só nos momentos en que non encontramos solucións humanas é un sinal ben claro de que non temos verdadeira fe na paternidade de Deus e, por outra parte, que os nosos criterios son moi distintos dos criterios de Deus.

2. A confianza plena en Deus non nos quita ningunha responsabilidade sobre o que debe se-lo noso traballo para resolve-los problemas persoais e sociais, ben sexan de índole espiritual ou temporal. Cristo dinos que pidámo-lo noso pan de cada día, pero tamén nos manda que traballemos cos talentos que Deus nos deu para acadalo. A confianza en Deus non pode ser unha industria de preguiceiros, nin unha negación da técnica e da ciencia.

3. Mais para chegar a termos esa confianza plena en Deus, que tiveron os santos, é preciso ter unha xerarquía de valores, como nolo di o mesmo Cristo: "Procurade primeiro o Reino de Deus e maila súa xustiza, e todas esas cousas hánsevos dar de máis a máis" (Mt 6, 33).

Preces

Deus, noso Pai, pola intercesión de san N., fai que de verdade nos sintamos teus fillos e así en todo momento confiemos no teu amparo.

* Pola Xerarquía da Igrexa, para que non teña tanto medo á realidade da historia que lle toca vivir e

confíe máis en ti ca nas súas leis e códigos, roguémos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Polos que gobernan as nacións, para que confíen máis en ti e nos valores evanxélicos, e menos nas súas ideoloxías, nas súas forzas e nos seus exércitos, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita e ten piedade.

* Por tódolos que estamos aquí celebrando esta 11 turxia, para que descubramos de verdade a paternidade de Deus e nos acollamos sempre ó seu amparo, sen deixar de cumprir-las nosas roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Polos que se senten marxidados da sociedade, quecidos de todos, para que descubran que Deus c o seu Pai e que el non nos deixa, roguemos ó Señor. - Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, noso Deus,
ti es refuxio nas dificultades,
forza na enfermidade e consolo na tristura.

Dálle ó teu pobo confianza no teu amparo.

Por Cristo, noso Señor.

R./ Amén.

Día noveno

Monición

Chegamos ó final deste novena, que celebramos en honra de san N. Dixémo-lo primeiro día que a menor honra ó santo sería un esforzo pola nosa parte para nos achegar máis á nosa vocación de santidad, un esforzo para recrear en nós aquela novidade de vida que nos ofrece a obra salvadora de Cristo.

Isto esixe unha seria conversión, un cambio, un espirse do home vello, cos seus malos feitos, e un vestirse do home novo, que se val anovando, conforme á imaxe de quen o creou, para chegar a un coñecemento total (Col 3, 9-10). Pois "quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou". ¿Vedes? Hai unha realidade nova.

palabra de Deus

Mt 5, 1-12

Vendo Xesús a multitude, subiu ó monte e sentou. Achegáronselle os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

Ditosos os que teñen espírito de pobres,
porque deles é o Reino do Ceo.

Ditosos os que choran,
porque eles serán consolados.

Ditosos os non violentos,
 porque eles herdarán a terra.
 Ditosos os famentos e sedentos de xustiza,
 porque eles ficarán fartos.
 Ditosos os misericordiosos,
 porque eles serán tratados con misericordia.
 Ditosos os de corazón limpo,
 porque eles verán a Deus.
 Ditosos os que traballan pola paz,
 porque eles serán chamados fillos de Deus.
 Ditosos os perseguidos por causa de xustiza,
 porque deles é o Reino do ceo.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa: alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos Ceos; do mesmo xeito perseguiron ós profetas anteriores a vós.

Reflexión

1. A lectura destas palabras de Cristo, que acabamos de escoitar, fainos ver con claridade que os criterios

de Deus son moi distintos dos nosos criterios².

A nosa maneira de pensar e tamén de obrar responde ó home vello, ó home que vive apegado ó seu egoísmo e ó seu pecado. En cambio os criterios que xpón Cristo responden ó home novo, á nova criatura que el é, e que quere que nós sexamos.

2. Deixa-lo home vello e nacer a unha vida nova, orixinalmente xa o fixemos nos bautismo; pero aquí-lo, se non ten unha traducción nesta nosa vida concreta de hoxe e de mañá, é un puro formalismo, que se reduce a unha mera aparencia. Mais toda vida nova non xorde sen dor, sen magoadura, sen cruz.

3. A nosa vida cristiá non pode reducirse a un mero formalismo externo, ó mero cumprimento formal dunhas leis, ben sexan as chamadas leis de Deus, ben sexan as chamadas da Igrexa. Todo isto é importante, pero non é en si a novidade que nos ofrece Cristo. A novidade está no encontro con Cristo que se fai experiencia de amor e diálogo. Como cando te encontras cun amigo íntimo e sente-la alegría, e non tes presa por despedirte, e contaslle todas as túas cousas. Hai unha comunión de vida. Esa é a gran novidade que acolleron os santos e ha de sela nosa, se queremos andar algo polo camiño da nosa vocación cristiá.

Preces

Deus, noso Pai, pola intercesión e os méritos de san N., concédenos que saibamos e queiramos acepta-lo sermón da montaña, que ti propuxeches ós teus discípulos para acada-la vida verdadeira, que es ti.

* Polo santo Padre, o Papa N., polos bispos, sacerdotes e diáconos da Igrexa, para que nas Búas vidas sexan verdadeiras testemuñas das benaventuranzas, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Polos relixiosos e relixiosas, consagrados dunha maneira especial a viviren os consellos evanxélicos, para que sexan sempre fieis á súa consagración, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

Por todos nós aquí presentes, para que non teñamos medo de facer norma da nosa vida os criterios das benaventuranzas, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, ti outorgácheslle a san N. a gracia de imitar con fidelidade a Cristo pobre e humilde. Concédenos tamén a nós, pola intercesión deste santo, a gracia de vivirmos fielmente a nosa vocación, para que así tendamos á perfección que ti nos propuxeches na persoa do teu Filio.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

2. HIMNO Ó APÓSTOLO SANTIAGO

Señor Santiago, apóstolo das Españas,
egrexio valedor;
chegamos onda ti, peregrinos con fe no corazón.

Pois ti, na noite escura deste
mundo, trouxécheno-la Luz de
paz, de caridade e de xustiza do
Reino de Xesús.

Lume de Cristo
prendiches nas estrelas,
alumeándonos co seu fulgor: o teu
camino ven cara a Compostela
corno alborada dun mundo triellor.

Gustoucne tanto
a Terra de Galicia,
que te viñeches nela soterrar:
costumes santos
con flores de ledicia
nela viñeches facer xermolar,

;Gloria a Santiago, Patrón da nosa Patria!
Hoxe Galicia reza afervoadada

para que nas terras que ti evanxelizaches se cumpra con xustiza a Lei do Amor, e sempre a defendamos con lealdade, con forza e con tesón.

¡Santiago axúdanos!

XI



DEVOCIÓNS ÓS DEFU1\ TOS

1. PREGARIA FAMILIAR POR UN DEFUNTO

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

Gloria ó Pai, ó Filio, e ó Espírito Santo.

R/ Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén,

Monición

Irmáns, sufrímo-la perda do noso irmán para este mundo. Apenados, pero cheos de esperanza no Señor, podemos dicir: "Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo, Pai garimoso e Deus que é todo consolación". El danos azos en tódalas nosas dificultades, a fin de podermos nós dar azos ós demais en calquera dificultade, co ánimo que nós recibimos de Deus (2 Cor 1, 3-4).

Palabra de Deus

1 Tes 4, 13-14.18

Non queremos, irmáns, que esteades desinformados verbo dos monos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Por-

que, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron. Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

Reflexión

Sufrímo-la perda dun ser querido. Hoxe experimentámo-la dor e o baleiro da súa ausencia. As súas cousas fálannos dunha presenza que revive polo recordo.

Pero ternos que consolarnos mutuamente coas palabras do Señor: "Entón aparecerá o sinal do Filio do Home no ceo. E tódalas razas da terra daranse golpes no peito, vendo chega-lo Fillo do Home enriba das nubes, con moito poder e gloria. E enviará a seus anxos cunha grande trompeta, para reuniren ós elixidos desde os catro ventos, de cabo a cabo do mundo" (Mt 24, 30-31).

Estas palabras débennos encher de esperanza. Os que morren no Señor, non morren definitivamente, están chamados a resucitar. Nós non podemos chorar coma os que non teñen esperanza.

Santo Agostiño na morte da súa nai dicía: "En realidade, xulgamos pouco conveniente celebrar un pésame de bágoas, pranto e xemidos co gallo de que deste xeito láíase moitas veces a desgraciada sorte dos que morren e o seu total aniquilamento,

Pero a morte da miña nai non tiña nada de lastimoso e

non era unha morte total. Diso daba testemuño a pureza da súa vida, e nós críamola, cunha fe sincera e por razóns seguras".

En verdade, os defuntos só "dormen". Nisto a mentalidade galega encontra un forte apoio na súa sensibilidade que sente os mortos moi preto dos vivos. As palabras de san Paulo confirman esta verdade: "Do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con el ós que xa morreron"

Todo isto ten o seu sufrimento en Cristo morto, o primeiro dos resucitados.

Os defuntos coma nós agardan a volta definitiva do Señor. Cando saíamos ó seu encontro estaremos sempre na súa compañía.

O ceo é vivi-lo encontro con Deus, estar sempre co Señor. A gloria meirande á que aspira o cristián é esta intimidade con Deus, gozar da presenza daquel que nos ama. Disto saca forzas o cristián, e sobre todo, un inmenso consolo.

Preces

Pai bo, diriximos a ti as nosas pregarías desde a nosa dor e esperanza.

* Acolle na túa compañía ó noso irmán N. e dalle o descanso que non acaba. Roguemos ó Señor. - Señor, escolta a nosa oración.

Non te

esquezas das súas boas obras e perdoa os seus pecados. Roguemos ó Señor. - Señor, escoita a nosa oración.

Ten misericordia del e faino gozar da compañía dos santos. Roguemos ó Señor. - Señor, escoita a nosa oración.

- * Acórdate de tódolos defuntos, especialmente dos máis esquecidos e necesitados. Roguemos ó Señor. - Señor, escoita a nosa oración.
- * Danos unha fe firme na resurrección de Cristo e unha esperanza segura na nosa. Roguemos ó Señor. - Señor, escoita a nosa oración.
- * Que os moribundos sintan sempre o consolo e o afecto da Nai Igrexa na persoa dos familiares, amigos e veciños. Roguemos ó Señor. - Señor, escolta a nosa oración.

Oración

Señor e Deus noso Pai, ti entregaches á morte' o teu Filio, para que tódolos honres se salven e pasen da morte á vida. Mira con misericordia os teu fillos aflixidos e en oración por aquel que aman.

Ti, o só santo e misericordioso, que abriches coa morte as portas da vida ós crentes, perdoa ós pecados do noso irmán e non consintas que sexa apartado de ti. Que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

2. VDZILIA DE ORACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo.

R/ Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

Monición

Benqueridos irmáns: a morte de N. encheunos de dor e todos nós compartimos solidariamente a vosa pena. Por eso, non só vos damos o máis sentido pésame, senón que, animados pola fe en Cristo resucitado, compartimos convosco a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencedor da morte. Consoládevos nesta fe e dispoñámonos todos a escoita-la palabra do Señor. Deste xeito oraremos con fe polo noso irmán.

Palabra de Deus

Sal 121, 1-8

Ergo os meus ollos cara ós montes:
¿de onde virá o meu socorro? O
meu socorro ven do Señor, que
fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,
 o teu gardián non dorme;
 non dorme nin adormece
 o gardián de Israel.

○ Señor é o teu gardián,
 o teu agarimo non dorme;
 non dorme nin adormece
 o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,
 o teu arrimo, sempre á túa
 dereita. O sol non che fará mal polo
 día nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal, el
 garda a túa vida.
 ○ Señor garda as túas idas e voltas,
 agora e por sempre.

Antifona: O auxilio vénme do Señor Rom 5 , 5-11

E a esperanza non falla, porque o amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

De certo, xusto cando nós aínda estabamos sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impí os. Non é fácil, certamente, que alguén queira morrer por un home xusto (aínda que por un borne bo,

quizais se atreva alguén a morrer); pero Deus demostróuno-lo seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós. Con máis razón, logo agora, que xa estamos xustificadas polo seu sangue, seremos por el salvos da ira. Porque, se cando eramos aínda inimigos, fomos reconciliados con Deus mediante a morte do seu Fillo, moito máis, xa reconciliados seremos salvos pola súa vida. Aínda máis:, mesmo orgullosos estamos en Deus por medio do noso Señor Xesucristo, por quen agora recibímo-la reconciliación.

Reflexión

A morte dun ser querido é sempre unha proba para a nosa fe. Pero tamén pode ser unha ocasión axeitada para fortalece-la nosa esperanza cristiá.

A nosa esperanza apóiase en Xesucristo e no Deus que el nos manifestou. Deus é Pai e por amor mandounos a Xesucristo ó mundo. A súa entrega á morte foi a expresión do amor de Deus ata a fin.

O Pai fixo todo isto cando nós eramos aínda inimigos, escravos do pecado e sen méritos propios. Deste xeito revelóuno-lo seu amor gratuito, desinteresado e dador de vida.

A nosa esperanza de salvación non se sega coa morte. Deus comunicóuno-lo seu amor e a súa vida

polo Espírito Santo. Ese Espírito resucitou a Xesús de entre os mortos e cremos que resucitará ó noso irmán, morto no Señor.

Os que estamos reconciliados con Deus seremos salvos totalmente pola súa vinda. Ó consolonármolos con estes pensamentos, robustecémo-la nosa fe. Oremos para que todo isto sexa realidade totalmente realizada no noso irmán defunto. Pidamos para el

- o perdón de tódalas súas culpas. Para a súa familia,
- o consolo na fe e o alivio no amor da Nai Igrexa, representada neste grupo de irmáns.

Por riba do trago escuro da morte berramos confiados: ¡Cremos na resurrección dos mortos e na vida eterna. Amén!

Preces

Preguemos, irmáns, a Deus noso Pai, polo seu Filio Xesucristo, resucitado de entre os mortos e vivo na Igrexa.

* Pola unidade da fe de tódolos cristiáns, que profesan a resurrección gloriosa de Xesucristo: para que sexan signo de esperanza entre os homes, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita a nosa oración.

* Por tódolos que sofren, os que viven sen esperanza e os que non cren: para que Deus lles manifieste a luz da súa salvación, roguemos ó Señor.

– Señor, escoita a nosa oración. Polo noso irmán N., morto xa para este mundo: para que o Señor sexa o seu premio, roguemos ó _Señor.

Señor,

escoita a nosa oración.

* Para que o Señor perdoe tódalas súas culpas e pecados, o acolla no seu reino e lle faga participar da festa que non acaba, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita a nosa oración.

* Por todos nós: para que a celebración da morte dun ser querido nos axude a asumila-la vida coma preparación constante da propia morte, roguemos ó Señor.

- Señor, escoita a nosa oración.

Confiando sempre no amor do Pai invoquémoslo coa oración que o seu Filio nos ensinou:

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Pai de misericordia e Deus de todo consolo, con amor eterno coidas de nós e trócala escuridade da morte en aurora de vida: olla os teus fillos que choran na tribulación.

Xesucristo, teu Filio, morrendo destruíu a nosa morte e resucitado restaurou a vida. Concédenos seguí-los seus pasos de tal xeito que, á fin da nosa vida nos reunamos cos nosos irmáns naquel lugar onde serán enxoitas as bágoas dos nosos ollos.

R/ Amén.

Despedida

O Señor cheo de misericordia, que chorou a morte do seu amigo Lázaro, estea moi preto desta familia, que chora a ausencia dun ser querido.

R/ Amén.

O Señor que estimulou a fe de Marta para que crese nel coma resurrección e vida, nos axude a profesar con integridade esta mesma fe.

R/ Amén.

Aquel que quixo baixar ás profundidades do sepulcro e da morte humana resucitando á vida, sexa para nós o bo Pastor, que nos leve ás fontes da vida sen fin.

R/ Amén.

Bendígavos Deus omnipotente, Pai, Fillo + e Espírito Santo

R/ Amén.

V/ Podedes ir en paz e que o Señor vos acompañe.

R/ Deámoslle gracias a Deus.

3. NOVENA POLOS DEFUNTOS

(de ánimas)

Para tódolos días

V/ No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ Corre, Deus, para librar-me.

R/ Date présa, Señor en socorrer-me.

V/ Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo.

R/ Como era no principio, agora e sempre eternamente.
Amén.

*Día primeiro***Palabra de Deus**

Mt 27, 57-61

Á tardiña chegou un home rico de Arimatea chamado Xosé, que tamén era discípulo de Xesús. Foi onda Pilato e pediulle o corpo de Xesús. Pilato mandou que llo entregasen.

Collendo o corpo envolveuno nunha saba limpa e púxoo no seu propio sepulcro novo, que tiña cavado nunha rocha; e, facendo rolar unha grande lousa na entrada do sepulcro, foise. Estaban alí María Madalena e malla a outra María, sentadas fronte ó sepulcro.

(Pódese ler tamén Tob 2, 1-8)

Reflexión.

É verdadeiramente fermoso o espectáculo que ofrecen os nosos cemiterios na véspera e no día dos fieis defuntos. As sepulturas estan adobiadas con flores, iluminadas con luces e aparecen rodeadas polos familiares, que velan con amor e respecto os restos mortais dos seus seres queridos.

Pero aínda é máis fermoso o que con todas estas honras queremos significar, ou sexa, que o noso amor ós familiares monos segue fresco, como as flores, e vivo, como as luces, mostrando que o noso afecto e os nosos sentimentos de gratitude non se extinguen coa morte. Neste tempo, no que ata os finos estorban e non se teñen e os vellos cansan e son rexeitados da familia, este amor máis alá da morte é, na súa calidade humana, un bo testemuño cristián de que non somos "honres sen sentimentos", como acusaba san Paulo ós pagáns do seu tempo.

Agora ben, como cristiáns non podemos quedarnos viso; pois, aínda que certo, como dicía santo Agostiño, que "non poden ser menospreciados os corpos, sobre todo os dos defuntos cristiáns, nos que habitou e actuou o Espírito Santo", tampouco é menos certo que esas honras "serven máis de consolo para os vivos, ca de azuda para os mortos". ¿Por que? Pois porque ata eles non chegan -e segue falando o santo- "senón os sacrificios que facemos por

eles, no altar, na oración, na esmola e noutras boas obras".

Nós, seguindo o seu consello, mentres se murchan as flores e as luces se apagan, seguiremos durante estes nove días desfollando oracións, ofrecendo a Santa Misa e vivindo máis cristianamente os nosos traballos de cada día, esperando deste xeito poder axudar máis eficazmente ós nosos fieis defuntos.

Preces

Señor, Xesús: ti prometiches que onde dous ou máis se xuntasen para oraren no teu nome, serían escoitados na súa oración.

Confiados na túa palabra, presentámoslle ó Pai as súplicas desta comunidade, reunida aquí para pedir polos fieis defuntos.

- * Que a nosa visita ó cemiterio che sexa agradable, coma a do teu Fillo Xesús ó sepulcro de Lázaro. - Señor, escoita e ten piedade,
- * Que o coidado das sepulturas dos nosos moya o teu corazón á misericordia, coma as bágoas de Xesús gola morte do seu amigo Lázaro. - Señor, escoita e ten piedade.
- * Que as honras garimosas, que presentamos ós restos dos nosos defuntos merezan a loanza, que Xe-

sús lle tributou a María, cando lle unxía con perfume os pés.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que poñamos máis teima e coidado nas oración que che diriximos polos nosos defuntos ca nas flores e adobíos das sepulturas.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que a nosa oración polos fieis defuntos estea iluminada pola esperanza de Marta, cando He responde a Xesús sobre o seu irmán Lázaro: `Sei que resucitará no último día".

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor, Xesús: ti, morto, non desdeñache-lo coidado garimoso dos brazos da túa Nai a Santísima Virxe, a sepultura nova do piadoso Xosé da Arimatea e os perfumes das precavidas mulleres mentres vivías, recibíche-lo obsequio e axuda de quen cho ofreceu, ensinándonos a coidar durante a vida, os máis precisados dos nosos irmáns. Concédenos a cantos hoxe viñemos a honra-los nosos defuntos coas nosas oracións que non esquezamos, pola axuda ós mortos, o servizo ós que aínda viven entre nós e están necesitados da nosa axuda caritativa.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente. R/
Amén.

Día segundo

Palabra de Deus

1 Tes 4, 13-18

Non queremos, irmáns, que esteades desinformados verbo dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús levará con el ós que xa, morreron. Iso é o que vos dicimos apoiados na palabra do Señor: non teremos vantaxe sobre os que xa morreron; pois a un sinal de mando, á voz do arcanxo e ó son da trompeta de Deus, o Señor en persoa baixará do ceo: entón os cristiáns defuntos resucitarán primeiro; despois nós, os que quedemos vivos, seremos arrebatados xunto con eles nas nubes, para irmos ó encontro do Señor, no aire e así, estaremos sempre co Señor. Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

(Pódese ler tamén Mt 16,19- 31)

Reflexión

Poñer flores sobre os sepulcros pode facerse como unha lembranza dos mortos, sen que iso supoña a fe de que seguen vivindo. Orar por eles, en cambio, só é posible para aqueles que cren que coa

morte "a vida non se acaba, senón que se cambia". Os que estamos aquí reunidos somos crentes e por iso vimos a face-la novena das "ánimas".

"Ánima" e unha palabra latina, que quere dicir "alma", e con ela queremos significar que o home é máis ca eses restos que se converten en po na sepultura; que hai algo do home que segue vivindo despois da morte. A esa parte é a que chamamos "anima" ou "alma", e o resto, corpo.

Pero coas palabras pasa o mesmo que coas moedas, que se gastan co uso, ata non poder recoñecer nelas a cara que alí foi debuxada. Hai expresión tales, como "estar como unha ánima" para designar unha persoa moi fraca e sen forzas. Ou imaxinámo-las sen corpo, coma os israelitas que vivían no She-ol; ou coma pantasma, na "santa compañía".

Por outra parte, no fondo dese nome está acochada unha certa concepción máis filosófica ca teolóxica, xa que no Novo Testamento fala máis ben dos defuntos, como persoas ("mortos" "os que dormen") e o mesmo fai a Igrexa na Litruxia, cando chama o seu día "conmemoración de tódolos fieis defuntos".

Con este segundo nome mostrase máis nidia a fe que profesamos: nós, os cristiáns, cremos que as persoas, que viviron un día entre nós, son as mesmas, que hoxe seguen a vivir unha vida definitiva e eterna, e non só algo delas, ou coma unha sombra, aínda que non no estado de plenitude, que acadarán

no último día. Será pois conveniente, para non dar

lugar a mal entendidos que poida produci-la palabra "ánima" ou "alma", que tamén nós nos acostumemos a dicir: "oremos polos defuntos", "novena dos fieis defuntos", "un Noso Pai polos fieis defuntos".

Preces

Señor, Xesús: Ti dixeches: "Eu son a Resurrección e maila Vida; quen cre en mM aínda que teña morto, vivirá, e todo o que vive e cre en min non morrerá para sempre". Fiados na túa palabra, cremos que os nosos mortos, que creron en ti, viven para sempre. Atende agora as súplicas que por eles che diriximos.

* Polos nosos pais e devanceiros: para que lles teñas en conta o moito que fixeron por nós, tanto no material, coma no espiritual, educándonos na fe. - Señor, escoita e ten piedade.

* Polos nosos párrocos: para que lles premie-los seus traballos apostólicos en levarnos polos camiños da salvación.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Polos nosos veciños e amigos: para que lles teñas en conta os favores que recibimos deles, mentres viviron entre nós.

- Señor, escoita e ten piedade.

- * Por tódolos fieis defuntos, en especial por aqueles que non teñen quen se recorde deles: para que acaden o que aquí creron.
- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, a quen chamamos co doce nome de Pai. Ti mandáchesno-lo teu Fillo Unixénito para darnos vida abondosa. El venceu a morte, resucitando, coma Primoxénito de tódolos que somos seus irmáns e teus fillos.

Nós alegrémonos, porque, se estamos suxeitos á morte, é para pasar a unha vida mellor, e cantamos con san Paulo: "¿Onde está morte a túa victoria; onde está morte o teu aguillón?" Nós confiamos que os que nos precederon viven para sempre. Por iso che pedimos que algún día nos volvamos a encontrar con eles na vida feliz da eternidade, para cantar para sempre as túas misericordias.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día terceiro

Palabra de Deus

Mt 28, 1-8

Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Madalena e maila outra María foron visita-lo sepulcro. Entón produciuse un grande terre-

moto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela. Tiña o aspecto dun relampo e o seu vestido era coma a neve. Os gardas tremeron co medo, ficando coma mortos. Mais o anxo díxolles ás mulleres:

- Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado. Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vinde ve-lo sitio onde estaba. E ide axiña dicirlles ós seus discípulos: "Resucitou de entre os mortos e vai diante de vós para Galilea: ah o vere-des". Iso é o que vos tiña que dicir.

Elas marcharon do sepulcro con toda a preña, con temor pero cheas de gozo; e correron para llelo comunicaren ós seus discípulos.

(Pódese ler tamén I Cor 15, 12-23)

Reflexión

A devoción ós fieis defuntos é algo que ten un enraizamento moi fondo no pobo galego. Vénnos moi de lonxe, dos nosos devanceiros, os celtas. Tamén eles crían na supervivencia dos mortos, ós que honraban con fermosos ritos funerarios. Se nós nos contentasemos con crer na inmortalidade do home, seguiríamos no mesmo nivel dos nosos devanceiros celtas, é dicir, non teríamos pasado do paganismo, aínda non seríamos cristiáns.

¿Que engade, pois, a nosa fe cristiá?

O dogma fundamental da nosa fe é que "Xesucristo morreu polos nosos pecados e resucitou para a nosa xustificación".

Non cabe dúbida de que o desexo de non morrer e o anxeio de vivir é o instinto máis forte e enraizado no ser humano. Hai moitos que pensan que un tal desexo, baseado na mesma natureza do home, non pode menos que cumprirse: temos que ser inmortais. Pero non falta quen sospeite que pode ser un desexo imposible ó que non responde realidade algunha e non cren na inmortalidade, cualificando por iso a vida humana coma un proxecto imposible e ata absurdo.

Os cristiáns non nos metemos en dubidosas filosofías. Como tales cremos que, sexa o que sexa da inmortalidade natural, Deus deu ó noso desexo de vivir unha resposta positiva, concedéndono-la resurrección despois da morte; e iso non só con palabras, senón con feitos, resucitando a Xesús. Xa ternos un da nosa raza, para o que a morte non foi o último, senón o paso a unha nova vida. Xesucristo vive, porque non está morto, resucitou para non morrer endexamais. Pero non resucitou para si, senón coma "primicia dos que morren", detrás del, tódolos cristiáns "en Cristo serán vivificados". El, como Cabeza, nos coma membros.

Con este exemplo entenderémolo mellor. Ás veces, cando viaxamos no tren, o convoi entra nun túnel longo e retoño.

Camiñamos a escuras un pouco tempo. Un desacógase na espera e debrúzase na fiestra e ve que a máquina xa saíu do túnel porque se empeza a albisca-la claridade do sol. E consolase, pensando que o seu vagón, aínda que sexa o da cola, tamén acadará a luz, pois vai enganchado na mesma máquina. Coma quen di, Cristo é a máquina, que xa acadou a luz da vida. Nós como vagóns enganchados a el e pola fe, tamén sairemos da escuridade do túnel da morte "á rexión dá luz e dá vida".

Preces

Deus, ti dixeches na Sagrada Escritura que podemos estar certos de que "se morremos con Cristo viviremos con el; se sufrimos con Cristo, reinaremos con el". escoita a oración que che facemos polos que xa durmiron no Señor.

* Por Xesús mandado ó mundo para darnos vida eterna: fai que os nosos defuntos vivan para sempre contigo.

- Señor, escoita e ten piedade.

• Por Xesús, que para mostra-lo seu poder sobre a morte, resucitou á filia de Xairo, ó filio da viúva de Naír e a Lázaro, o seu amigo: fai que os nosos defuntos resuciten para a vida.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Por Xesús, que asociou os nosos defuntos polo bautismo á súa morte e resurrección: fai que, mor-tos no Señor, resuciten con el.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Por Xesús, que alimentou os nosos defuntos coa Eucaristía, sacramento da súa morte e resurrección: fai que pasen a gozar do convite do Reino do ceo.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor e noso Deus, ti puxeches no máis fondo das túas criaturas o desexo de non morrer e o anxeo de vivir sempre. Dámosche gracias porque respondiches a este desexo dos nosos corazóns, resucitando a Xesucristo, o teu Filio feito home, e prometéchesnos que nel viviremos para sempre. Suplicámosche que, os que aínda vivimos, non vivamos para nós mesmos, senón para el, que por nós morreu e resucitou, para morrer nel e resucitar con el, e ós que xa morreron no Señor dálle-la vida eterna prometida.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día cuarto

Palabra de Deus

Mt 22, 1-14

E Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas:

- Parécese o Reino de Deus a un rei que celebrou o

casamento de seu filio. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían vir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vinde á voda! Pero eles, sen lées faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Os demais botáronse ós criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles ós criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Saíron ós caminos os criados e xuntaron a todos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

Cando entrou o rei para olla-los convidados, viu un home que non vestía traxe de voda e díxolle: "Amigo, ¿como entraches aquí sen traxe de voda?" El ficou caladiño. Entón o rei díxolles ós camareiros: "Atádeo de pés e mans, e botádeo fóra, ás tebras, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes. Porque os chamados son moitos, pero poucos os escondidos".

(*Pódese ler tamén Ap 3, 14-22*)

Reflexión

A nosa devoción ós fieis defuntos non é tan só ó.s que xa acadaron a meta definitiva, senón tamén a aqueles que se encontran na súa antesala, preparando o seu traxe de vodas, o que chamamos vulgarmente "purgatorio". É esta unha palabra que hoxe non soa ben. Ademais vénnos adobada dunha imaxinería relixiosa inaxeitada e mesmo falsa. Por outra parte, este nome tampouco se encontra na Sagrada Escritura, anque si na doutrina da Igrexa, cando difine no concilio de Trento esta etapa de preparación antes de entrar definitivamente no ceo.

A súa afirmación abondaría para testemuña-la nosa insistente oración polos fieis defuntos, xa que tamén neste caso se podería aplica-lo de san Próspero de Aquitania; "A lei da oración impón a norma do, que ternos que crer",

Outra cousa é que teña que ser liberada a súa concepción de interpretacións menos rectas, que se foron inserindo co decorrer do tempo. Poderíamos chamarlle mellor "a antesala do Ceo",

Deus revelounos que, no Ceo, "non entra nada luxado". E é que o que chamamos Ceo é a participación na vida de Deus, e Deus é infinitamente distinto da criatura: El é infinitamente santo, infinitamente limpo, puro, relacente. ¿Como pode entón a criatura achegarse a tanta luz, sen queimar nela a súa impureza?

Todos teredes ollado o que pasa nas nosas lareiras, cando para acende-lo lume, poñemos antes uns garabullíños algo húmidos. O tocárlle-lo lume, empezan a súar auga pola outra cara e só cando botaron toda a auga poden ser trocados en brasas. Dunha maneira semellante: mentres a humana criatura non se teña librado de tódalas gangas humanas que leva consigo, non pode ser posuída enteiramente por Deus.

O purgatorio non é, pois, un "castigo", senón un entretempo, no que o lume do amor de Deus está lunpando das súas impurezas á criatura humana, ou dito cunha comparanza: a antesala na que se está preparando o traxe de vodas, para entrar ó banquete do Reino.

Preces

Deus, ós fillos do home dignácheste facemos fillos de Deus, doándono-lo anticipo da gracia nesta vida, que se trocará en gloria. Atende a oración (que che facemos polos fieis defuntos.

* Que as penas, os traballos e as dores sufridas neste mundo polos que xa morreron, lles teñan servido de purificación das súas debilidades humanas e pecados.

- Señor, escoita e ten piedade.

- * Que os sufrimentos que nos padecemos, ofrecidos en proveito dos fieis defuntos, lles acurten o tempo de preparación para entrar no Ceo.
– Señor, escoita e ten piedade.
- * Que as obras que facemos en servizo dos máis necesitados na terra, lles sirvan de axuda na súa purificación ós nosos irmáns defuntos.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Que as oracións que facemos tiesta novena polos nosos irmáns que morreron no Señor, lles acaden o descanso eterno.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Que a alegría de se sentiren xa salvados na esperanza sosteña ós fieis, defuntos na espera de verte cara a cara para gozar de ti.
– Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Ben sabemos, Señor, que "se levas conta dos delictos, ¿quen poderá resistir?"; pero tamén cremos que "de ti procede o perdón e a redención abondosa". Porque coñeces que o home é incapaz de presentarse dignamente na túa presenza, dispuxo o teu amor esa antesala do ceo, que chamamos Purgatorio, para facernos dignos de participar na vida divina. Se non existise, non poderíamos chegar nunca a gozar de ti. E nós, que aínda amando moito ós nosos

seres queridos, non podemos menos que recoñecer-las Búas miserias, faltas e pecados, grazas á túa revelación témon-la esperanza de que un día poderán chegar a gozar da túa presenza, na compañía dos santos. Pedímosche, que pola nosa oración, lles concedas axiña ese día feliz.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día quinto

Palabra de Deus

Mc 10, 23-27

Xesús mirando todo arredor, díxolles ós discípulos:

- ¡Que difícil lles vai ser ós ricos entrar no Reino de Deus!

E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras.

Pero Xesús volveu a insistir:

- Fillos, ¡que difícil é entrar no Reino de Deus! E máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, que para un rico entrar no reino de Deus.

Eles, aínda moi asombrados, comentaban entre si:

- Entón, ¿quen se vai poder salvar?

Xesús mirando para eles fixamente, dixo:

- Si, para os homes é imposible, pero para Deus todo é posible.

(Pódese ler taten I Cor 3, 10-17 ou 4, 9-16)

Reflexión

A crenza que con máis frecuencia se expresa nesa nosa oración polos fieis defuntos, é o desa antesala do ceo, que chamamos vulgarmente purgatorio. Por moi difícil que nos resulte a súa comprensión, existe xa, nesta vida, unha certa experiencia, que nos pode axudar a comprendelo, e é a que tiveron algúns santos e que eles chaman "purgatorio ou inferno místico", dos cales é un exemplo insigne santa Tareixa. Resumindo o que eles expresan, trátase do seguinte:

Todo cristián, que vive en gracia de Deus, esta unido a el, pois iso é fundamentalmente a gracia, conforme o dito de Xesús: "Viremos a el e faremos nel a nosa morada". Dita unión ten lugar na zona non plenamente consciente do home, polo cal o cro-mos, pero non a sentimos claramente. En certas persoas, seas embargo, a quen Deus llelo quere conceder, esta unión faise máis sensible, e chega a te-la experiencia de Deus en si.

Tal experiencia leva consigo, por parte da persoa agraciada, un traballo de purificación ascética duro e continuado, que a vai desprendendo de todo aquiloa, que é o atranco da vida divina.

Elai, con todo, un intre no que co esforzo humano é

imposible chegar a un grao maior desta comu-

nicação de Deus. É entón cande Deus, que a ten destinada a unha meirande comunicación con el, toma pola súa conta a mesma purificación, someténdoa amorosamente a novas e máis intensas purificacións, ata deixala limpa do máis velaño po. ¿En que consiste esa purificación que o mesmo Deus acada nos Eless santos?

^{tos?} descríbena con viveza nos seus escritos; pero fundamentalmente consiste en que, por unha parte, aman tanto ó Señor, que se lles comunicou sensiblemente, que xa non poden vivir sen el, pois é a stia mesma vida. De súpeto deixan de sentilo experimentalmente; máis aínda: séntense coma deixados de Deus para sempre. Este contraste prodúcelles tal pena, tal dor, tal agonía que senten coma se lles faltase a respiración e a vida, senten o arrepío da morte máis dolorosa.

Aí ternos por que estes santos moitas veces non pasaron polo purgatorio, senón que foron dereitamente ó ceo.

A maioría dos cristiáns, ás veces, o máis que fixemos é leva-los traballos da vida coma purificación dos nosos pecados, co que non cumprimos máis cá etapa do esforzo humano. Polo tanto, quédanos por cumpri-la segunda etapa, que Deus -pois que nos quere unidos intimamente a si no ceo, coma os san-

tos- non terá máis remedio que leva-la a cabo despois da morte con todo o seu amor, e que, por ser etapa de purificación definitiva, chamamos purgatorio.

Preces

Deus e Señor noso, a quen chamamos Pai: ti, coma os pais da terra, dóasnos regalos e acompañasnos nos sufrimentos, para facernos fillos teus. escoita, pois a nosa oración polos fieis defuntos.

- * Eles ven, como os santos deste mundo o viron, que os traballos da vida lles serviron para purificarse das súas culpas: que tamén nós, os que vivimos, ofrezámos-los nosos, en descargo das nosas faltas e pecados.
-Señor, escoita e ten piedade.
- * Eles comprenden que a purificación coa que Deus os prepara na antesala do ceo, é proba do amor de Deus, que os quere facer gozar da súa merma vida e felicidade: que nós tamén entendamos que as probas ás que estamos sometidos neste val de bágoas tamén nos poden aproveitar gracias ó amor que Deus nos ten.
-Señor, escoita e ten piedade.
- * Eles senten a Deus como a súa vida, e mentres non o posúen, viven morrendo de pena: que nós creamos que Deus nos fixo para el e o noso cora-

ión está inqueda ata que non atope nel o seu descanso.

- Señor, escoita e ten piedade.

Eles quixeran ter pasado o limiar da morte libre de toda escoria, que se lles foi pegando durante esta vida: que nós nos vaiamos desprendendo de todo pecado e de todo aquilo que del nos separa.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, ti móstra-lo teu poder e a túa xustiza coa misericordia e o perdón. Recibe o esforzo que poñemos estes días en facer de ti o termo das nosas vida, en desprendernos do que atranque a vida divina en nós, en acepta-los traballos coma purificación dos posos pecados, en facernos mellores cristiáns en orar e sacrificármonos máis: dignate, por eles, adiantarlles ós nosos irmáns defuntos a hora da apreta contigo, na que vivirán felices para sempre.

Por Cristo, noso Señor.

IV Amén.

Día sexto

Palabra de Deus

I Cor 12, 12-30

Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos,

non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Pois ben, o corpo non está formado por un único membro senón por moitos.

Se o pé dixer; "como non son man, eu non son do corpo", non por iso deixaba de ser do corpo. E se o oído dixer: "como non son ollo, eu non son do corpo", non por iso deixaba de ser do corpo. Se todo o corpo for ollo, ¿Onde estaría o oído? Se for todo oído, ¿onde estaría o ulido?

Ora, foi Deus quen puxo os membros, colocando cada un deles no corpo corno el quixo. Se todo for un único membro, ¿onde estaría o corpo? En realidade, hai moitos membros, pero un corpo só. O olio non lle pode dicir á man: "Non preciso de ti", nin a cabeza ós pés: "non preciso de vós". Todo o contrario: os membros do corpo que parecen máis débiles son os máis necesarios, e os que ternos por menos decorosos, cubrímolos con máis decoro; e os menos honestos tratámolos con máis recato; cousa que non precisan os honestos. Deus dispuxo o corpo, dándolle máis honor ó máis privado del, para que non haxa discordia no corpo; senón que, ó revés, os membros se preocupen por igual uns dos outros. E así, cando padece un membro, tódos padecen con el; cando a un membro o tratan ben, todos se alegran con el.

Ben, pois vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte. Na Igrexa dispuxo Deus primeiro apóstolos, logo profetas, en terceiro lugar mestres. Despois os que teñen poder de facer milagres; finalmente os que teñen don de curacións, de asistencia, de goberno, de falar distintas linguas. ¿Ou é que todos son apóstolos? ¿Todos son profetas? ¿Todos son mestres? ¿Todos fan milagres? ¿Todos teñen o don de curar? ¿Todos falan en moitas linguas? ¿Todos as saben traducir? Non.

(Pódese ler tamén Xn 10, 11-16)

Reflexión

¡Que rica e que fonda é a devoción ós defuntos, cando se entende en toda a súa plenitude cristiá! Non se pode limitar á nosa fe no purgatorio; ela ademais introdúcenos na fe no Deus-Amor, propia do cristianismo; lévanos á profesión de Cristo morto e resucitado. Hoxe engadimos: lévanos á confesión da Igrexa, unha, santa e católica.

San Paulo compara a Igrexa cun corpo vivo, no que moitos membros compoñen a unidade do corpo, sendo Cristo a cabeza del. Os membros, sendo distintos e con funcións diferentes, son todos preciosos. Así acontece na Igrexa. Por iso non facemos ben, cando identificámo-la Igrexa coa Xerarquía: bis-

pos, sacerdotes. Non, tódolos cristiáns somos Igrexa ¡Que ben o dicía o noso vello catecismo: A Igrexa (- a reunión de tódolos fieis cristiáns!

Agora ben, entre os membros do mesmo corpo existe unha mutua comunicación e dependencia. A boca non se queda coa comida, senón que a pasa ó estómago; aquela unha vez transformada, vai ó sangue, que a leva a tódolos demais órganos. Dunha maneira semellante acontece na Igrexa: tanto o ben coma o mal, que facemos cada quen, repercute nos demais membros. É o que profesamos no credo, como a Comuñón dos Santos: a intercomunicación entre tódolos cristiáns.

E cristiáns son e baixo de Cristo, cabeza, están tamén os do ceo, que chamamos santos, e os da súa antesala, que chamamos fieis defuntos. Ollade: "fieis", ou sexa, cristiáns coma nós. Todos pertencemos á mesma Igrexa, Corpo de Cristo, e entre todos existe unha comunicación fraternal: ós santos encomendámonos, e ós fieis defuntos, encomendámoslos.

A devoción ós defuntos é, pois, a máis fermosa manifestación da fe dos galegos na Igrexa, coma Corpo místico de Cristo; na Igrexa unha, santa e católica. ¿Por que, cotón se oe dicir ás veces que nos falta a fe na Igrexa, coma Corpo místico, se non nos falta solidariedade cos santos, nin cos defuntos? Vóuvolo dicir: onde fallamos é na solidariedade cos de-

mais cristiáns de aquí abaixo: os da parroquia, os da diocese, os da Igrexa universal. Aí si que ternos moito que corrixir.

Preces

Deus e Señor noso: ti que, mandando o teu Fillo, quixeches constituílo Cabeza de tódolos que cren nel, escoita a oración que, coma membros do seu Corpo, facemos uns polos outros.

- * Santos, nosos irmáns, que no ceo acadáste-lo remate do carriño, ó que todos aspiramos: que a vosa intercesión ante Deus axude a pobreza das nosas oracións polos irmáns defuntos.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Fieis defuntos, que vos preparades para entrar na felicidade dos santos: que as nosas oracións e boas obras vos sirvan de axuda para achega-lo voso encontro cos santos.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Santos e seis defuntos, que na vosa peregrinación neste mundo, fostes exemplo de caridade e solicitude polos demais irmáns da Igrexa: que, seguindo o voso exemplo, nos portemos coma irmáns uns cos outros.
- Señor, escoita e ten piedade.
- * Vós fostes aquí modelo do interese pola Igrexa, que peregrina na terra: que nós nos sintamos

membros da Igrexa e participemos na súa misión de espalla-lo Reino de Deus.

- Señor, escoíta e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor Xesús, ti ensináchenos a pedir: "Veña a nós o teu Reino", e para espallalo, constituíche-la túa Igrexa, coma un Corpo, na que tódolos chamados a ela, témo-la responsabilidade de que se estenda a todo o mundo. Concédenos que non nos contentemos con traballar pola nosa salvación, senón que oremos e traballemos para que chegue o teu Reino ás nosas familias, ós fieis da nosa parroquia, de tódalas parroquias da diocese, e da Igrexa universal, da mesma maneira que agora che pedimos que os fieis defuntos cheguen a gozar da plenitude do teu Reino no ceo.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día sétimo

Palabra de Deus

Mt 25, 14-30

Si, é tamén (o Reino do ceo) coma un home que tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e déulle-lo coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou.

De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Pero o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondíu os cartos do seu amo.

Ó cabo de moito tempo chegou o Señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "Señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". Díxolle o Señor: "Ben criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu Señor". Chegou o que recibira dous talentos e dixo: "Señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei". E díxolle o Señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu Señor".

Chegou tamén o que recibira un talento e díxolle: "Señor, sei moi ben que es un home duro, que seituras onde non sementaches e recolles onde non es-pallas. Por iso collín medo, e fun agachar na terra o teu talento; aquí te-lo que é teu". Pero o Señor respondeulle: "¡Mal criado, lacazán! ¿Conque sabías que seituro onde non semento e recollo onde non boto? Pois, puxéramos os meus cartos no banco e, así, cando eu volvese, podía colle-los cartos e mallos intereses. Así que quitádelle o talento e dádello ó que ten dez.

Porque ó que ten, háselle dar e abondo; pero ó que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. E ó criado inútil botádeo fóra á escuridade, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes.

(Pódense ler tamén: Mt 25, 31-46 ou I Rom 12, 3-13)

Reflexión

Xa que dixemos que tódolos membros do Corpo de Cristo, que é a Igrexa, vimos obrigados á mutua axuda, hoxe queremos dicir como nos podemos axudar. E xa que é na axuda á Igrexa que peregrina aínda neste mundo, onde atopamos máis falta de conciencia de solidariedade, irnos comezar por esta.

Polo de pronto é de grande axuda a oración duns por outros. Sobre todo cando vai avaliada polo exemplo dunha vida recta, honesta e xusta, cada quen no seu propio estado. É o apostolado do exemplo. Isto suposto, cada un ha facer algo máis segundo as súas posibilidades, mostrando o amor mutuo coas obras, axudándolles nas súas necesidades, dando quen ten máis a quen ten menos, ben sexa o tempo, ben sexa o traballo, o poder, o diñeiro, os coñecementos, ou a fe, axudánlles a saír do seu estado de depresión, ou como se di agora, contribuíndo a súa liberación.

Velaquí algúns exemplos: promove-la comercialización dos froitos do campo evitando proveitos de intermediarios; promove-lo movemento cooperativo, comezando por pequenas cooperativas de consumo, ande encontrar máis a prezo as mercadorías chegan-

do ás de produción; promove-la formación da muller campesiña no coidado da casa, adorno, alimentación racional, etc.; crear ambientes sans de diversión e formación para os adolescentes e mozos; rnovementos xuvenís, teleclubes, deportes, etc. Que todo isto non é algo imposible demóstrano algunhas parroquias, nas que todo ou algo disto funciona xa.

Ademais do dito, queda por cubri-la cooperación no campo relixioso. Non valoramos abondo o labor dalgunhas mulleres piadosas no servicio que fan a tódolos fregreses, ocupándose da limpeza e o adorno da igrexa, o das mozas e mozos que ensinan o catecismo ós nenos dos veciños. Citamos estes casos por seren os máis frecuentes. Pero canto queda por facer na axuda á economía das parroquias, no reparato da folla parroquial, na dirección das asociacións, nas xuntas parroquiais, no canto, etc.

O movemento é sinal de vida. Se as nosas parroquias se puxesen en actividade, darían a impresión de algo vivente. Por desgracia, hoxe non poucas se-mellan identificarse cun cemiterio parroquial.

Diredes que o cura ten a culpa. Non negamos que teña a súa. Pero el non é máis ca un membro da Igrexa, que, sen a axuda dos demais, non pode manter vivo o corpo de Cristo.

E quedádevos con este consello: está ben que un día ó ano nos preocupemos dos nosos irmáns defuntos, membros da Igrexa que se purifica, pero

moito mellor sería que todo o ano nos preocupase_ mos dos fieis vivos, na seguridade de que iso aproveitaría tamén ós nosos defuntos.

Preces

Señor, noso Deus: ti dixéchesnos por boca de Xesús que ó final da vida seríamos xulgados polo amor ós irmáns. Suba ata ti a nosa oración polos fieis vivos e defuntos.

* Perdoa ós fieis defuntos as faltas cometidas contra os irmáns e fai que nós non caíamos no mesmo pecado.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Perdoa ós fieis defuntos, que non deron de comer ó famento, que non vestiron ó espido, que non visitaron ó triste, e concédenos ós que aínda vivimos que axudemos ós nosos irmáns nas súas necesidades.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Perdoa ós nosos fieis defuntos, que non fixeron fructifica-los seus talentos en proveito dos demais e anímanos a nós a poñe-las nosas Cualidades ó servicio dos outros.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Perdoa ós fieis defuntos aquilo que deixaron de facer a prol da Igrexa e espértanos para que nós

;,aiamos da nosa preguiza e sexamos membros activos do Pobo de Deus.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Pai de bondade e misericordia, ti mandáchesno-lo teu Fillo coma Bo Pastor, para que trouxese as ovellas espaxadas ó rabaño; nos témo-la sorte de ter sido chamados ó rabaño da Igrexa, pero ¡cantos dos chamados foron infieis e cantos aínda non escoitaron a voz do Bo Pastor! Queremos hoxe agradecerche o don da fe, non gardando a súa luz debaixo da artesa, senón póndoa no alto para que alumee a todos. Así como hoxe axudamos ós nosos irmáns defuntos, para que brille para eles a luz eterna, axúdanos a arrequeña-la luz da nosa fe, para ilumina-los vivos.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Día oitavo

Palabra de Deus

Mt 6, 19-21

Non amoreedes tesouros na terra onde a traza e maila ferruxe acaban con eles, e os ladróns asaltan as casas para roubalos. Amoreade tesouros no ceo, onde non hai traza nin ferruxe que acaben con eles,

nin ladróns que asalten e os rouben. Que onde está o teu tesouro está o teu corazón. (*Pódese ler tamén 2 Mac 12, 39-46*)

Reflexión

Onte rematabamos dicindo que o que fixeseamos, polos membros vivos da Igrexa redundaría tamén en proveito dos membros defuntos. Esta é, pois, a primeira maneira de axudar á Igrexa, que é purificada para entrar na gloria.

En efecto, toda obra boa, de calquera clase que sexa e non só de orde reldbosa, pode axudar a sufraga-lo déficit de vida cristiá, con que a morte teña pillado ós nosos irmáns. O vello catecismo ensinaba que as boas obras teñen sempre valor impetratorio e satisfactorio, que, quen as fai, pode cedelo a prol dos fieis defuntos. Hai cristiáns que colleron dunha vez para sempre a vontade de que estes valores de tódalas súas obras cedan en favor dos defuntos. É o que se chama "voto de ánimas", de grande valor polo acto de caridade que supón. Esta primeira maneira é moi importante, pois non ten, coma outras, o perigo de inhibimos da propia colaboración.

Outro apartado é o das obras directamente relixiosas. Así a Misa. Se toda redención e salvación humanas xorden do sacrificio de Cristo na cruz, e a Misa é a presenza sacramental deste sacrificio, ¿que cousa mellor poderemos facer polos fieis defuntos que ofrecer por eles dito Sacrificio? Ollade que dixen ofrecer e non só dar Misas, ou sexa, a esmola ó sa-

cerdote para que el ofrezca a Misa. Da-la esmola supón unha meirande participación, que se completa "asistindo" ou mellor dito ofrecéndoa co sacerdote.

Despois da Misa, as outras oracións: novena, rosario, etc. sobre todo as oracións da Igrexa no funeral e cabodano. Estas teñen máis valor porque, aínda que o cristián sempre que ora faino coma membro da Igrexa, nas oracións litúrxicas xa non é a miña pobre voz a que ora, senón toda a Igrexa a que expresa a súa oración pola miña boca. Coma unha especie de altavoz que fortalece a miña.

Algo semellante acontece co que chamamos indulxencias. A Igrexa concede a certas obras, ou a determinadas oracións, unha indulxencia. ¿Que que-re dicir isto? Non se trata de que non teñamos nada que facer pola nosa parte, senón que ó que facemos nos, a Igrexa engádelle un plus de valor.

Preces

Deus e Señor noso: ti que non quixeches que a morte fose a separación definitiva dos nosos defuntos, antes ben dispuxeches que puidese haber intercomunicación con eles, mediante a oración e as boas obras: acepta, pois, as nosas oracións por eles.
* Que todo canto facemos de bo cada día da nosa vida sirva para sufraga-lo déficit de vida cristiá, co que a morte puido encontrar os nosos irmáns.

- Señor, escoita e ten piedade.

Que medre en nós a estima pola Misa, non contentándonos coa dos días de precepto, sabendo que o Sacrificio de Cristo que nela ofrecemos, é salvación tamén para os fieis defuntos.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que cando participemos na oración litúrxica dos funerais e aniversarios, non tentémo-la va ostentación, senón que oremos prestando a nosa boca á santa Igrexa, que ora connosco.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que se esperte en nós o desexo de orar con maior frecuencia e fervor, pensando que os fieis defuntos

o esperan con ansia.

- Señor, escoita e ten piedade.

• Que practiquemos sobre todo aquelas accións e oracións, ás que a Igrexa engade o valor da indulxencia.

- Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Señor Xesús: ti, movido pola dor da viúva de Naím, polos pedimentos de Xairo e pola amizade de Marta e María devolviches á vida ós seus seres queridos. Escoita as nosas súplicas, ten en conta as nosas oracións polos nosos e por tódolos defuntos, e pola túa

infinda piedade libraos do resto dos seus pecados e lévaos a gozar contigo na gloria do Pai.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

R/ Amén.

Pía noveno

Palabra de Deus

Ap 14,13

E oio unha voz do ceo que me dicía: Escribe: Benia os mortos, que, de agora en diante, morran no Señor. Si -di o Espírito-, que descansen das súas fatigas, porque as súas obras van con eles.

(*Pódense ler tamén Ap 7, 9-17 ou 21, 1-8; ou Lc 24, 27-40*)

Reflexión

¡Que ben fai a Igrexa pondo xuntas a conmemoración dos fieis defuntos e a de tódolos santos! É que o purgatorio é o lugar de paso nada máis. O remate, a meta da peregrinación é o ceo. Alá é onde deben ir sempre o noso pensamento e os nosos anceios. Pero, ¿que é o ceo? ¿Quen o podería dicir! San Paulo só soubo dicirnos que "nin olio viu, nin oído oiu, nin entendemento humano pode comprender" o que é o ceo. A Sagrada Escritura ilustra con parábolas. Fa-gamos nós algo semellante cunha comparanza máis comprensible para a nosa mentalidade,

Un neno, como vedes non é un home feito: isto quere dicir que un home completo non nace, senón que ten que irse facendo polo desenvolvemento do corpo e dos outros aspectos humanos. Imaxinémos un caso ideal.

Erase unha vez... un neno de tantos. Comezou os seus estudos que se lle daban moi ben. Pasou o bacharelato e logo a Universidade, sempre con matrículas. Listo, simpático, bo, ós vinteún anos ganara non sei cantas oposicións e optou pola de Rexistrador. Tiña unha noiva ideal; casou cunha voda brillante. Foi ascendendo na súa carreira. Logo pasou ó mundo da empresa, no que chegou a ser director dunha multinacional. Manexaba todo o mundo dos negocios. Entráballe o diñeiro e feixes. Vivía en Madrid nun piso de luxo e con tódalas comodidades. Construíu un chalé na serra e outro en Alacante. De coches, tiña varios dos últimos modelos. Os fillos saíanlle listos e bos, coma el. Foinos casando con mulleres da súa clase, emparentando coas mellores familias do país, e colocándoos en postos importantes, coma el. Un bo día foi nomeado ministro do Goberno. Chegou a ser Presidente da República.

Como vedes, trátase dun home que se foi facendo ata os máis altos niveis. Non había máis para onde ir. Encheu o seu desexo de saber coa ciencia; o de traballar, coa súa profesión e os seus cargos; o de amar, cunha muller e unha familia ideal; o de posuír, con diñeiro e bens en abundancia e con eles o antollo de

vestir, de alfaías, de comodidades, de divertirse, de viaxar; o de mandar, chegando a gobernar un Estado; o de relacionarse, contando con amigos influentes. En fin, un home, que tivo todo, todo o que podía desexar. ¿Todo?

O home, por moito que teña conseguido, ende\ amais di: basta, sempre lle queda algún baleiro nos seus anxeios. E é que, como di un filósofo incrente, o máis secreto desexo do home é chegar a ser Deus, ou sexa, chegar a unha realización ilimitada, infinda, como é Deus; pero, como isto é imposible, a vida humana é sempre un absurdo, unha frustración. Pero os crentes sabemos, pola fe, o que o filósofo non sabía: que "o que é imposible para o home, é posible para Deus". El fíxose home para que os homes nos fixeseamos divinos.

O home pode entón chegar a acadar non xa un desenvolvemento, que no mellor dos casos ten sempre os seus lindeiros, pois non se pode selo todo ó mesmo tempo, senón unha realización sen lindeiros, capaz de encher tódolos anxeios de saber, de posuír, de mandar, de amar, de relacionarse, de comer, de vestir, de divertirse, de gozar, de todo, nunha palabra. Entón o home chega a dicir: basta, porque o ten todo, absolutamente todo. Chegou a ser todo o que quería. Encontrou o remate absoluto do seu desenvolvemento.

É un home perfecto, completo na súa espléndida plenitude. E por iso está plenamente satisfeito, é completamente feliz. Isto quere dicir precisamente palabra "benaventurado", coa que designamos os habitantes do ceo.

¿E quen non desexa se-lo home feliz? ¿Como non irnos ter desexos do ceo, e pedilo para os nosos irmáns defuntos?

Preces

Deus: ti que nos creaches, coñeces moi ben o anxeo de sermos felices que ti puxeches no noso corazón, e asegúranos que este noso anxeo será cumprido. Permite que che expresemos este desexo coa nosa oración.

* Que os bens deste mundo non nos sirvan de atranco para acadar-los eternos, antes ben nos alenten a acadalos.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que aprendamos e sigámo-lo camiño do ceo, que non é outro có das benaventuranzas: "Benaventurados os pobres, porque deles é o reino do ceo", - Señor, escoita e ten piedade.

* Que os fieis defuntos que están apurando o camiño de desprendemento das benaventuranzas coa purificación, nos sirvan de exemplo ós vivos.

- Señor, escoita e ten piedade.

* Que os fieis defuntos, que arden en desexos da eterna felicidade, sexan o noso modelo de como ternos que desexala nós sobre tódalas cousas. - Señor, escoita e ten piedade.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus todopoderoso: ti fas posible ó home este desexo imposible de chegar a se-lo home en plenitude, mediante a participación da túa divindade. Concédenos que nesta vida traballemos por acadar para nós e para os demais o desenvolvemento de tódalas nosas posibilidades humanas, e o que non podemos acadar dánolo ti pola túa misericordia no ceo; e ós fieis defuntos, polas nosas oracións, sacrificios e boas obras, concédelles que poidan ser felices contigo no ceo.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

XIII

ALGUNHAS BENDICIÓNS
DE PERSOAS E COUSAS



1. BENDICIÓN DUNHA FAMILIA

V/ No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ A gracia e maila paz de Deus, noso Pai,
e de Xesucristo, o Señor,
sexan con todos vós.

R/ E contigo, tamén.

Monición

Benqueridos irmáns: A familia que, polo sacramento do matrimonio, recibe a gracia de Cristo e unha vida nova, ten unha importancia especial tanto para a igrexa como para a sociedade civil, das cales é célula primeira e vital.

Con esta celebración, invocámo-la bendición do Señor para que os membros da familia sexan sempre entre si cooperadores da gracia, e difundan a fe nas distintas circunstancias da vida.

Con axuda de Deus, cumpriréde-la vosa misión, conformando toda a vosa vida segundo o Evanxeo, para que poidades ser ante o mundo testemuñas de Cristo.

Palabra de Deus

1 Cor 12, 12- 14

Porque igual có corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo; así timen Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu beber un único Espírito. Pois ben, o corpo non está formado por un único membro senón por moitos. (*Poden lerse tamén: Ef 4, 1-6; Rom 12, 4-16; 1 Cor 12-3 1b-13, 7*)

Salmo responsorial

Sal 128, 1-2. 4-6a

V/ Ditosos os que temen ó Señor.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

V/ Ditosos os que temen ó Señor

e van polos seus carniños.

Cando comes do froito das túas mans,
ditoso ti e afortunado.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

V/ Así é bendito quen teme ó Señor.

Bendígate o Señor desde Sión,
que vexas na prosperidade a Xerusalén
tódolos días da túa vida,
e que véxa-los fillos de teus fillos.

Ft/ Ditosos os que temen ó Señor. Preces

invoquemos a Cristo, o Señor, Palabra eterna do

Pai, que mentres conviviu cos honres, quixo vivir en familia e colmala de bendicións. Pidámoslle que protexa a esta familia, dicindo:

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

* Ti que consagráche-la vida doméstica, vivindo baixo a autoridade de María e Xosé, santifica esta familia coa túa presenza.

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

Ti que estiveches sempre atento ás cousas do teu Pai, fai que Deus sexa honrado e glorificado en tódalas familias.

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

* Ti que fixeches da túa santa familia un modelo admirable de oración, de amor e de curnprimento da vontade do Pai, santifica esta familia coa túa gracia e cólmaa dos teus dons.

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

* Ti que lles quixeches os teus pais e fuches querido por eles, fortalece a tódalas familias no amor e na concordia.

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

* Ti que en Caná de Galilea alegráche-los comezos dunha familia, cando fixéche-lo teu primeiro signo, trocando a auga en viño, alivia os sufrimentos e os coidados desta familia

- Garda na túa paz a nosa familia, Señor.
 Ti que, vixiando pola unidade da familia, dixeches
 "o que Deus uniu, que non o separe o home", gar-
 da a estes esposos sempre unidos co vínculo
 irrompible do teu amor.
 - Garda na túa paz a nosa familia, Señor.

Noso Pai que estás no ceo...

Oración

Deus, creador e restaurador misericordioso do
 teu pobo. Ti quixeches que a familia, constituída
 pola alianza nupcial, fose signo de Cristo e da Igre-
 xa.

Verte a abundancia da túa bendición +
 sobre esta familia, reunida no teu Nome,
 para que os que viven nela unidos polo amor
 se manteñan ferventes no espírito
 e asiduos na oración,
 que se axuden mutuamente,
 contribúan ás necesidades de todos
 e dean testemuño da fe.
 Por Cristo, nono Señor. Amén.

Fin do rito

Xesús, o Señor, que viviu no fogar de Nazaré,
 permaneza sempre coa vosa familia,
 garde de todo mal

e vos conceda que teñades
 un mesmo pensar e un mesmo sentir.
 R/ Amén.

2. BENDICIÓN DOS ESPOSOS

*(Esta bendición é axeitada para os principais aniversarios do
 casamento, sobre todo nas Vodas de Prata, de Ouro, etc.
 Debe celebrarse sobre todo dentro da Misa, despois da ho-
 milia).*

Bendición dos novos aneis

Bendí e santifica, Señor,
 o amor dos teus servidores.
 Estes aneis representan para
 eles un signo da súa fidelidade.
 Fai que tamén lles recorden
 o seu amor mutuo e a
 gracia do sacramento. Por
 Cristo, noso Señor. R/
 Amén.

Se son os mesmos aneis do casamento

Acrecenta e santifica, Señor,
 o amor dos teus servidores

e, pois se entregaron mutuamente estes aneis en sinal de fidelidade,

fai que progresen na gracia do sacramento.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Preces

Invoquémo-la misericordia de Deus, Pai todopoderoso, que no seu providente designio quixo que a historia da salvación quedase significada no amor, na fidelidade conxugal (e na fecundidade), e digámoslle:

– Renova, Señor a fidelidade dos teus servidores.

* Pai santo, que es chamado fiel, e que pides e prémiala observancia da túa alianza, enche das túas bendicións e estes teus servidores, que lembran hoxe (o vixésimo quinto, o quincuaxésimo) aniversario do seu casamento.

– Renova, Señor a fidelidade dos teus servidores.

* Ti que, co Fillo e co Espírito Santo, gozas por sempre da plena unidade de vida e comunión de amor, fai que estes servidores teus recorden sempre a alianza de amor que contraeron no seu casamento e a garden con toda fidelidade.

- Renova, Señor a fidelidade dos teus servidores.

* Ti que, na túa providencia, dispós de tal maneira os

acontecementos da vida humana que léva-los teus fieis a participaren do misterio de Cristo, fai que estes servidores teus, aceptando con serenidade o próspero e o adverso, se esforcen por unirse a Cristo e viviren só para el.

- Renova, Señor a fidelidade dos teus servidores.

* Ti que quixeches que o casamento fose modelo de vida cristiá, fai que tódolos esposos sexan testemuñas no mundo do misterio de amor do teu Fillo. - Renova, Señor a fidelidade dos teus servidores.

Oración

Señor, noso Deus,

nos teus mandados atopa a familia

o seu verdadeiro e seguro fundamento.

.pende estas súplicas dos teus servidores

e concédelles que,

segundo os exemplos da Sagrada Familia,

cheguen a gozar dos premios do tel reino,

no fogar do ceo.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

(Se se fai na Misa, despois do Noso Pai, omítese o "Líbranos Señor" e o celebrante di:)

ioásmote e bendicímote,

Deus, creador de tódalas cousas.

No principio creáche-lo home e a muller
para que formasen unha unidade de vida e de amor.
Dámosche gracias,
porque te dignaches bendici-la unión familiar
dos teus servidores N. e N.,
para que fose imaxe da unión de Cristo coa súa Igre-
xa.

Ti que os mantiveches unidas polo amor
nas Búas penas e alegrías,
óllaos hoxe con benevolencia;
renova a cotío a súa alianza nupcial,
acrecenta o seu amor, fortalece o seu vínculo de paz,
para que (xunto con esta coroa de finos que os ro-
dean)
gocen sempre da túa bendición.
Por Cristo, noso Señor.
R/ Amén.

Bendición final

Inclinádevos para recibi-la bendición.
Deus, Pai todopoderoso, vos conceda o seu gozo.
R/ Amén.
O Filio unixénito de Deus,
nas alegrías e nas penas, vos asista.
R/ Amén.

O Espírito Santo
manteña as vosas vidas co seu amor.
R/ Amén.

E a todos vós, que estades presentes,
bendígavos Deus todopoderoso, Pai,
Filio + e Espírito Santo.
R/ Amén.

3. BENDICIÓN DOS FILLOS

nome do Pai, e do Filio e do Espírito Santo
R/ Amén.
A gracia de Deus pai,
que nos fixo fillos adoptivos,
sexa con todos vós.
R/ E contigo tamén.

Monición

Con razón o salmo compara os fillos cos Bromos
da oliveira ó redor da mesa familiar; eles, en efecto,
non só son signo e anuncio de bendición divina, se-
nón que testemuñan a presenza eficaz do mesmo
Deus, quen, como dador da fecundidade nos fillos,
multiplica o xúbilo na familia e acrece a súa alegría.
\\Ton só se lle debe ós fillos o maior respecto, senón

que convén que se lles ensine a tempo o amor e o temor de Deus, para que, conscientes das súas obrigas, vaian medrando en sabedoría e gracia e, tendo xa en coma e pondo por obra todo o que e verdadeiro, xusto e santo, sexan testemuñas de Cristo no mundo e mensaxeiros do seu Evanxeo.

Palabra de Deus

Mt 19, 13-15

Leváronlle entón uns nenos, para que lles impuxese as mans, e rezase por eles. Pero os discípulos rifábanlles. Mais Xesús, díxolles:

- Deixade que os nenos se acheguen a mM, non llelo privedes, porque deles é o Reino do Ceo.

E despois de lles impoñe-las mans, marchou de ah

(Pódese ler tamén: Tb 4, 5-7; Pr 4, 1-7; M 18, 1-5.50)

Salino responsorial.

V/ Ditosos os que temen ó Señor.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

W Ditosos os que temen ó Señor
e van polos seus camiños.

Cando comes do froito das túas mans, ditoso ti e afortunado.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

V/ A túa muller como parra fecunda

no medio da tila casa. Os teus hilos coma gromos de oliveira

arredor da túa mesa.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

V/ Así é bendito o que teme ó Señor,

Bendígate o Señor desde Sión,
que vexas na prosperidade a Xerusalén
tódolos días da túa vida,

e que véxa-los fillos de teus fillos.

R/ Ditosos os que temen ó Señor.

Preces

Invoquemos a Deus todopoderoso, a quen Xesús, o Señor, nos ensinou a chamar Pai, e digámoslle -
uplicantes:

- Pai santo, garda os teus finos.

Pai cheo de amor, que tanto amáche-los bornes que entregaches por eles a teu Filio único: protéxenos e deféndenos a nós, teus fillos, nacidos de novo polo bautismo.

Pai santo, garda os teus fillos.

Ti que te compraciches no teu Filio benquerido: fai que cumpramos fielmente a misión encomendada a cada un de nós no mundo e na Igrexa. Pai santo, garda os teus fillos.

* Ti que tes un amor especial ós desamparados: fai que tódolos nenos carentes de agarimo familiar,

coa axuda da comunidade cristiá, experimenten vivamente a túa paternidade.

- Pai santo, garda os teus fallos.

Oración

Señor Xesucristo, tanto amáche-los nenos que dixeches que quen os recibe, a ti mesmo te recibe.

Escoita as nosas súplicas a prol destes nenos, e xa que os enriqueciches coa gracia do bautismo, gárdaos coa túa continua protecCión.

Fai que, cando cheguen a maiores profesen libremente a súa fe, e sexan ferventes na caridade;

que perseveren na esperanza do teu reino.

Ti que vives e réinas por sempre eternamente.

R/ Amén.

4. BENDICIÓN DA MULLER

DESPOIS DO PARTO

(Rito breve)

V/ Bendito sexa nome do Señor.

R/ Agora e sempre.

palabra de Deus 1 Sam. 1, 27; Lc 1, 68-69; Ts 5,18

Pedíalle este neno e o Señor concedeume o favor que lle pedía.

Bendito sexa o Señor, Deus de Israel porque veu visitar e redimí-lo seu pobo, suscitando para nós unha forza de salvación na casa de David, o seu ser-vo.

Dade gracias en tódalas ocasións: que isto é o que Deus quere de vós como cristiáns.

Oración

Deus, de ti descende toda bendición e cara a ti sobe a humilde súplica do que te bendí.

Concédelle a esta nai, axuda pola túa bendición,

que se mostre agradecida contigo

e, tanto ela coma os seus fillos,

se alegren da túa protección.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Outra fórmula máis breve

O Señor, Deus todopoderoso,

que encheu de ledicia o universo

co nacemento de seu Fillo,

te bendiga +

e haga que te alegres sempre no Señor

polo nacemento do teu filio.
 Por Cristo, noso Señor. R/
 Amén.

5. BENDICIÓN DA PRIMEIRA ESTRUCTURA DUNHA CASA

V/ No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ A gracia e malla paz de Deus, noso Pai,
 fonte de todo ben, sexan con todos vós.

R/ E contigo, tamén.

Monición

A obra que hoxe comezamos ha anima-la nosa fe e ser para nós ocasión de amosa-la nosa gratitud
 Coñecemos ben aquelas palabras do salmo: "Se u Señor non fai a casa, en balde se esforzan os canteiros"
 (Sal 127, 1)

Somos en certo modo cooperadores de Deus,
 sempre que co noso traballo atendemos e servimos ós
 irmáns ou á comunidade.

Con esta celebración, invoquemos, irmáns a axu-
 da de Deus, para que esta construción chegue
 felizmente ó remate desexado, e para que protexa os
 constructores e os garde de todo mal.

palabra de Deus

1 Cor 3, 9-11

Porque nós somos xornaleiros de Deus; e vós sócle-
 lo agro de Deus, edificio de Deus. Na medida da
 gracia que Deus deu, coma un bo arquitecto, eu botei
 os alicerces. Outro edificou enriba. Que cadaquén olle
 como edifica. Pois ninguén pode poñer unha
 cimentación distinta da que está posta, que é
 Xesucristo.

salmo responsal

Sal. 9o, 12- 14, 16-17

V/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

Ví Ensínanos a conta-los nosos días,
 para que deprendamos a ser asisados.
 Volve, Señor. ¿Por canto aínda?

Apiádate dos teus servos.

Dános axiña a fartura da túa misericordia,
 para que a nosa vida teña felicidade e ledicia.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

V, Que se vexa a túa obra nos teus servos
 e a túa gloria nos teus fillos.

Que a bondade do Señor, noso Deus, sexa con-
 nosco

e que el asegure as accións das nosas mans.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

Preces

Invoquemos, queridos irmáns, a Deus, Pai todopoderoso, para que a obra que hoxe comezarn,y,, contribúa á edificación do reino de Deus e nos una a Cristo, pedra angular, na fe e na caridade. - Bendito sexas por sempre, Señor.

* Ti que nos déche-la intelixencia e maila forza para sermos colaboradores da túa obra.

- Bendito sexas por sempre, Señor.

* Ti que polo teu Filio, noso Señor, quixeches editi ca la túa santa Igrexa sobre pedra firme. - Bendito sexas por sempre, Señor.

* Ti que, polo Espírito Santo, nos fas entrar en construción do templo espiritual no que quere face-la morada.

- Bendito sexas por sempre, Señor.

Ti que pos en nós a firme esperanza de levar a ha remate, coa túa axuda, a obra que hoxe comezamos coa túa bendición.

- Bendito sexas por sempre, Señor.

* Ti que nos labras e pules como pedras vivas, para formarmos parte da Xerusalén celestial.

- Bendito sexas por sempre, Señor.

()radón

Deus todopoderoso, Pai de misericordia, ti creaches tódalas cousas por medio do teu Filio, e puxéchelo coma sólido alicerce do teu reino.

Atende o noso pedimento

e fai que esta obra que comezamos

para gloria do teu Nome a para noso proveito, coa axuda da túa sabedoría

vaia medrando día a día

ata o seu feliz remate.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Remate do rito

V/ Deus todopoderoso vos bendiga
e acolla con favor os vosos desexos.

11/ Amén.

V/ O Señor vos conceda que canto fagades
sexa todo no seu Nome.

R/ Amén.

V/ O Señor olle con agrado o voso traballo
e garde as vosas vidas de todo mal.
Amén.

6. BENDICIÓN DUNHA CASA NOVA

No nome do Paí, e do Fillo, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ A paz do Señor veña a esta casa e a tódolos aquí presentes.

R/ E a ti tamén.

Monición

Queridos irmáns: dirixímo-la nosa afervoadada oración a Cristo, que quixo nacer da Virxe María e habitou entre nós para que se digne entrar nesta casa e bendicila coas súa presenza.

Cristo, o Señor, estea aquí, no medio de vós, fomentando a vosa caridade fraterna, participe nas vosas ledicias e vos console nas vosas tristuras. E vós, guiados polas ensinanzas e exemplos de Cristo, tentade, ante todo, que esta nova casa sexa fogar de caridade, desde onde se espalle amplamente o recendo de Cristo.

Palabra de Deus

Lc 10, 5 -9

Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a esta casa". E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non hai, volverá convosco. Permaneced na mesma casa, comendo bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito seu xornal. Non andedes dunha casa para outra.

Cando entredes nunha vila e vos atollan, comedo do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus".

Salmo responsorial

Sal 127, 1-5

V/ O Señor nos constrúa a casa.

R/ O Señor nos constrúa a casa.

V/ Se o Señor non fai a casa,
en balde se esforzan os canteiros.

Se o Señor non garda a cidade,
en balde vixían os centinelas.

R/ O Señor nos constrúa a casa.

V/ En balde vós madrugades
e tardades en deitarvos:
comedes pan de traballos,
cando el llelo dá ós seus amigos
mentres dormen.

R/ O Señor nos constrúa a casa.

V/ Os fillos son a herdanza do Señor;
o froito do ventre, o seu xornal.
Coma saetas na man do guerreiro,
así os fillos da mocidade.

R/ O Señor nos constrúa a casa.
/ Feliz quen encheu deles a súa aIXaba:
non se verá avergonzado cando
discuta cos inimigos na praza.

R/ O Señor nos constrúa a casa.

Preces

Con ánimo agradecido e gozoso invoquémo-lo Filio de Deus, Señor do ceo e mais da terra, que, feito home, habitou entre nós, e cligámoslle:

– Quédate connosco, Señor.

* Señor Xesucristo, que con María e Xosé santificache-la vida doméstica: dignate convivir connosco nesta casa, para que te recoñeza coma hóspede e te honremos coma cabeza.

– Quédate connosco, Señor.

* Ti por quen todo o edificio queda artellado, e se vai erguendo ata formar un templo consagrado: fai que os habitantes desta casa se vaián integrando na construción, para seren morada de Deus polo Espírito.

– Quédate connosco, Señor.

Ti que lles ensinache os teus fieis a edifica-la súa casa sobre pedra firme: fai que a vida desta familia se apoie firmemente na túa palabra e, evitando toda división, te sirva con xenerosidade e de todo corazón.

- Quédate connosco, Señor.

* Ti que, non tendo morada propia, aceptaches co gozo da pobreza a hospitalidade dos amigos: fai que tódolos que buscan vivenda atopen, coa nosa axuda, unha casa merecente deste nome.

- Quédate connosco, Señor. Oración

Asiste, Señor, a estes teus servidores

que, ó estreaten hoxe esta vivenda,
pregan humildemente a túa bendición.
Fai que cando vivan nela,
sintan a túa presenza protectora,
cando saian, gocen da túa compañía
e cando volten,
sintan a ledicia de terte coma hóspede,
ata que cheguen felizmente á morada
que lles tes preparada na casa do teu Pai.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.
R/Amén.

Aspersión con auga

Que esta auga nos recorde o noso bautismo en Cristo, que nos redimiu coa súa morte e resurrección. R/ Amén.

Remate do rito

Que a paz de Cristo faga de árbitro
no noso corazón
e a palabra de Cristo habite en nós
en toda a súa riqueza,
para que todo o que de palabra ou de obra fagamos,
sexa todo no dome do Señor.
R/ Amén.

7. BENDICION DUNHA NOVA ESCOLA

V/ No nome do Pai, e do Pillo, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ Deus, fonte da sabedoría,

Cristo, o Señor, a súa Palabra encarnada.

e o Espírito da verdade

sexan con todos vós. R/

E contigo, tamén.

Monición

O Deus da sabedoría condúcenos de distintas maneiras a un coñecemento máis fondo de si mesmo, coñecemento que completou no seu Filio, feito home por nós. Os coñecementos, as ciencias e mallas ensinanzas de toda clase, que a mente humana se esforza en afondar, han de estar encamiñadas á posesión da verdade e á adoración do Deus verdadeiro.

Hoxe implorámo-la bendición divina sobre este lugar, destinado á investigación, á aprendizaxe e ó espallamento da verdade, para que os educadores instrúan aquí os nenos e os mozos e lles ensinen conciliar axeitadamente a sabedoría humana coa verdade evanxélica, e sexan, deste xeito, capaces de garda-la fe verdadeira e profesala externamente coa súa vida.

Pregaremos tomen para que os discípulos descubran nos seus mestres a presenza de Cristo Mestre, para que, enriquecidos coa ciencia e a ensinanza tanto humana como divina, cheguen a ser persoas preparadas e aptas para iluminar e axudar ós seus irmáns.

Palabra de Deus

Mt 5, lb. 2.13-16

Achegáronselle os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

- Vós sóde-lo sal da terra. Pero se o sal se volve desaborido, ¿con que se vai salgar? Para nada vale xa, senón para tirar con el e que o pise a xente. Vós sóde-la luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da arteisa, senón sobre o candeeiro, para que alumee a tódolos da casa. Alumee así a vosa luz ós homes, para que vendo as vosas boas obras, glorifiquen ó voso Pai que está no ceo.

Salmo responsorial

Sal 119, 97-98. 99-100.124

V/ A túa palabra, Señor, é luz no meu camiño.

R/ A túa palabra, Señor, é luz no meu camiño.

V/ ¡Canto amo a túa lei!

Medito nela o día enteiro.

Os teus preceptos fanme máis cordo cós inirni_
gos,
pois están sempre comigo.

R/ A túa palabra, Señor, é luz no meu camiño.

V/ Avantaxo en sabedoría ós meus mestres,
porque medito na túa revelación.
Son máis asisado cós vellos,
porque cumpro os teus preceptos.

R/ A túa palabra, Señor, é luz no meu camiño.

V/ Trata o teu servo conforme ó teu amor,
ensíname os teus mandamentos.

Eu son o teu servo: dáme intelixencia
para coñece-la túa revelación.

R/ A túa palabra, Señor, é luz no meu camiño.

Preces

Xa que a primicia na sabedoría é o respecto do Señor, invoquemos a Deus, pedíndolle que nos falta capaces de distinguir e practicar todo aquilo que í verdadeiro e xusto. Roguémoslle dicindo:

- Dáanos, Señor, o Espírito de sabedoría.

* Señor, noso Deus, que nos queres tanto que quixeches que nos chamemos e sexamos teus fillos: fai que tamén as ciencias humanas nos axuden a ver con máis claridade e vivir con plenitude a nos: i vocación cristiá. Preguémoslle dicindo:

- Dáanos, Señor, o Espírito de sabedoría. Ti que en Cristo, o teu Fillo, nos déche-lo modelo do home novo, que vai medrando en sabedoría, en estatura

e en gracia: fai que, conforme aumentan os nosos coñecementos humanos, medre tamén o noso aproveitamento espiritual. Preguémoslle dicindo:

- Dáanos, Señor, o Espírito de sabedoría.

Ti que dispuxeches que o home chegue á súa madurez por medio da cooperación dos demais: concédenos que cantos traballan na nosa formación non deixen de inculcárno-la preocupación polo ben común.

Preguémoslle dicindo:

- Dáanos, Señor, o Espírito de sabedoría.

Ti que e-lo autor e o defensor da dignidade humana: fai que os beneficios dunha educación sa cheguen a tódolos homes de tódolos lugares.

Preguémoslle ó señor.

Dáanos, Señor, o Espírito de sabedoría.

Oración

Señor, Deus todopoderoso,

escolta as nosas preces.

Fai que esta casa,

adicada á formación humana da xuventude,

ó progreso da ciencia

e á adquisición de nosos coñecementos,

sexa un lugar no que os discípulos e os mestres,
instruídos con palabras de verdade,
sigan as insinanzas da vida cristiá
e se esforcen por unirse de todo corazón
a Cristo, o único Mestre.
Que vive e reina por sempre eternamente.
R/ Amén.

Remate do rito

O Pai, Deus de todo coñecemento,
nos instrúa nos seus camiños;
Cristo, Sabedoría eterna,
nos fa.ga coñece-la verdade;
o Espírito Santo, luz divina,
ilumine sempre as nosas mentes,
para que aprendámo-lo que é xusto e bo
e o poñamos por obra.
R/ Amén.
E a bendición de Deus todopoderoso,
Pai, Fillo + e Espírito Santo
descenda sobre vós e vos acompañe sempre.
R/Amén.

8. BENDICIÓN DUN NOVO HOSPITAL

No nome do Pai, e do Filio e do Espírito Santo.
R/ Amén.

Xesús, o Señor,
que lles recomendou ós seus discípulos
que atendesen os enfermos
e lles ofrecen consolo,
sexa con todos vós.

R/ E contigo, tamén

Monición

O Pai de misericordia e Deus do consolo, que por medio do seu Fillo nos alenta no Espírito Santo, ama e bendí dun xeito especial ós que se atopan magoados, ós enfermos e a tódolos que os atenden.

Os enfermos, en efecto, no so completan na súa carne as dores de Cristo, sufrindo polo seu corpo, que é a Igrexa, senón que ademais representan de cena maneira ó mesmo Cristo, que afirmou que está presente nos enfermos e considera coma dirixida a si mesmo calquera atención que se Leña con eles.

É xusto, pois, que implorémo-la bendición divina sobre os enfermos que viven (vivirán) nesta casa e sobre as persoas que nela se adican (adicarán) xenerosamente a atendelos; e, polo tanto, tamén sobre esta casa, destinada ó coidado dos enfermos.

Palabra de Deus

Mt 4. 23-25

Xesús percorría a Galilea enteira ensinando nas sinagogas e anunciando a Boa Nova do Reino, curando canta doenza padecía o pobo. Falábase del en toda Siria e traíanlle enfermos con toda clase de doenzas e padecementos endemoñados, epilépticos, tolleitos; e a todos curaba. Eran moitos os que o seguían, un mundo de xente chegaba de Galilea, Decápolis, Xerusalén, Xudea e da outra banda do Xordán.

Salmo responsorial

Is 38, 10-12 abcd. 16b-17

R/ Ti, Señor, detivéche-la miña alma
ante a tumba baleira.

V/ Eu pensaba: teño que marchar na metade
dos meus días,
estou pesto ás portas do Xeol
para o resto dos meus anos.

R/ Ti, Señor detivéche-la miña alma
ante a tumba baleira.

V/ Pensei: xa non poderei ve-lo Señor,
o Señor que está no país da vida,
xa non volverei a contempla-la terra,
estarei cos que moran no mundo dos mortos.

R/ Ti, Señor, detivéche-la miña alma
ante a tumba baleira. V/ A miña morada éme
arrancada e enrolada,

coma a miña tenda de pastor.
Estendín coma unha tea a miña vida,
pero córranme a urdidura.

R/ Ti, Señor, detivéche-la miña alma
ante a tumba baleira.

V/ Ti, Señor, estás por enriba das amarguras;
volveranse felicidade,
e a felicidade do meu espírito
será superior a todo o que hai nelas.
Si, volverasme san e farasme feliz.

R/ Ti, Señor, detivéche-la miña alma
ante a tumba baleira.

Preces

Pidamos con humildade a Cristo, o Señor, que veu
ó mundo para cura-los enfermos e consola-los
aflixidos:

- Bendi, Señor, ós que confían en ti.

Ti que viñeches cura-los enfermos e sanda-los co-
razón aflixidos: toma posesión desta casa adicada ó
coidado dos enfemos

- Bendi, Señor, ós que confían en ti.

Ti que, pregoando o Evanxeo do reino, curábalas
enfemidades e doenzas do pobo: mostra a todos a
túa misericordia e a túa bondade.

- Bendí, Señor, ós que confían en ti.

Ti que tocába-los enfermos e quedaban curados:
presta a axuda da túa gracia ós enfermos que aquí
son (serán) atendidos.

– Bendí, Señor, ós que confían en ti.

* Ti que encomendaches ós apóstolos que curasen os
enfermos: escoita as preces da túa Igrexa, qu^e pide a
saúde para eles.

– Bendí, Señor, ós que confían en ti.

* Ti que prometíche-lo premio celestial ós que no
teu Nome visiten ou consolen os enfermos: infun-
de en nós sentimentos de compaixón, para que
saibamos descubrirte e amarte nos irmáns enfer-
mos.

- Bendí, Señor, ós que confían en ti.

Oración

Señor, noso Deus:

O teu Filio, movido pola forza do Espírito Santo,
curou as nosas enfermidades e doenzas
e, cando mandou os discípulos a pregoa-lo Evanxeo,
mandoulles que visitasen e curasen os enfermos.
Concédenos, pola túa bondade,
que tódolos que vivan neste lugar
encontren un trato humano
e unhas atencións cheas de solicitude
por parte dos médicos e dos seus axudantes,

e que, cando saian de aquí,
recuperada a saúde do corpo e do espírito,
loen por sempre a túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.
R/ Amén.

Remate do rito

*(O celebrante remata o rito, dicindo, coas mans es-
tendidas sobre os presentes:)*

Deus, consolo dos aflixidos
e forza dos débiles,
xuntouvos para a inauguración
e bendición desta casa, destinada ó coidado dos en-
fermos.

El vos fortaleza coa súa gracia,
para que, prestando ós enfermos
unha asistencia chea de amor e solicitude,
sirvades fielmente neles ó mesmo Cristo, o Señor.
Que vive e reina por sempre eternamente.
R/ Amén.

E a bendición de Deus todopoderoso,
Pai, Filio + e Espírito Santo,
ciescenda sobre vós e vos acompañe sempre. R/
Amén.

9. BENDICIÓN DUNHA'PENDA,
COMERCIO OU UN TALLER

V/ No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

Deus que deu ó home o mando
sobre as obras das súas mans,
esteu convosco.

R/ E contigo, tamén.

Monición

Xesucristo puso de manifesto a grande dignidade do traballo cando el mesmo quixo ser chamado filio do carpinteiro e traballou humildemente coas shas mesmas mans. Deste xeito afastou a vella maldición do pecado e converteu o traballo humano en fonte de bendición.

En efecto, o home, facendo fielmente o seu traballo e todo aquilo que di relación co progreso temporal ofrecéndoo humanamente a Deus, purifícase a si mesmo, desenvolve coa súa actividade e habilidade a obra da creación, exercita a capacidade, faise capaz de axudar ós que son máis pobres ca el e, asociándose a Cristo redentor, perfecciónase no amor a el. Bendigamos, logo, a Deus e pidamoslle que yerta a súa bendición sobre tódolos que exercen as súas tarefas neste lugar. palabra de Deus Xén I, 27-31a

E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno honre e muller. E bendiciunos así: -Reproducídevos, crecede, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles da terra, e díxolles aínda: Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia cemente: serviranvos para mantenza.

As feras todas do monte, ós paxaros do ceo e ós réptiles que viven na terra déulle-la herba para a súa mantenza. E fíxose así. Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo.

salmo responsorial

Sal 90- z. 3-4 1 z-13. 14 e 16

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

V/ Primeiro que os montes xurdisen

e que fosen formados a terra e o mundo,
desde sempre e por sempre es ti Deus.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

V/ Ti podes volver en po os mortais,
con dicírlles: "Fóra, homes".

Mil anos ante ti

son coma onte que pasou
e como unha vixilia da noite.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

V/ Ensínanos a conta-los nosos días,
para que deprendamos a ser asisados.

Volve, Señor. ¿Por canto aínda?

Apiádate dos teus servos.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

V/ Dáanos axiña a Laura da túa misericordia, para que a nosa vida teña felicidade e ledicia. Que se vexa a túa obra nos teus servos e a túa gloria nos teus fillos.

R/ Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans.

Preces

Deus, noso Señor, que creou o mundo e o encheu de marabillas como signo do seu poder, santificou tamén nas súas orixes o traballo do home, para que este, someténdose humildemente á bondade do Creador, se adicase con constancia a perfeccionar cada día máis a obra da creación. Roguémoslle, pois dicindo:

– Guía, Señor, as obras das nosas mans?

* Bendito sexas, Señor, que nos déche-la leí do traballo, para que, coa nosa intelixencia e os nosos brazos, nos adiquemos con constancia a perfecciona-las cousas creadas.

– Guía, Señor, as obras das nosas mans.

* Bendito sexas, Señor, que quixeches que o teu Fillo, feito home por nós, traballase coma humilde artesán.

– Guía, Señor, as obras das nosas mans. Bendito sexas, Señor, que fixeches que en Cristo nos fose

levadeiro o xugo e lixeira a carga do noso traballo.

- Guía, Señor, as obras das fosas mans.

Bendito sexas, Señor que na túa providencia nos esixes que tentemos face-lo noso traballo coa meirande perfección.

– Guía, Señor, as obras das nosas mans.

Bendito sexas, Señor, que te dignas acepta-lo noso traballo coma unha ofrenda e coma unha penitencia salvadora, causa de ledicia para os irmáns e ocasión de prestar axuda ós pobres.

– Guía, Señor, as obras das nosas mans.

Bendito sexas, Señor, que elevas á sublime dignidade da Eucaristía o pan e mailo viño, froito do noso traballo.

- Guía, Señor, as obras das nosas mans.

Oración

'1) Para unta tenda de comercio

Deus, Pai providentísimo,
ti puxeches nas mans do home a terra e os seus produtos, para que el contribuíse co seu traballo a que os bens creados cheguen a todos.
Bendí ós que usen este local

e fai que, gardando nas súas compras e vendas
a xustiza e maila caridade,
poidan alegrarse de contribuir ó ben común
e ó progreso da comunidade humana.
Por Cristo, noso Señor.
R/ Amén.

b) Para un taller

Deus, o teu Filio, co traballo das súas mans,
elevou a dignidade do traballo humano
e concedéuno-lo don inestimable
de colaborar co noso traballo á súa obra redentora.
Concédelles ós teus fieis a bendición
que esperan de ti,
para que adicándose a transformar con habilidade
as cousas que ti creaches,
recoñezan a súa dignidade
e se alegren de aliviar co seu esforzo
as necesidades da familia humana,
para loanza da Día gloria.
Por Cristo, noso Señor.
R/ Amén.

(O celebrante rocía con oruga bendita os presentes e o local)

Remate

Deus, Pai de bondade,
que nos mandou axudarnos en todo
como verdadeiros irmáns,
clirixa a súa mirada bondadosa sobre vós e
sobre todos aqueles que entren aquí. R/
Amén.

E a todos vós, que estades aquí presentes,
vos bendiga Deus todopoderoso,
Pai, Fillo + e Espírito Santo.
R/ Amén.

10. BENDICIÓN DE INSTAIACIÓNS DEPORTIVAS

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.
R/ Amén.
Deus, fonte de tódalas cousas
de quen nos veñen tódolos bens,
sexa convosco.
R/ E contigo tamén.

Monición

Deus déuno-las forzas para que o sirvamos *c_{ur}*, alegría e axudemos ós irmáns: e para que o *f_{oso}* corpo, seguindo a lei de Deus, estea disposto para toda obra boa. Polo tanto, Deus aproba que adiquemos un tempo ó descanso do espírito e ó exercicio corporal, que nos axudan a mante-lo equilibrio interior e comportarnos cos demais con irmandade amizade.

Palabra de Deus

1 Cor 9, 24-2

¿Non sabedes que os corredores no estadio, corren todos, pero soamente un leva o premio? Correde, Togo, de maneira que levedes premio. Tódolos que compiten impóñense unha disciplina total; iso que neles é para conseguiren unha coroa perecedeira; nós en cambio, unha imperecedeira. Eu, pola miña parte, corro, pero non ó que saia; loito, pero non dando golpes ó aire. Ó contrario, castigo duramente o meu corpo e trátoo como a un escravo: non vaia suceder que despois de lles predicar ós outros, quede eu descualificado.

Salmo responsorial

Sal 100, 2.3.4.5

V/ Aclama ó Señor, terra enteira,
servide ó Señor con alegría,
achegádevos cántigas á súa presenza. R/ Nós
cómo-lo seu pobo e ovellas do seu rabaño.

- Sabedes que o Señor é Deus,

que el nos fixo e que del somos,
o seu pobo, o seu rabaño.

- Nós sómo-lo seu pobo e ovellas do seu rabaño.
Entrade polas súas portas con loanzas;
polos seus adros con cantigas.
Celebrádeo e bendicide o seu nome.
Nós sómo-lo seu pobo e ovellas do seu rabaño.
- V Porque o Señor é bo.
O seu amor dura sempre;
por xeracións a súa fidelidade.
gi Nós sómo-lo seu pobo e ovellas do seu rabaño.

Preces

Xesús, o Señor, que é a nosa alegría e a nosa forza, chama a tódolos homes a si, para que os que estean Gansos e abourados, permanecendo no seu amor, encontren nel alivio e consolo. Invoquémolo, pois, dicindo:

– Atráenos cara a ti, Señor.

Ti que e-la vida de tódolos que redimiches co teu sangue.

– Atráenos cara a ti, Señor.

Ti que e-la fortaleza dos débiles e o premio dos fortes.

– Atráenos cara a ti, Señor.

- * Ti que pasaches facendo o ben e curando a todos. -
Atráenos cara a ti, Señor.
- * Ti que nos mánda-lo Espírito Defensor, para que nos fortaleza.
- Atráenos cara a ti, Señor.
Ti que puxéche-la fonte da verdadeira alegría n_e,
amor a ti e ós irmáns.
- Atráenos cara a ti, Señor.
- * Ti que escóita-las nosas pregarías, para que a nosa alegría sexa completa.
- Atráenos cara a ti, Señor.
- * Ti que queres que, unidos a ti, teñamos un mesmo pensar e un mesmo sentir. -
Atráenos cara a ti, Señor.

Oración

Señor, loámoste sen cesar,
porque todo o dispós de maneira admirable
e moderas con sabedoría o traballo e as ocupacións
dos homes,
concedéndolles un tempo de descanso
e honesta recreación,
para repouso dos seus corpos
e alivio das súas mentes.
Imploramos, Señor, a túa clemencia,
para que este lugar cumpra debidamente

3 súa misión,
favoreza o ocio e o recreo do espírito
e asegure a saúde do corpo e da mente,
de maneira que os que veñan aquí
se enriquezan mutuamente cun trato fraterno
e xuntos te loen con alegría.
Por Cristo, noso Señor.
IV Amén.

Remate

Deus, que ilumina as nosas mentes
e repón as nosas forzas corporais
dirixa tódalas nosas accións,
para que teñamos, cada día con máis plenitude,
a alegría do corazón e a concordia das nosas vontades.
R/ Amén.
E a bendición de Deus todopoderoso, Pai, Filio +
e Espírito Santo descenda sobre vos.
R/ Amén.

11. BENDICIÓN DUN COCHE

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.
R/ Amén.

O Señor que é o camiño, a verdade e maila vida,
sexa convosco.

R/ E contigo, tamén.

Monición

Cristo, o Filio de Deus, veu ó mundo para reunir
ós que estaban separados. Polo tanto, todo aquilo que
contribúe a que os homes se unan entre si está
conforme cos desígnios de Deus, xa que as cons-
trucción de novas vías de comunicación e o progreso
técnico nos transportes minguan as distancias
existentes e suprimen a separación que existe entre os
pobos por culpa dos montes e dos mares.

Pidámoslle ó Señor que bendiga ós que traballie-
ron na construción desta obra e protexa coa axuda a
aqueles que a van usar.

Palabra de Deus

Xn 14, 6-7

Xesús respondeulle:

-Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén
chega onda meu Pai máis ca por min. Se me coñece-
rades, coñeceríades tamén a meu Pai; aínda que xa
dende agora o coñecedes e o tendes visto.

Salino responsorial

Sal 25, 4-5. 9-10. 12-13

V/ Móstrame, Señor, os teus camiños,
ensíname as túas sendas,
diríxeme na túa verdade, apréndeme,

pois ti es, Deus, o meu salvador
e estoute a esperar todo o día.

R/ Meu Deus, en ti confío.

V/ Dirixe os xustos no xuízo
e móstralles ós humildes o viciro.

Os camiños do Señor son todos amor e lealdade,
para os que gardan a súa alianza e as lúas instruc-
cións.

R/ Meu Deus, en ti confío.

V/ ¿Quen é o que teme ó Señor? El ensínalle o cami-
ño que ha elixir: pasará a vida con ben, herdarán a
terra os seus fillos.

R/ Meu Deus, en ti confío.

Preces

Unámo-las nosas voces para invocar con humil-
dade a Xesucristo, o Señor, que é o camiño que nos
leva á patria definitiva.

- Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

* Xesús, Señor, que ó facerte home quixeches convi-
vir cos homes: concédenos, coa axuda da túa pre-
sencia constante, carniñar felizmente polo camiño
do teu amor.

- Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

* Xesús, Señor, que percorría-las poboacións anun-
ciando o teu Evanxeo e curando os enfermos: con-

tinúa pasando polas nosas prazas e rúas e con tanos coa túa misericordia.

– Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

* Xesús, Señor, que te presentaches ós discípulos cando navegaban polo mar e libráchelos do perigo, asístenos sempre nas tempestades deste mundo.

– Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

Xesús, Señor, que te fixeches compañeiro de camiño dos teus discípulos: bendí os nosos pasos e inflama o noso corazón coa túa palabra.

– Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

Xesús, Señor, que ó subires ó ceo nos abríche-lo camiño a nós: ampáranos durante a nosa peregrinación na terra, ata que cheguemos á casa que o teu Pai nos ten preparada.

– Guía, Señor, os nosos pasos polo teu camiño.

Oración

a) *a) Bendición dunha ponte, unha rúa ou estrada. unha praza, un porto.*

Deus, ti estás preto
de tódolos que están entregados ó teu servicio
e vixías con solicitude de Pai
polos que confían en ti.
Dígnate preceder coa túa gracia

e seguir

preto coa túa compañía

tódolos que pasen por esta rúa (estrada, praza, porto).

Fai que, coa túa protección,

venzan tódalas dificultades da vida,

vexan cumpridos os seus desexos

e chegen con felicidade ó lugar do seu destino.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

b) *Bendición dun coche*

Deus todopoderoso, creador do ceo e mais da terra,

tía túa grande sabedoría,

encomendácheslle ó home facer

cousas grandes e fennosas.

Pedímosche polos que usen este coche:

que percorran o seu camino

con cautela e seguridade,

que eviten toda imprudencia para os outros,

e tanto se viaxan por pracer coma por necesidade,

experimenten sempre a compañía de Xesucristo.

Que vive e reina contigo por sempre eternamente.

R/ Amén.

Remate

Que o Señor vos guíe nos vosos desprazamentos
para que fagades en paz o voso camiño
e cheguedes á vida eterna.

R/ Amén,

E a bendición de Deus todopoderoso,

Pai, Filio, +

e Espírito Santo descenda sobre vós.

R/ Amén,

12. BENDICIÓN DO BELÉN

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

A gracia e maila paz de Deus, noso Pai,
que tanto amou o mundo
que He entregou a seu Filio,
sexa con todos vós.

R/ E contigo, tamén.

Monición

Irmáns: A imaxe de Xesús no presebe axudaranos a recorda-los misterios que celebramos estes días na liturxia. Pidamos, pois, a Deus Pai, que, cando miremos este Belén, o nacemento avive a nosa fe no seu Filio, que se fixo home para dárno-la súa vida. **palabra de Deus** Lc 2, 4-7a

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Na-

z3ré, ata Xudea, á vila de David, chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu filio primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira.

Preces

Adoremos a Cristo, que se abaixou a si mesmo e tomou a condición de escravo, probado en todo coma nós, menos no pecado, e pidámoslle con fe ardente, dicindo:

- Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que redimiches.

* Ti que ó entrases no mundo comezáche-lo tempo novo anunciado polos profetas: fai que a túa Igrexa se rexueneza sempre.

—Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que redimiches.

* Ti que asumíche-las debilidades dos homes: dignate ser luz para os cegos, forza para os débiles, consolo para os tristes.

—Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que redimiches.

- * Ti que naciches pobre e humilde: olla con amor ós pobres e dígñate consolalos.
– Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que rediches.
- * Ti que polo teu nacemento anuncias a todos a alegría dunha vida sen fin: alegre ós agoniantes coa esperanza dun nacemento eterno.
– Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que redimiches.
- * Ti que te fixeches home para que tódolos homes acollesen a salvación de Deus: acórdate das familias que viven na soidade e na dor e fai que sintan o consolo de saberse fillos da gran familia de Deus.
– Polo teu nacemento axuda, Señor, ós que redimiches.

Oración

Señor, Deus, noso Pai,
tanto amáche-lo mundo
que nos entregáche-lo teu Filio único,
nacido de María, a Virxe.
Dígnate bendicir + este nacemento
e a comunidade cristiá que está aquí presente,
para que as imaxes deste Belén
axuden a afondar na fe

ós adultos e ós nenos.
Por Xesucristo, teu Filio, que vive e reina
por sempre eternamente.
R/ Amén.

Remate

Deus, Pai todopoderoso,
que no nacemento do seu Filio
nos amosou a súa misericordia,
vos bendiga + e vos garde no seu amor.
R/ Amén.

13. BENDICION DA ÁRBORE DE NADAL

A Nosa axuda está no nome do Señor.
R/ El fixo o ceo e malla terra.

Palabra de Deus

Is 60, 13

A riqueza do Líbano virá a ti, o ciprés, o amieiro
e o buxo xuntos, para adorna-lo lugar do meu santuario,
o lugar onde eu piso cos meus pés.

Oración

Bendito sexas, Señor Pai noso,
que nos concedes recordar con fe,

nestas festas de Nadal,
os misterios do nacemento de Xesucristo.
Concédenos, ós que adornamos esta árbore
e a embelecemos con luces,
vivir tamén á luz
dos exemplos da vida santa do teu Filio
e sermos enriquecidos coas virtudes
que refulxen na súa santa infancia.
Gloria a el por sempre eternamente.
R/ Amén.

14. BENDICIÓN DOS ANIMÁIS

V/ A nosa axuda está no nome do Señor. R/
El fixo o ceo e maila terra.

Palabra de Deus Xen 2, 20a

O home púxolles nomes ós animais domésticos, ós
paxaros do ceo e ás feras do monte.

Salino 8, 7-9a

Décheslle mando sobre as obras das túas
mans, puxéchelo todo ós seus pés:
rabaños de ovellas e touros,
o mesmo as bestas do monte os
paxaros do ceo e os peixes do mar.

Oración

Deus, ti fixéchelo todo con sabedoría e,
despois de crea-lo home á túa imaxe,
décheslle, coa túa bendición,
o mando sobre tódolos animais.
Estende a túa man con benevolencia
e concédenos que estes animais nos sirvan de axuda
e que nós, servidores teus,
axudados cos bens presentes,
busquemos con máis confianza os futuros.
Por Cristo, noso Señor.
R/ Amén.

*(O ministro asperxe con auga bendita ós presentes e ós
animais)*

15. BENDICIÓN DOS CAMPOS E TERRAS DE CULTIVO

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

Deus, que é admirable nas lúas obras,
sexa convosco.

R/ E contigo, tamén.

Monición

Bendíganos a Deus, que co seu poder creou a terra e coa súa providencia a enriquece, déullela ós homes para que a cultivasen e tirasen dela os froitos cos que soste-la súa vida. Ó mesmo tempo que damos grazas a Deus pola súa xenerosidade, deprendamos tamén, conforme ás palabras do Evanxeo, buscar sobre todo o reino de Deus e a súa xustiza, xa que entón todo o que precisamos darásenos de máis a máis.

Palabra de Deus Xen I, 1.11-12. 29-31

Ó principio de crear Deus o ceo e a terra, mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie. E así foi. A terra xermolou herba verde, plantas coa súa semente, árbores que daban froito, cada unha coa súa semente. E viu Deus que estaba ben.

E díxolles aínda: -Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas árbores que dan froito coa staa propia semente: serviranvos para a mantenza.

Ás feras todas no monte, ós paxaros do ceo e ós reptíles que viven na terra déulle-la herba para a mantenza. E fixose así. Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo.

Salino responsorial Sal 104, I-2a. 14-15 . 24. 27-28

V/ Alma miña, bendí ó Señor

Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
envolto de luz coma dun manto

R/ A terra está chea das túas criaturas.

V/ Ti fas xermolar herba para o gando,

e plantas para o uso dos homes,
para que da terra saquen pan

e viño que alegra o corazón do home;

para que co aceite fagan brilla-lo seu rostro
e co pan repoñan as forzas.

R/ A terra está chea das túas criaturas.

V/ ¡Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!

A terra está chea das Lúas criaturas.

R/ A terra está chea das Lúas criaturas.

V/ Todos agardan de ti

que lles botes comida ó seu tempo.

Cando a botas, atrápana;

ábrela man, e Pártanse de bens.

R/ A terra está chea das túas criaturas.

Preces

Deus providente, Pai de todos, preocupaste gari-
mosamente polos seus fillos, mantenos e protéxeos,

bendicindo a terra para que dea os froitos que sustenten ó honre. Invoquémolo con espírito filial, dicindo:

- Escóitanos, Señor.
- * Ti que polo apóstolo Paulo nos chamaches campo de teu: fai que, cumprindo en todo momento a túa vontade, vivamos sempre unidos a ti.
 - Escóitanos, Señor.
- * Ti que nos ensinaches que somos sarmentos daquela vide que é Cristo: fai que permanecendo no teu Filio, deamos froito abondoso.
 - Escóitanos, Señor.
- * Ti que bendi-la terra e a enriqueces sen medida: fai que os nosos campos, coa túa bendición, produzan o alimento que precisamos.
 - Escóitanos, Señor.
- * Ti que multiplica-lo trigo, co que nos dá-lo noso pan de cada día e o alimento da Eucaristía: concédenos colleitas abondosas co orballo do ceo e a fertilidade da terra.
 - Escóitanos, Señor.
- Ti que aliménta-los paxaros do ceo e viste-los liños do campo: ensínanos a non estarmos angustiados pensando no que irnos comer ou no que irnos vestir, senón a buscar sobre todo o teu reino e a túa xustiza.
 - Escóitanos, Señor.

Oración

Señor, Pai santo,
 ti mandácheslle ó borne
 que gardase e cultivase a terra.
 Pedímosche con humildade
 que nos conceda sempre colleitas abondosas,
 deas fertilidade ás nosas herdades
 e, afastando dos nosos campos
 as treboadas e os pedrazos,
 poidan xermola-las sementes con abundancia.
 Por Cristo, noso Señor.
 R/ Amén.

Remate

Deus, fonte de tódolos bens,
 vos bendiga + e dea fecundidade ó voso traballo,
 para que poidades alegrarvos dos seus dons
 e pregoar sempre as súas loanzas.
 R/Amén.

(O sacerdote asperxe con auga bendita ós presentes e ós campos)

16. BENDICIÓN NA PRESENTACIÓN DOS NOVOS FROITOS

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

O Deus altísimo que creou o ceo e maila terra sexa convosco.

R/ E contigo, tamén.

Monición

A Igrexa ofrece o sacrificio eucarístico sobre todo para dar gracias polos favores recibidos de Deus, prolonga tamén ás diversas horas do día as loanzas ofrecidas na celebración da Eucaristía, ensinándonos deste xeito que ternos que vivir sempre en continua acción de gracias.

Bendígamos, pois, ó Señor, que unha vez máis nos concede nestes novos froitos os bens da terra. E, como Abel ofrecía a Deus as primicias da terra, así tamén nós ternos que aprender a comparti-los dons de Deus cos irmáns necesitados, para nos comportar coma verdadeiros fillos do Pai de quen proceden tódolos bens en beneficio de todos.

Palabra de Deus

Feit 14, 15b- 17

Deus fixo o ceo, a terra, o mar e todo o que hai neles. Nas xeracións pasadas permitiu a tódalas na

cións seguiren os seus propios camiños; pero nin por iso deixou de dar testemuño de si coa súa regalía, dándovos chuvias e estacións fructíferas, enchendo de mantenza e de alegría os vosos corazóns.

salmo responsorial

Sal 67, 2-3.5.7-8

V/ Deus se apiade de nós e nos bendiga,
móstreno-la luz da súa presenza.

Que se coñezan na terra os seus camiños
e en tódolos pobos a súa salvación.

R/ O agro dá os seus foitos,
bendíno-lo noso Deus.

V/ Alégrense e canten as nacións,
porque ti gobierna-los pobos rectamente
e guías na terra as nacións.

R/ O agro dá os seus froitos,
bendíno-lo noso Deus.

V/ O agro dá os seus froitos,
bendíno-lo noso Deus.

Que Deus nos bendiga e que o teman
os confíns todos do mundo.

R/ O agro dá os seus froitos,
bendíno-lo noso Deus.

Preces

Cando pedimos ó Señor a súa bendición, con acción de grazas, polo traballo das nosas mans, non esquezamos que na nosa vida temos que dar froitos de xustiza. Presentemos, pois, a Deus as nosas preces, dicindo:

- 011a, Señor, o froito do noso traballo.

* Deus providentísimo, que con paternal precisión nos dá-lo alimento colleitado da terra: fai que estes froitos que colleitamos coa suor da nosa fronte sirvan para mantenza da nosa vida e para desenvolvemento da nosa persoa.

- 011a, Señor, o froito do noso traballo.

* Ti que por medio de Xesucristo, o teu Filio, nos enchiches de froitos de xustiza: concédenos que, permanecendo nel, participemos da súa plenitude da vida e deamos froito abundoso.

- 011a, Señor, o froito do noso traballo.

* Ti que, na Eucaristía, te serves do pan e mais do viño, froito do noso traballo, coma signos do sacramento da nosa fe: concédenos que estes dons que na mesa do teu Filio separamos para ti manteñan a vida da Igrexa.

- 011a, Señor, o froito do noso traballo.

* Ti que desexas que os teus fillos participen por igual de tódolos bens: fai que os necesitados poidan gozar dunha vida sen angustias nin preocupacións e vivan entregados á túa loanza. - 011a, Señor,

o froito do noso traballo.

Oración

Deus e Señor noso, creador de tódalas cousas, co orballo do ceo e a fertilidade da terra, ti concédesnos colleitas abundosas.

Dámosche grazas polos froitos que temos colleitado

e, xa que por estes dons,

recibidos da túa xenerosidade,

(umpríche-los desexos dos teus fieis,

concédenos loarte sen cesar

pola túa misericordia.

Que o gozo destes bens temporais

nos anime a buscar os interese eternos.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Ou ben.

implorámo-la túa bondade, Deus todopoderoso, para que multiplique-las rúas bendicións sobre os froitos da terra,

distribuíndo a seu tempo os ventos e as chuvias.

Que o teu pobo poida darche grazas sempre

polos teus dons, os famentos se farten dos teus bens

e os pobres e necesitados,
gracias á fertilidade da terra,
poidan loa-la gloria do teu Nome.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

Remate

Bendígamos ó Pai, e ó Filio e ó Espírito Santo.

Cantémoslle con himnos por sempre eternamente.

R/ Amén.

17. BENDICIÓN DA MESA

a) *Antes do almorzo*

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.

R/ Amén.

V/ Todos esperan que lles deas comida ó seu tempo.

R/ Dásllela e recíbena; abréslle-la túa mesa e fártanse de bens.

V/ Invoquemos ó Pai, que vivía sempre polos seus fillos.

Noso Pai que estás no ceo, santificado sexa o teu nome...

Teu é o reino, teu o poder e maila gloria por sempre. Amén.

V/ Bendinos +, Señor, a nós e a estes dons teus que irnos tornar e que recibirnos da túa xenerosidade.

Por Cristo, noso Señor.

11/ Amén.

b) *Despois do almorzo*

V/ Tódalas túas creaturas che dean gracias, Señor.

R/ Que te bendigan os teus fiéis.

V/ Dámosche gracias, Deus todopoderoso, por todos os teus beneficios. Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

R/ Amén.

V/ Señor, a tódolos que por amor a ti se fixeron nosos benfeitores, dignate recompensalos coa vida eterna.

R/ Amén.

c) *Antes da cea*

No nome do Pai, e do Filio, e do Espírito Santo.
Amén.

V' Os desvalidos comerán ata fartárense, loarán ó Señor os que o buscan.

R Viva o seu corazón por sempre.

V' Invoquémo-lo Señor, que nos dá o pan de cada día.

R/ Noso Pai que estás no ceo, santificado sexa o teu nome...

Teu é o reino, teu é o poder e a gloria por sempre, Señor.

Amén.

V/ Protéxenos, Señor, noso Deus, e concédeno-lo sustento que necesita a nosa debilidade.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

d) *da cea*

V/ Fixo marabillas memorables; o Señor é piadoso e clemente.

R/ El dalles alimento ós seus fieis.

V/ Fartámonos, Señor, cos bens que nos deches; cólmanos tamén da túa misericordia.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente. R/
Amén.

18. BENDICIÓN COMÚN

V/ A nosa axuda está no nome do Señor. R/

El fixo o ceo e maila terra.

V/ O Señor sexa convosco. R/ E contigo, tamén.

Oración

¡Deus!

a túa palabra santifica tódalas cousas.

Verte + a túa bendición

sobre este obxecto (esta creatura)

e concédelles ós que o van usar

saber darche gracias sempre,

obedece-los teus mandados e cumpri-la túa vontade,

para, pola invocación do teu santo Nome,

poder acada-la saúde do corpo

e maila protección da alma.

Por Cristo, noso Señor.

R/ Amén.

ÍNDICE

LIMIAR	7
I. AS ORACIÓNS XERAIS	
1. 0 sinal da Cruz	13
2. 0 noso Pai	13
3. Ave María	14
4. Gloria ó Pai	14
5. Credo	14
6. A confesión	15
7. 0 acto de contrición	16
8. A Salve Raíña	16
9. Á nosa Señora	17
10. A san Xosé	18
11. Ó Anxo da Garda	18
12. Angelus	18
13. Regina coeli	19
14. Oración para bendici-la mesa	20
15. Pola Igrexa universal	20
16. Pola Diocese	21
17. Polo Papa	22
18. Polo Bispo	22
19. Polos Sacerdotes	23
20. Polas vocacións sacerdotais	23

21. Polos Religiosos/as	24	6. Na Paixón do Señor:	
22. Polos laicos	24	a) Domingo de Ramos	69
23. Yola unidade dos cristiáns	25	b) Xoves Santo.....	69
24. Pola evanxelización dos pobos	25	c) Venres Santo.....	70
25. Polos que gobernan.....	26	7. Tempo pascual:	
26. Pola Paz.....	26	a) Vixilia pascual.....	70
27. No tempo da sementeira.....	26	b) Domingo pascual.....	71
28. Para despois da colleita.....	27	8. Tempo ordinario	73
29. Para pedi-la chuvia	27		
30. En calquera necesidade.....	28		
H. ORACIÓNS TRINITARIAS		V. A SANTA MISA	
1. A Deus Pai, Fillo e Espírito Santo.....	31	1. 0 Ordinario da Misa.....	77
2. A Deus Pai e ó seu Fillo	32	2. Oración para antes e despois da Misa.....	89
3. A Deus Pai.....	33		
4. A Xesucristo	34	VI. ORACIÓNS PARA A ADORACIÓN DO SANTÍSIMO	
5. Ó Espírito Santo	36	1. Adoro te devote.....	103
ORACIÓNS DA MANÁ E DO SERÁN		2. Oracións despois da bendición.....	104
1. Oración da maná (Laudes).....	41	3. Ubi caritas et amor.....	105
2. Oración do serán (Vésperas)	51	4. Antífonas	106
		5. Oracións	106
		6. Cantemos ó amor (versión galega).....	107
TV ORACIÓNS PARA OS TEMPOS LITÚRXCICO		VII. OUTROS SACRAMENTOS	
1. Advento	65	1. Bautismo dun neno en perigo de morte	111
2. Nadal	66	2. Sacramento da Penitencia.....	114
3. Epifanía	67	3. Rito da Penitencia (tipo A) para reconciliar un só penitente	120
4. Bautismo do Señor	67	4. A Comunión levada a un enfermo.....	123
5. Coresma.....	68	5. A Confirmación en perigo de morte	126

6. A Unción dos enfermos en perigo de morte (sen viático)	127	5. Bendición da primeira estrutura dunha casa.....	328
7. A Unción dos enfermos "sub conditione"	130	6. Bendición dunha nova casa.....	332
8. Indulxencia plenaria.....	131	7. Bendición dunha estola nova.....	336
9. Recomendación da alma	132	8. Bendición dun novo hospital.....	341
VIII. CAMIÑO DA CRUZ (Vía crucis).....	135	9. Bendición dunha tenda, comercio ou un taller	346
IX. CAMIÑO DA LUZ (Vía lucis)	147	10. Bendición de instalacións deportivas	351
X. DEVOCIÓNS A SANTA MARÍA		11. Bendición dun coche	355
1. O Santo Rosario	177	12. Bendición do Belén.....	360
2. Novena á Virxe María	192	13. Bendición da árbore de Nadal	363
XI. DEVOCIÓNS ÓS SANTOS		14. Bendición dos animais	364
1. Novena a un Santo/a	227	15. Bendición dos campos e terras de cultivo	365
2. Himno ó Apóstolo Santiago	259	16. Bendición na presentación dos novos fritos	370
XII. DEVOCIÓNS ÓS DEFUNTOS		17. Bendición da mesa	374
1. Pregaría familiar por un defunto.....	263	18. Bendición común	376
2. Vixilia de oración na casa do defunto	267		
3. Novena polos feis defuntos (de ánimas)	273		
XIII. ALGUNHAS BENDICIÓNS DE PERSOAS E COUSAS			
1. Bendición dunha familia	315		
2. Bendición dos esposos	319		
3. Bendición dos fillos	323		
4. Bendición da muller despois do parto.....	326		

Este libro,
ORACIONAL GALEGO
rematouse de imprentas
nos talleres de
Obradoiro Gráfico, S. L.,
no Políg. Ind. do Rebullón, 52-D de Mos,
o día 24 de decembro de 2003,